**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**
**Sesión do 11 de xullo de 2005**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

Dª. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
Dª. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Ignacio López-Chaves Castro.
Dª. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
Dª. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTE:**

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e corenta e cinco minutos do día once de xullo de dous mil cinco e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o concelleiro Sr. Couto Pérez, o secretario xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, e o interventor xeral, Sr. Carnero González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(815).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións ordinaria do 13 de xuño, extraordinaria do 17 de xuño e ordinaria do 20 de xuño de 2005. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa–presidenta.

**2(816).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 308/200 INTERPOSTO POR Dª INMACULADA LÓPEZ FERNÁNDEZ CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE. 1030836268).ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 25.04.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto pola recorrente fronte a resolución sancionadora na contía de

45,07 € por infracción do artigo 94.1.d) Regulamento xeral de circulación e artigo 39.2 Lei de seguridade vial, por estacionar en cruzamento, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso administrativo interposto por INMACULADA LÓPEZ FERNÁNDEZ, no proceso abreviado nº 308/ 04 fronte ao Concello de Vigo, contra o acto administrativo arriba indicado que declaro contrario o dereito. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Seguridade e Mobilidade.

**3(817).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 341/2004 INTERPOSTO POR D. PABLO DOFORNO GARCÍA CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE. 1040941299). DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 16.05.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución do concelleiro de Seguridade do Concello de Vigo de 28.04.04, desestimatoria de recurso de reposición interposto no seu día fronte á sanción de 92 € por infracción do artigo 39.2 da Lei de seguridade vial. O Xulgado falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por PABLO DOFORNO GARCÍA., no proceso abreviado nº 341/04 fronte ao Concello de Vigo, contra a resolución indicada, que se declara conforme o dereito.Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Seguridade e Mobilidade.

**4(818).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 297/04 INTERPOSTO POR Dª CARLOS BUENO REY CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. PRESCRITO.**

Dáse conta da sentenza de data 23.03.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso administrativo interposto por CARLOS BUENO REY, contra a resolución de 06.08.04 do Concelleiro delegado de Seguridade desestimatoria do recurso de reposición interposto polo recurrente fronte á resolución de 17.12.03 pola que se impón unha sanción de 45 € por infracción do artigo 11.3.la Lei de seguridade vial e artigo 18.1 do Regulamento xeral de circulación por

conducir utilizando un móbil, polo que declaro dito acto contrario o Dereito. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Seguridade e Circulación.

**5(819).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 337/2004 INTERPOSTO POR Dª IBERPLAS, S.L. CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE.1039891807). DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 01.06.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución dictada polo Concello sobre supuesta infracción do artigo 72.1 da Lei de seguridade vial, por non identificar ao conductor do vehículo sendo requerido para iso. O Xulgado falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por IBERPLAS, S.L., fronte ao Concello de Vigo, no procedemento abreviado nº 337/ 04 contra a resolución arriba indicada, que declaro conforme o dereito. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento Municipal de Seguridade, Tráfico e Transportes.

**6(820).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 294/2004 INTERPOSTO POR CAJASUR RENTING, S.A. CONTRA DESESTIMACIÓN DE REC. REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA SRA. FERNÁNDEZ VALES, EN REPRESENTACIÓN DE CAJASUR RENTING, S.A. CONTRA A RESOLUCIÓN POLA QUE SE TIVO POR DESISTIDA A RECORRENTE EN PETICIÓN DE RECLAMACIÓN DOS DANOS. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 18.04.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por CAJASUR RENTING, S.A., fronte a resolución de 30.07.04 desestimatoria de recurso de reposición interposto fronte o decreto de 19.05.04 polo que se arquiva o expedente seguido co nº 113/243 de 2004 ao ter por desistida á solicitante. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

**7(821).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 268/2004 INTERPOSTO POR Dª CARMEN RODRÍGUEZ AMOEDO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE POR DANOS. ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 25.04.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra desestimación presunta do Concello de Vigo, en expediente nº 36/243 de 2004 (responsabilidade patrimonial), da reclamación formulada pola recorrente en data 15.01.04 polos danos e prexuízos sofridos con motivo do accidente sofrido polo seu vehículo en data 15.01.03 na contía de 737,10 €. A sentenza falla o seguinte:

Estimando o presente recurso contencioso administrativo (P:A. 268/04) interposto por CARMEN RODRÍGUEZ AMOEDO, fronte ao Concello de Vigo, declaro o acto obxecto do mesmo contrario o Dereito, con condea ao Concello, a indemnizar á recurrente, polos danos e prexuízos en concepto de responsabilidade patrimonial, na cantidade de 737,10 € con aplicación dos xuros legais correspondentes dende a data da reclamación formulada en vía administrativa, o día 15.01.04. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Patrimonio e Intervención.

**8(822).- SENTENZA TSXG NO REC. DE APELACIÓN Nº 02/5143/2001 INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA EN RELACIÓN CON RECLAMACIÓN DE DÉBEDA DA TESOURERÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 17.03.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimar o recurso de apelación interposto polo CONCELLO DE VIGO contra sentenza de Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, pola que se desestima o recurso interposto contra resolución do Director Provincial de Pontevedra da TGSS, sobre a reclamación de débeda nº 36/00/11106762 (12/99) de 19.4.00, con imposición ao apelante das costas devengadas nesta segunda instancia.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Persoal.

**9(823).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5005/01 INTERPOSTO POR D. CARLOS VILLAR FREIRIA CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. (EXPTE. 13523/240/2000). ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 28.04.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que, con estimación do recurso contencioso administrativo interposto por CARLOS VILLAR FREIRIA, contra desestimación presunta da reclamación formulada en data 31.10.00, para o pagamento da cantidade de 108.154 ptas., declaramos como contrario o dereito o resolto ao respecto por tal entidade municipal, e recoñecemos o dereito do recorrente a ser indemnizado polo Concello demandado na cantidade de 108.154 ptas (hoxe o seu equivalente en euros), mais os xuros que correspondan dende a data da primeira reclamación, o día 31 de outubro de 2000, todo iso sen especial mención en canto ao pagamentos das custas procesuais do mesmo.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

**10(824).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/5022/01 INTERPOSTO POR Dª CELSA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ CONTRA RESOLUCIÓN QUE INADMITE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS.(EXPTE. 13914/240/2001). ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 07.04.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos o recurso contencioso administrativo interposto por CELSA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ contra a resolución de data 26.07.01 do Concello de Vigo pola que se inadmitíu a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola actora polas lesións sofridas ao cair o 06.11.00 na rúa Manuel Núñez, e anulamos dito acto por ser contrario a Dereito; y condenamos á Administración demandada a que indemnice á actora na cantidade de 1.286,26 €, incrementada cos xuros dende o 22.02.01. Sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta o departamento de Patrimonio.

**11(825).- SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 01/0857/03 INTERPOSTO POR D. JOSE CARLOS CONDE FERNÁNDEZ CONTRA DESESTIMACIÓN POR SILENZO ADMINISTRATIVO DE RECLAMACIÓN DE REPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR MAL FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS. ESTIMADO PARCIALMENTE O RECURSO.**

Dáse conta da sentenza de data 04.05.05 dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que, estimando en parte o recurso contencioso-administrativo interposto por JOSE CARLOS CONDE FERNÁNDEZ contra a desestimación por silenzo administrativo por parte do Concello de Vigo á solicitude deducida polo actor, en data 10.04.03, en reclamación de responsabilidade patrimonial da Administración por deficiente funcionamento dos servizos públicos, debemos anular e anulamos o acto recorrido por ser contrario ao ordenamento xurídico e, en consecuencia, declaramos que o Concello demandado debe proceder á conclusión e arquivo de expediente disciplinario incoado ao demandante por Decreto da Alcaldía de 25.06.96, sen que quede constancia algunha del no expedente persoal do actor, igualmente deberá indemnizar ao recorrente, polas diferencias retributivas correspondentes ao período no que permaneceu provisionalmente suspendido en funcións, na cantidade de 500 €; no demáis e en canto ao exceso económico postulado desestimase a demanda rectora, todo iso sen facer imposición de custas procesais.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos departamentos de Seguridade e Mobilidade, Persoal e Patrimonio.

**12(826).- SENTENZA DA AUDIENCIA PROVINCIAL SECCIÓN SEXTA NO REC. APELACIÓN Nº 3027/05 INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA SENTENZA DO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA Nº 1 DE VIGO, EN RELACIÓN COA DE NULIDADE DOS CONTRATOS DE COMPRA-VENDA SOBRE PARCELA LAVADOIRO SITA EN GANDARÓN LAVADORES. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 29.04.05 dictada pola Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra, no recurso de referencia, interposto polo Concello de Vigo contra sentenza do Xulgado de Primeira Instancia nº 1, desestimatoria da demanda interposta polo Concello de nulidade dos contratos de compravenda contidos nas escrituras públicas de data 12 de xuño e 12 de xullo de 2001, concluídos polos demandados, sobre parcela-lavadoiro sita en Gandarón Lavadores, inventariada como ben municipal. A sentenza falla o seguinte:

Desestimando o recurso de apelación interposto polo procurador BENITO ESCUDERO ESTEVEZ, en nome e representación do Concello de Vigo, contra a sentencia de data 17.09.04, dictada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 1 de Vigo, confirmamos a mesma con imposición á parte apelante das costas procesuais do recurso.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

**13(827).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 234/2004 INTERPOSTO POR D. ALFONSO PAZÓ IGLESIAS CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. DECLARACIÓN DE INCOMPETENCIA XURISDICCIONAL.**

Dáse conta do auto de data 05.04.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declarase a incompetencia desta xurisdicción contenciosa para o coñecemento do asunto obxecto do presente recurso, por entender competente para o seu coñecemento a orde xurisdicional civil.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, da que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

**14(828).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 226/2004 INTERPOSTO POR Dª. OLGA VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. REMATADO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.**

Dáse conta do auto de data 23.05.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que declara rematado o presente procedemento interposto por OLGA VAZQUÉZ DOMINGUEZ contra o Concello de Vigo por existir satisfacción extraprocesual. Arquívese o actuado, procédase á devolución do expediente administrativo. Sen imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

**15(829).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 19/2005 INTERPOSTO POLA XUNTA DE GALICIA CONTRA RESOLUCIÓN DO CONCELLO DE VIGO SOBRE NOTIFICACIÓN DE ALTA OU VARIACIÓN NO PADRÓN DO IBI DE NATUREZA URBANA 2004. REMATADO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL**.

Dáse conta do auto de data 02.06.05, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Declárase rematado o presente procedemento interposto pola Xunta de Galicia contra o Concello de Vigo por existir satisfación extraprocesual. Arquívese o actuado tomándose nota nos libros rexistro deste Xulgado, procédase á devolución do expedente administrativo á demanda.Sen imposición de Custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

**16(830).- AUTO DO X. DA AUDIENCIA PROVINCIAL NO REC. APELACIÓN Nº 3040/05 INTERPOSTO POR D. ANTONIO GONZÁLEZ RIAL CONTRA AUTO DO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA Nº 1 DE VIGO EN RELACIÓN COA RECLAMACIÓN DE DANOS POR USURPACIÓN DE TERREOS NA PARROQUIA DE CANDEÁN. DESESTIMADO.**

Dáse conta do auto de data 6.05.05, dictada pola Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra, sede en Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimando o recurso de apelación interposto polo procurador RAUL IGLESIAS LODOS en nome e representación de ANTONIO GONZÁLEZ RIAL, contra o auto de data 06.10.04, dictado polo Xulgado de 1ª Instancia nª 1 de Vigo, confirmamos o mesmo con imposición, á parte apelante, das custas procesuais do recurso.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

**17(831).- AUTO DO X.DE 1ª INSTANCIA Nº 11 DE VIGO NO PROCEDEMENTO VERBAL Nº 280/05 INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA D. JUAN OTERO SOBRAL POR ACCIÓN DE DESAFIUZAMENTE POR FALTA DE PAGO E RECLAMACIÓN DE CANTIDADES ADEBEDADAS POR ARRENDAMENTO DE LOCAL. REMATADO O XUÍZO.**

Dáse conta do auto de data 24.05.05, dictada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 11 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

1º.- Declárase enervada a acción de desafiuzamento exercitada polo procurador JESÚS GONZÁLEZ PUELLES, en nome e representación do Concello de Vigo fronte a JUAN OTERO SOBRAL sobre o local sito no nº 59 da rúa San Francisco de Vigo.

2º.-Impóñense as custas á parte demandada.

3º.-Declárase rematado o xuízo.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio e Contratación e Patrimonio Histórico.

**18(832).- AUTO DO X.DE 1ª INSTANCIA Nº 10 DE VIGO PROCEDEMENTO VERGAL Nº 281/05 INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA D. ALFREDO ROMÁN VILLAR POR ACCIÓN DE DESAFIUZAMENTE POR FALTA DE PAGO E RECLAMACIÓN DE CANTIDADES ADEBEDADAS POR ARRENDAMENTO DUN LOCAL. REMATADO O XUÍZO.**

Dáse conta do auto de data 19.05.05, dictada polo Xulgado de 1ª Instancia nº 10 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

1º.- Debo declarar e declaro enervada a acción de desafiuzamento por falla de pago interposta polo Concello de Vigo contra ALFREDO ROMÁN VILLAR, sobre o local sito no nº 61 da rúa San Francisco de Vigo.

2º.- Impóñense as custas ao demandado.

3º.-Declárase rematado o xuízo.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio e Contratación e Patrimonio Histórico.

**19(833).- ANULACIÓN DE ADXUDICACIÓNS DE NICHOS E CINCEIROS NOS CEMITERIOS MUNICIPAIS DE PEREIRO, LAVADORES, TEIS E CABRAL. Expte. 4947/255.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe do Servizo de Recursos e Asesoramento do 16.09.04, e de acordo co informe-proposta da xefa de Negociado do Servizo de Cemiterios do 17.10.01, conformado polo xefe do Sector de Acción Social, a Xunta de Goberno local, acorda:

1º.- Revogar os acordos das Comisións de Goberno de datas 3/12/93, 26/05/95, 18/11/94, 19/07/98, 16/02/96, 15/04/94, 30/12/93, 20/01/95, 23/10/97, anulando as adxudicacións de nichos e cinceiros ás persoas e nos cemiterios, que de seguido se sinalarán.

2º.- Que os devanditos nichos e cinceiros queden a disposición do Concello para poder realizar novas adxudicacións.

3º.- Notifíquese os interesados.

| EXPTE. | ADXUDICATARIO | Nº BOCAS | BLOQUE |
|---|---|---|---|

NICHOS NO CEMITERIO DE TEIS

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3405/255 | | | |
| 3550/255 | Mª Luisa Dauzón García | 124 | 15 |

NICHOS NO CEMITERIO DE LAVADORES

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3624/255 | Erlinda Santos Fernández | 98 | 26 |

CINCEIROS NO CEMITERIO  DE LAVADORES

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3549/255 | Mª Angeles Mariño Suàarez | 42 | 20 |
| 4130/255 | Mª Angeles Mariño Suárez | 28 | 16 |
| 3762/255 | Mª Irene Gomes Ortigueira | 37 | 21 |
| 4385/255 | Ignacio  Costas Pereira | 33 | 16 |

CINCEIROS NO CEMITERIO DE TEIS

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3481/216 | Luciano Arias Rodríguez | 2 | 4 Bis |
| 3412/255 | Mª Carmen Rivas Pérez | 45 | 4 Bis |

CINCEIROS NO CEMITERIOS DE PEREIRO

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3568/255 | Roberto García González | 19 | 32 |

CINCEIROS NO CEMITERIO DE CABRAL

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4015/255 | Humberto Otero Cerviño | 36 | bloque  1 |

**20(834).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE NECSO ENTRECANALES CUBIERTAS, S.A. POR IMPORTE DE 963.252,03 € EN CONCEPTO DE REALIZACIÓN DE OBRAS DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DO MARCO. EXPTE. 22/107.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Admón. Xeral do 11.05.05, o informe da interventora xeral, de 2.06.05 e de acordo coa proposta do concelleiro delegado de Asuntos Sociais, do 22.06.05, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aprobar A indemnización substitutoria a favor da entidade NECSO Entrecanales Cubiertas S.A. (CIF A-81638108) na contía de 963.252,03€ en concepto de realización de obras do proxecto de execución do Museo de Arte Contemporánea de Vigo previo consentimento da Dirección facultativa das obras e da Concellería Delegada de Cultura.

2º.-Recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor a Facenda municipal polo importe sinalado, correspondendo a suma de 963.252,03€ á certificación de liquidación do proxecto de construcción do MARCO de xuño de 2003.

3º.-Imputar o gasto polos respectivos importes ao crédito dispoñible na partida 4513.632.00.00 do orzamento vixente.

**21(835).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE NECSO ENTRECANALES CUBIERTAS, S.A. POR IMPORTE DE 1.199.596,55 € E 670.560,75 €, EN CONCEPTO DE REALIZACIÓN DE OBRAS DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA "CASA DAS PALABRAS". EXPTE. 21/107**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Admón. Xeral, do 11.05.05, coa rectificación do 7.07.05, o informe da interventora xeral, de 1.06.05, e de acordo coa proposta do concelleiro delegado de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor da entidade NECSO Entrecanales Cubiertas S.A. (CIF A-81638108) na contía de 1.870.157,30 € en concepto de realización de obras do proxecto de execución da "Casa das Palabras" previo consentimento da Concellería Delegada de Cultura.

2º.-Recoñecer a obriga do gasto a favor do acredor á Facenda municipal polo importe sinalado, correspondendo a suma de 1.199.596,55€ á certificación nº 18 de abril de 2003 e a de 670.560,75 € á certificación nº 19 de maio de 2003.

3º.-Imputar o gasto polos respectivos importes ó crédito dispoñible na partida 4510.622.00.00 do orzamento vixente.

**22(836).-SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA MEIXOEIRO DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DO "XVII GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO" NO BARRIO DO MEIXOEIRO, O DÍA 23 DE XULLO DE 2005. EXPTE. 5318/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 24.06.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o club ciclista Meixoeiro a organizar o vindeiro día 23 de xullo de 2005, a proba ciclista denominada XVII Gran Premio Ciclista Meixoeiro, na que participaran corredores das categorías infantís, alevins e benxamíns, que terá lugar nun circuíto do barrio do Meixoeiro formado polas rúas Avda. Madrid (vella), camiño Tixolo e camiño Meixoeiro, entre as 17:30 h. e as 19:30 h.

**23(837).- SOLICITUDE DA SCRD NAUTILUS DE SAN ANDRÉS DE COMESAÑA DE AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA MARCHA CICLISTA "VII EDICIÓN DO DÍA DA BICICLETA" O 17 DE XULLO DE 2005. EXPTE. 5354/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 24.06.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Sociedade Cultural Recreativa e Deportiva Nautilius de San Andres de Comesaña a organizar o vindeiro día 17 de xullo, a VII edición do Día da Bicicleta, que descorrerá por diferentes rúas de San Andres de Comesaña, con saída e chegada o local social na rúa camiño de Sanín, 54 e o percorrido seguinte: camiño de Sanin, estrada Matamá-Pazo, estrada de Casas, camiño de Rial, camiño Outeiro, camiño do Castro e camiño de Sanín, a partir das 11:00 h.

**24(838).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE PARA O DESENVOLVEMENTO DO DEPORTE LOCAL. EXPTE. 5278/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.05.05 e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 26.04.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio que rexera entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Deporte para a colaboración en materia deportiva.

2º.- Aprobar e dispor do gasto de 24.000 euros a favor da Fundación Vigo Deporte pola realización de programas que se definen no convenio que de seguido se transcribe, este cargo irá con gasto á partida 4521.489.00.07.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO DEPORTE PARA O DESENVOLVEMENTO DO DEPORTE LOCAL*

*REUNIDOS*

*Dunha parte: Dª Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Concello de Vigo.*

*Doutra parte: Dª Lucía Molares Pérez, con D.N.I. 36.070.250 V, Vicepresidenta da Fundación Vigo en Deporte, con C.I.F. G- 36.894.020 e con domicilio social en Rúa Cesáreo González, s/n Vigo.*

*EXPOÑEN*

*PRIMEIRO.- Que a Fundación Vigo en Deporte foi constituída con data 19 de novembro de 2001 e clasificada por Orden da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública de 27 de decembro de 2001 e declarada de interese galego pola mesma Consellería de 4 de febreiro de 2.002, quedando adscrita ó Protectorado da Xunta de Galicia e atopase incluída entre as reguladas na Sección 1ª Capítulo I dó Título II da Lei 30/1.994; ten entre os seus fins fundacionais o fomento do deporte co orixe en Vigo.*

*SEGUNDO.- Que o Concello de Vigo está interesado en colaborar co desenvolvemento do deporte local dentro do marco de actuacións previstas pola Fundación Vigo en Deporte para o ano 2005 en cumprimento dos seus fins fundacionais.*

*En virtude do anteriormente exposto, as partes intervenientes neste documento acordan establecer un marco de colaboración con arranxo ó disposto nas seguintes:*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA: A Fundación Vigo en Deporte, comprometese a proporcionarlle as vantaxes sociais de posibilitar a dinamización de deportistas vigueses a través de eventos e competicións organizadas pola Fundación. Comprometese:*

- *Utilización da imaxe institucional do Concello de Vigo*
- *Publicidade do programas deportivos na Revista Oficial da Fundación.*
- *Publicidade dos programas deportivos na Páxina Web da Fundación.*
- *Imaxe corporativa en panel para Roldas de Prensa para eventos deportivos da Fundación.*
- *Imaxe corporativa dos actos organizados e celebrados na Fundación Vigo en Deporte.*
- *Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da Fundación.*
- *Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos.*
- *Establecer servicios propios de asesoramento, xestión e divulgación no ámbito do deporte de competición , conxuntamente coa concellería de deportes.*
- *Fomentar, estimular e proover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo desta Fundación, conxuntamente coa concellería de deportes.*

*SEGUNDA: Se establece unha comisión de seguimento composta por: o tecnico de deportes D. Vicente Romo Pérez, e o xerente da Fundación Raul Portela.*

*TERCEIRA. Este convenio permanecerá en vigor ate final do ano 2005.*

*CUARTA: a Fundación Vigo Deporte presentara unha memoria durante o mes de novembro onde figurará os aspectos relacionados con este convenio e abonarase a cantidade unha vez expedida a certificación polo técnico de deportes.*

*QUINTA: O Concello de Vigo abonará a Fundación Vigo Deporte a c/c 2080 0065 3 4 0040027966 a cantidade de 24.000 euros unha vez asinado o pago polo director tecnico do IMD para o financiamento das actividades de promoción do deporte na cidade, en virtude deste convenio, este cargo ira contra á partida 4521..489.00.07.*

*SEXTA: O incumprimento de calquera das clausulas deste convenio pode ser denunciada polas partes, sendo facultada a comisión de seguimento para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio*

*Así de conformidade con canto antecede e no exercicio das facultades de que son titulares cada un dos firmantes, subscriben este Convenio:*

**25(839).- PROXECTO "ACTÍVATE"DE FORMACIÓN-EMPREGO, PARA A REALIZACIÓN DE ITINERARIOS DE INSERCIÓN LABORAL NO ÁMBITO DOS SERVIZOS ÁS PERSOAS CON ESPECIAIS NECESIDADES . EXPTE. 3246/077.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 27.06.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*O Secretario de Estado de Organización Territorial do Estado do Ministerio de Administracións Públicas (MAP), por Resolución do 20 de Abril de 2005 aprobou as Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas da Subvención Global do Fondo Social Europeo prevista nos Programas Operativos de Fomento de Emprego (zonas Obxectivo 1 e Obxectivo 3), correspondentes á convocatoria única dos anos 2005-2006.*

*Mediante unha carta de data 21 de Abril de 2005, o Director Xeral para a Administración Local do MAP informa á Alcaldesa do Concello de Vigo que, no marco da cooperación entre a Administración Xeral do Estado e a Administración Local, o MAP é o organismo intermediario na xestión da subvención global (modalidade de intervención do Fondo Social Europeo nos distintos Estados membros) contida no Programa Operativo do Fondo Social Europeo vixente para zonas Obxectivo 1 (PO 2000 ES 051PO017) aprobado por decisión da Comisión da UE , destinada a financiar proxectos que contribúan ao desenvolvemento local de municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, á vez que indica que a citada Dirección Xeral será o órgano directivo competente para a resolución, seguimento e control das axudas que sexan solicitadas. Nas bases reguladoras e demais documentación achegada co citado escrito indícase que "Mediante la subvención global se reforzará la cooperación económica del Estado con las Entidades Locales, con la finalidad de fomentar iniciativas que desarrollen actividades que respondan a necesidades locales generadoras de empleo en el sector de servicios de atención a personas con especiales necesidades, tales como niños, ancianos, personas con minusvalías, enfermos, excluídos sociales o personas en riesgo de exclusión". O Concello de Vigo ten participado, de xeito moi satisfactorio e mediante os proxectos Asiste, Abeiro e Alicerce, nas anteriores convocatorias deste programa.*

*Deste xeito, dende a Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, elaborouse o proxecto que se achega no expediente. Os datos básicos do cal indícase a continuación:*

*DENOMINACIÓN DO PROXECTO: Proxecto "ACTÍVATE"*

*PRINCIPAIS OBXECTIVOS:*

- *Desenvolver itinerarios de inserción laboral para 90 demandantes de emprego do municipio que incluan unha oportunidade de práctica laboral e formación adecuada.*

- *Favorecer a mellora da ocupabilidade de persoas desempregadas prioritariamente mulleres con dificultades de inserción laboral e colectivos en situación o en risco de exclusión social mediante a súa capacitación profesional nos siguientes ámbitos: auxiliar de axuda a domicilio, conductor/a-monitor/a de transporte adaptado y escolar, persoal de apoio en centros socio sanitarios (axudante de cociña, experto en limpeza, lavandería-pranchado), teleoperador/a*

*DURACIÓN: 20 meses*

*ORZAMENTO:*

*XERAL*

*Total: 640.026,67 euros*
*Subvención solicitada (70%): 448.018,67 euros*
*Cofinanciamento municipal (30%): 192.008,00 euros*

*POR ANUALIDADES*

*Ano 2006*

*Total: 481.751,30 euros*
*Subvención solicitada (70%): 337.225,91 euros*
*Cofinanciamento municipal (30%): 144.525,39 euros*

*Ano 2007*

*Total:158.275,36 euros*
*Subvención solicitada (70%): 110.792,75 euros*
*Cofinanciamento municipal (30%): 47.482,61euros*



*Por todo o anteriormente exposto, <u>proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo</u>:*

1. *Aprobar o proxecto "ACTÍVATE", elaborado pola Concellaría de Desenvolvemento Local e Emprego, consistente na realización de itinerarios de inserción laboral no ámbito dos servicios as persoas con especiais necesidades.*
2. *Solicitar á Dirección Xeral de Cooperación local do Ministerio de Administracións Públicas a correspondente subvención para o seu desenvolvemento, no marco do Programa Operativo PO 2000 ES 051PO017, nunha contía estimada en 448.018,67 euros, para o desenvolvemento do proxecto durante os anos 2006 e 2007.*
3. *Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo terá no seu desenvolvemento, consignando, nos orzamentos do ano 2006 e 2007, as correspondentes partidas en contía suficiente para afontar o seu cofinanciamento, estimado en 192.008 euros en total, dos que 144.525,39 euros se consiganarán nos orzamentos de 2006 e 47.482,61 euros nos orzamentos municipais de 2007.*

<u>Acordo</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(840).-RELACIÓN DE OBRAS PARA DESENVOLVER NO PROGRAMA BIAL DURANTE O MES DE XULLO DE 2005. Expte. 3247/077.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 30.06.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*O pasado día 21/02/05, a Xunta de Goberno Local aprobou as obras e servizos (expte. 3022/077) coas que arrancou o programa o BIAL o primeiro día de traballo dos beneficiarios, unha vez rematada a súa formación inicial o pasado día 18 de febreiro. Con posterioridade, no expte 3053/077, recóllense as actuacións con inicio previsto no mes de marzo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 14/03/05. No expt. 3097/077 recóllense as actuacións do programa Bial iniciadas no mes de abril, aprobadas en Xunta de Goberno Local de data 25/04/05; no expt 3153/077 as iniciadas en maio e aprobadas en Xunta de Goberno Local de data 09/05/05 e no expt 3221/077 as iniciadas en xuño e aprobadas en Xunta de Goberno Local de data 06/06/05 . Achéganse copias das correspondentes certificacións destes acordos.*

*Para continuar co desenvolvemento normal do programa, propóñense novas obras, con inicio previsto ó longo deste mes de xullo, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local. Esta proposta de obras é o resultado do procedemento establecido, seguindo instruccións da Concelleira de Promoción económica e desenvolvemento local, no sentido de recoller as solicitudes dos distintos departamentos, mediante as correspondentes reunións mensuais cos responsables técnicos dos departamentos interesados, fundamentalmente das áreas de servicios xerais e de medio ambiente. O procedemento establecido indicaba tamén a necesidade de dar conta, mensualmente, á Xunta de*

*Goberno Local do estado e características das obras realizadas e rematadas, polo que no presente expediente achégase informe do equipo técnico nese sentido.*

*A selección destas obras está baseada no plan formativo iniciado para a 1ª quenda de beneficiarios do BIAL e nas solicitudes dos distintos departamentos. Inténtase facer traballos de ampla diversidade, e de todavía relativa sinxeleza na súa execución, para o asentamento dos coñecementos que os beneficiarios están poñendo en práctica nas súas tarefas cotidiás. Engadir que, por suposto, este criterio primordial de selección das obras e servizos a realizar polo programa está en equilibrio coas prioridades nas peticións que manifestan os distintos departamentos do Concello.*

*Por todo o exposto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:*

- *Aprobar a programación das novas obras incluídas no presente expediente (Anexo de obras propostas polo equipo técnico do programa) para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, con inicio previsto no presente mes de xullo.*

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta acorda:

1º.- Quedar enterada do estado e característas das obras realizadas e rematadas, tal e como se detalla no Informe de situación das actuacións de Bial do mes de xuño, que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar a programación das novas obras que se recollen como Anexo de obras propostas polo equipo técnico do programa, para o seu desenvolvemento polo Programa municipal BIAL, con inicio previsto no presente mes de xullo.

*A) INFORME DE SITUACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE BIAL DO MES DE XUÑO*

*O equipo técnico do BIAL informa á Xunta de Goberno Local das obras que se están a desenvolver nestes días que corren por parte do BIAL. Ademais, indícanse tamén as obras que seremataron no mes de xuño.*

*Construcción de beirarrúa en Párroco D. Serafín.*

- *Tempo de execución estimado: dende o 21 de marzo ata o 6 de Xullo. A ampliación do tempo estimado de execución de obra amplíase por mor de que houbo que facer a demolición de quenlla de formigón xa executada, apertura de gabia, colocación de tubo de PVC e formigonado do conxunto.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Construcción tramos de beirarrúa en formigón fratasado de: 24 $m^2$ (1,20x20,00), 14,40$m^2$ (1,80x8,00) , 38,10 $m^2$ (1,10x35,00), 26 $m^2$ (1,30x20,00), 101,5 $m^2$ (1,50x67,50) e 90,00 $m^2$ (1,00x90,00). 23x1.20 m (27,60 $m^2$ )*
*Apertura de 207,50 m de gabias en roca para a colocación de 296 m de tubo de PVC e posterior formigonado destas e de construcción de 42,50 m de gabias de formigón.*
*Construcción de 13 arquetas sumidoiro de 50x50 cm.*
*Construcción de muro de formigón armado de 10,00x1,00x0,25 $m^3$ e de 4 $m^2$ de pavimento de formigón.*
*Construcción de corredoiras de formigón de 125,4 $m^2$ fratasado e de 10 cm de groso.*
*Formación de dúas zapatas de formigón armado illada de 1x1x0,4m, encofrado, vertido de 0,80 $m^3$ de formigón e armado, incluíndo armadura do piar para posterior formación de piar de 25x25 cm de sección e 3 m de alto.*

*Formación de zapata de 6,40 $m^3$ de formigón armado corrida de 1x0,4 m de sección, encofrado, vertido de formigón.*
*Formigonado de dous piares de 25x25 cm de sección e 3 m de alto.*
*Construcción de muro de bloque e formigón armado de 6,40x1x0,20 $m^2$ e 1,40x0,60x0,15 $m^2$.*
*Instalación de 5 postes de formigón pretensado de 2,60 m de alto*
*Demolición de 15,65 m de gabia de formigón existente, apertura de gabia en roca e colocación de tubo.*
*Construcción de 13,30 $m^2$ de entradas a garaxes, demolición de formigón existente na entrada con martelo compresor, colocación de tubo PVC de 250 mm de diámetro, formigonado do conxunto e acabado fratasado de 1 m de ancho.*

*Demolición de 78,45 m de formigón existente e excavación de gabias en roca, con martelo compresor, para a instalación de tubo PVC de 250 mm de diámetro e posterior recheo da gabia con xabre.*
*Construcción de base de formigón de 10 cm groso para soporte dun contedor.*
*Instalación de rede de malla metálica de 1 m alto para peche de finca en dous tramos de lonxitudes: 6,60 m e 8,80 m.*

*<u>Varanda do Oliveira, xunto ao restaurante O Castro, r/ Poboadores e o miradoiro.</u>*

- *Duración: dende o 21 de marzo ata o 27 de maio. Definido o tratamento dos escudos, e Colocacións dos 4 escudos de Vigo o 30 de xuño.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Reparouse toda a varanda que rodea a famosa oliveira da nosa cidade, soldándolle novas pezas e aplicouse imprimación anticorrosiva e pintura.*
*Reconstruíronse (con soldadura) e aplicáronse líquido e imprimación anticorrosivos, e pintura a un total de 61 tramos de que consta toda a varanda.*
*Descrición de cada tramo: un tubo de diámetro 40 mm de 1.500 mm de lonxitude, dous tubos de diámetro 30 mm de 1.500 mm de lonxitude e dous pes de IPN 80 de 97 cm de alto.*
*Pintáronse 7 farois para colocar por electromecánicos.*
*Reacondicionáronse, pintáronse e colocáronse 4 escudos da cidade de Vigo.*
*Colocáronse 2 placas.*

*Reconstrucción e acondicionamento da varanda da Praza da Estación.*

- *Duración: dende o 26 de maio ata o 14 de xuño. A ampliación do tempo estimado de execución de obra amplíase por mor de que houbo unha semana con choivas, e por actos vandálicos sobre tramos de varanda xa pintados e acondicionados.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*<u>Rúa Baixada a Estación.</u>*
*Componse dun total de 34 tramos.*
*Descrición da composición de cada tramo:*
*Dous tubos de diámetro 40 mm e de 940 mm de lonxitude en formación de soportes.*
*Embelecedor de 150 mm de diámetro e 30 mm de alto.*
*Platina anexa 56x10 mm.*
*Pasamáns de medio tubo de 145 mm de diámetro e 1.130 mm de lonxitude.*
*Cinco tubos intermedios de diámetro 20 mm e de 1.130 mm de lonxitude.*

*<u>Escaleira subida da Estación a Vía Norte.</u>*
*Rematados con aplicación de pintura 37,21 m. de varanda.*

*Descrición da composición de cada tramo:*

*Dous tubos de diámetro 40 mm e de 940 mm de lonxitude en formación de soportes.*
*Embelecedor de 150 mm de diámetro e 30 mm de alto.*
*Platina anexa 70x100 mm.*
*Pasamáns de medio tubo de 145 mm de diámetro.*
*Cinco tubos intermedios de diámetro 20 mm.*

*<u>Pasamáns.</u>*
*Rematados con aplicación de pintura 20,80 m.*

*<u>Terraza Miradoiro</u>*
*Composta por unha varanda de 550 mm de altura*
*Rematados con aplicación de pintura a 18,87 m. de varanda.*
*Descrición da composición de cada tramo:*

*Dous tubos de diámetro 40 mm e de 550 mm de lonxitude en formación de soportes.*
*Embelecedor de 150 mm de diámetro e 30 mm de alto.*
*Platina anexa 500x100 mm.*
*Pasamáns de medio tubo de 145 mm de diámetro.*
*Cinco tubos intermedios de diámetro 20 mm.*

*<u>Marco muro de pedra.</u>*
*De dimensións de 600x800 mm e composto por tubo perimetral de 40 mm de diámetro e tres barras centrais de 20 mm de diámetro.*

*Reparación do pavimento da Zona de Xardíns en Montero Ríos.*

- *Duración estimada: dende o 13 xuño ata o 19 de agosto (incluindo uns 15 días nos que non se pode traballar nesta obra).*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Levantamento do pavimento existente e colocación das pezas de pavimento de granito gris mondariz flamexado, seguintes:*
*2 Uds de (30x90x7 cm)*
*8 Uds de (60x80x7 cm)*
*3 Uds de (60x83x7 cm)*
*10 Uds de (109x20x7 cm)*
*7 Uds de (39x40x7 cm)*
*25 Uds de (110x17x7 cm)*
*Desmontar marco de arqueta, encofrar de novo marco, e voltar a colocalo de novo*

*<u>Instalación de duchas e sumidoiros na Praia do Vao.</u>*

- *Tempo de execución estimado: 16 de maio ata 6 de xullo. A obra non se rematou no prazo, porque houbo que construír unhas duchas a mais, executar as acometidas para a caseta da Cruz Vermella, e co mesmo persoal facer a obra "Canalización de alumeado público na Praia do Vao". Ademais, non se nos subministrou a madeira para executar as duchas na zona do paseo de madeira.*

- *Descrición das tarefas executadas:*

*Instalación, montaxe e posta en funcionamento de oito duchas.*

*Duchas en zona de paseo de madeira.*

*Excavación de base da ducha de 1,16x1,50 m*
*Construcción de oito pilotes a base de tubo de formigón de 300 mm de diámetro.*
*Colocación de 27,40 m de bordo de formigón.*
*Canalización de 78 m de tubería de PVC 110 mm de diámetro e de 6,40 m de 250 mm de diámetro instalada sobre gabia excavada no terreo.*
*Construcción dunha arqueta areeiro de 80x80x80 cm.*

*Instalación da Caseta de Cruz Vermella.*

*Canalización de 8 m de tubería de PVC de 110 mm de diámetro e coxos para desvíos, instalada sobre gabia excavada no terreo, para o enganche de saneamento.*
*Acometida de auga con tuberáa de polietileno de 3/4" enganche, conexións e chave de corte.*
*Construcción dunha arqueta de acometida de 40x40x40 cm.*
*Construcción de rodeiras con xabre para o acceso da ambulancia á caseta.*

*Pavimentado*

*Aglomerar o cmño. Bagunda ata Alcalde Lavadores.*

*Limpar, selar, formigonar e asfaltar o cmño. Outeiro e camiño Toucido en Oia.*

*Aglomerar e selar o cmño. San Xurxo, en Saiáns.*

*Asfaltar e facer caixa en Castro-Castriño, en Coia.*

*Limpar o camiño María Soa e camiño Canto. Limpar e facer caixa na travesía do cmño. Cernades, en Cabral.*

*Selar o camiño Ameixeira.*

*Limpar a travesía da Gándara, en Valadares.*

*Bacheo*

*Alcabre: entorno do Colexio Millareira.*

*Limpar o camiño Real en Beade.*

*Avda. de Madrid, (lateral da Renault).*

*Avda. de Samil, 21.*

*Calellón da Rúa Manuel Cominges.*

*Estrada Gándara, travesía da Gándara e Campo de Fútbol, limpar e aglomear o Camiño Pinal, en Valadares.*

*<u>Reacondicionamento e pintado de vallas de obra.</u>*

- *Duración: dende o 21 de febreiro.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Reacondicionamento das vallas de obra do Concello e posterior pintado das mesmas.*
*Estase a realizar no Parque Central de Servizos do Concello por todas aquelas persoas que nos poden realizar outro tipo de tarefas por impedimentos físicos.*

*<u>Campaña de desratización.</u>*

- *Tempo de execución estimado: dende o 21 de febreiro ata finais de outubro.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Procédese con esta campaña, pero soamente un día á semana (os luns).*

*<u>Instalación de redes de rego no parque do Castro.</u>*

- *Tempo de execución estimado: ata finais de xullo (amplíase o prazo para a execución de obras relacionadas coas xa realizadas).*
- *Descrición das tarefas executadas neste mes:*

*Instalación de Rego no Parque da Salgueira: 2 ud de aspersores, 2 ud de difusores, tubo de polietileno de 25 mm de diámetro 4 m, de 32 mm de diámetro 25 m, dúas chaves de corte e un TBOX.*

*Parque de Castrelos:*
*Repor e reparar aspersores, 68 ud.*
*Reparar difusores, 43 ud.*
*Reparar unha fonte.*
*Reparar duchas nas praias de: Samil, Os Olmos e O cocho.*

*Limpeza e reapertura de gabias en Lavadores e Cabral.*

- *Tempo de execución estimado: 3,5 meses.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Rematouse a limpeza e reapertura das gabias seguintes:*
*Parroquia de Cabral: Camiño Remesil.*
*Parroquia de Lavadores: Camiño Vilaboa e Recodo.*
*Camiño Traída de Augas.*
*Camiño Subida á Madroa.*
*Perímetro exterior de VIGOZOO.*

*<u>Adecuación da pista deportiva achegada ao Instituto O CASTRO.</u>*

- *Duración: dende o 18 abril ata o 27 de maio  (pendente marcado das liñas dos campos de Fútbol e Baloncesto.)*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Limpeza de perímetro de pista de  maleza e residuos existentes.*
*Limpeza con auga a presión de 102 m$^2$ de beirarrúa.*
*Limpeza  de 136 m con auga a presión e reparación de quenlla perimetral á pista de 30x30 cm de sección.*
*Colocación de 136 m de tapas en quenllas, executadas a base de terrazo de  formigón branco de 40x40 cm. (incluído o arrexuntado).*
*Instalación de marco e porta para saída lateral de 0,80x2,10 m. feita en tubo de 50 mm de diámetro e malla galvanizada.*
*Instalación de porta de entrada á pista de 2,90x2,10 m. feita en tubo de 50 mm de diámetro e malla galvanizada.*
*Repaso de 58 postes con imprimación antioxidante.*
*Instalación de 544 m$^2$ de rede de malla metálica de 4 m de altura para peche perimetral da pista .*
*Instalación de nova porta metálica de 0,9x2,10 m.*

*Reparación das gradas do Auditorio do PARQUE de CASTRELOS.*

- *Tempo de execución estimado: 18 abril ata 31 de decembro (con interrupción nos meses de actuacións festivas).*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Arrexuntado de asentos de pedra das gradas, limpando e preparando as xuntas para o seu posterior tomado.*
*Aplicación herbicida a  toda a vexetación das gradas.*
*Arrexuntado de asentos de pedra das gradas, limpando e preparando as xuntas para o seu posterior tomado e reenchido cunha capa de xabre a 30 tramos de 26 m.*
*Quitar de capa de terra vexetal e capa de vexetación de entre as gradas de pedra, de 50 cm de ancho medio 30 tramos de 64 ml.*
*Reconstruír 9 tramos de 16 ml, a base de perpiaños de pedra asentados sobre xabre compactado e posterior renxuntado con morteiro de cemento.*
*Reencher a cunha capa de xabre 30 tramos  de 37 Ml e 12 tramos  de 26,75 Ml.*
*Quitar de capa de terra vexetal e capa de vexetación de entre as gradas de pedra, de 50 cm de ancho medio 30 tramos de 64 ml.*
*Reconstruír 9 tramos de 16 ml, a base de perpiaños de pedra asentados sobre xabre compactado e posterior renxuntado con morteiro de cemento.*
*Reparacion de perpiaños das gradas de 80 a 60 cm de lonxitude e 25 cm de groso, consistente e levantar e volver a sentar as pedras. TOTAL 92 UD.*
*Limpeza desbroce e retirada de entullos na zona acoutada o lado do palco. Incluso estendido de xabre.*
*Estendido, vertido e compactado de xabre en corredor inferior das gradas 64,00 x 0,80 m.*
*Limpeza e retirada de entullos no foxo.*

*Adecuación do camiño  paralelo ao Río Lagares.*

- *Tempo de execución estimado: 18 abril ata 31 de decembro (non se está a realizar de forma continuada).*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Perfilado de camiño e apertura de gabia para instalación do tubo de PVC 75 mm  corrugado para  instalacións eléctricas.*

*Apertura de gabia con medios manuais de 20 m. e de 190 m con zanxadora. Instalación de 210 m de tubo de PVC 75 mm corrugado. Reenchido destas gabias co material precedente da escavación.*
*Formigonadas 15 bases de forolas, traballos comprendidos:*
*Excavacion de base de 50x50x50 cm.*
*Colocar armado para anclxe das farois.*
*Formigonar o conxunto.*

*Rebaixes de beirarrúas para ramplas de aceso a aparcadoiros en Samil.*

- *Tempo de execución estimado: 9 de maio ata 13 de xuño. A obra non se rematou o 7 de xuño, por vacación do persoal que executaba as obras*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*<u>Na zona da Cafetería Machín:</u>*
*Demolición de pavimento de terrazo na beirarrúa:*
*(2,45x4,55) 11,48 $m^2$*
*(2,45x5,15) 12,18 $m^2$*
*(2,45x6,00) 14,70 $m^2$*
*(2,45x5,70) 13,96 $m^2$*
*Construcción de 2 arquetas sumidoiro de 50x30 cm.*
*Colocación de 13,55 $m^2$ de pavimento de terrazo 30x30 cm na beirarrúa.*
*Pavimento de terrazo 30x30cm para a formación de rampla de (2,45x5,70) 13,96 $m^2$.*
*Formigonado de ramplas de acceso aos aparcadoiros con previa colocación de mallazo electrosoldado:*
*(2,45x4,55) 11,48 $m^2$*
*(2,45x5,15) 12,18 $m^2$*
*(2,45x6,00) 14,70 $m^2$*
*Formación de gabia de formigón fratasado de 46,85x1,40 m.*
*Construcción dunha arqueta areeiro de 80x80x80 cm.*
*Demolición de formigón existente e escavación de gabias, para colocar tubo PVC de 200 mm de diámetro e posterior recheo da gabia con formigón.*
*Formación da canle para a retención de area a base de fileira de bloque de formigón 15x20x50 cm 25 m.*
*Reposición de pavimento de beirarrúa con terrazo de cor branca de 25x25 cm un total de*
*3,75 $m^2$.*

*<u>Na zona detrás do Hotel Samil.</u>*
*Demolición de pavimento de terrazo na beirarrúa e formigonado de ramplas de acceso aos aparcadoiros, con previa colocación de mallazo electrosoldado:*
*(1,50x4,00) 6,00 $m^2$ - Dúas ramplas.*
*(1,25x5,15) 6,45 $m^2$*
*(2,30x0,80) 1,84 $m^2$*
*(4,80x5,15) 24,72 $m^2$*
*Excavación de 19 m de gabias 40x20 cm.*
*Muro de bloque e formigón armado, incluso zapata de formigón de 4,80x5,15 $m^2$.*
*Execución de 66,30 $m^2$ soleira de formigón fratasado incluso mallazo de reparto.*
*Construcción de 15 m de bordo executado con bloques de formigón.*
*Colocación de 5 m de bordo de pedra.*
*Apertura de gabia en soleira de formigón 30x30 cm de 7.35 m.*
*Pavimento de terrazo 25x25cm para a formación de rampla de 1,50 $m^2$*

*Colocación 7,35 de tubo de PVC de 250 mm e posterior formigado desta.*
*Reposición de 7,50 $m^2$ pavimento existente de terrazo de 25x25 cm igual o existente.*
*Formación de alcouves:*
*Demolición de pavimento existente colocar bordo de pedra 4 uds de 80x25x10 cm para formación de alcouve.*
*Reposición de 2,85 $m^2$ pavimento existente de terrazo de 25x25 cm igual o existente.*
*Formación de cuneta de formigón fratasado de 37,00x1,25 m. de media caña de morteiro de cemento contra o muro.*

*Instalación de duchas e sumidoiros na Praia de Samil.*

- *Tempo de execución estimado: 30 de maio ata 11 de xullo.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Duchas 2 e 3.*
*Construcción de dúas arquetas areeiros de 80x80x80 cm.*
*Escavación de 29 m de gabias de 25x25 cm para instalación de canalización de PVC incluso tapado das mesmas, previa a colocación de tubeira de PVC para saneamento de diámetros 110 e 125 mm, e corrugado de 63 mm para fontanería.*
*Escavación das base das dúas duchas de 6,90x2,80x0,30m.*
*37,60 ml. De bordo de pedra de 4cmx35cm ao carón da ducha.*
*Formación da base con morteiro de cemento*
*2.85 ml de demolición de bordo de pedra.*
*Pavimento de terrazo 2,65 $m^2$.*
*Instalación completa de acometida de auga das dúas duchas.*
*Montar tarima de madeira, 18,20 $m^2$*
*Montar 4 duchas e conectalas a rede.*

*Enfuscado de paramentos de fachadas de aulario do VIGOZOO*

- *Tempo de execución: 31 de maio a 15 de xuño.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Enfuscado de toda a fachada do aulario en conxunto cos alumnos da escola obradoiro do VIGOZOO.*
*Apoio en enfuscado interior e marcado de puntos de nivel para pavimento de morteiro interior.*

*Obras de acondicionamento dun parque infantil nas inmediacións da praia de Fontoura.*

- *Tempo de execución: 1 de xuño ata o 17 de xuño. Estase pendente da entrega para a súa colocación de bambáns, papeleiras e fonte de pedra.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Explanar e retirar o material sobrante da zona de xogos, e comezar a colocar o bordo.*
*Colocar 80 m de bordo de formigón tipo xardíns, sobre capa de formigón 3 $m^3$, incluso estendido de 160 $m^2$ de capa de xabre de 12 cm de groso.*
*Preparar camiño de acceso a rampla de acceso a urbanización con capa de xabre estendido e compactado.*
*Formación de desaugadoiro con 6m de tubo de PVC de 250 mm de diámetro, apertura de gabia e posterior formigado.*
*Preparación de rampla de acceso a praia con capa de xabre estendido e colocar pedras soltas, tomadas con morteiro.*

*Preparación da zona da fonte, limpeza e desbancado de maleza existente, e dunha plataforma con macádam.*
*Instalación de tres xogos (cabaliños), con demolición previa de soleira e escavación de pozo de 60x60x60 cm para formación da base.*
*Estendemento e achandamento de 60 m$^3$ de area para a formación de superficie para xogos.*
*Formación de explanada;*
*Colocación de 10 m de tubo de PVC de 125 mm de diámetro para evacuación das augas.*
*Colocación de 16 m de tubo de drenaxe de 125 mm de diámetro.*
*Formación de explanada a base de estendido de capa de macádam e posterior estendido de capa zahorra.*

*Canalización de alumeado público na Praia do Vao.*

- *Tempo de execución estimado: do 22 ao 27 de xullo.*
- *Descrición das tarefas executadas:*

*Escavación de 134,25 m de gabia de 60 cm de fondo con pala mixta e instalación de tubo de PVC para canalización eléctrica de 75 mm de diámetro.*
*Colocación de 5 arquetas de formigón prefabricado.*
*Reposición de pavimento de lasatro de 13,00x0,80 m*

*Limpeza e Adecentamento do Sendeiro Panorámico de Vigo.*

- *Tempo de execución estimado: 2 xullo o 15 de xullo.*
- *Descrición das tarefas executada:*

*Limpeza de vexetación nos laterais 765 m.*
*Limpeza de entullos e todo tipo de lixos vertidas no sendeiro*
*Retirado de dous camións de escombro.*

*B) ANEXO DE OBRAS PROPOSTAS POLO EQUIPO TÉCNICO DO PROGRAMA*

*De acordo coas xuntanzas mantidas e as peticións dos distintos departamentos, dende o programa BIAL propomos iniciar no mes de xullo as seguintes obras:*

- *Canalización de alumeado público na rúa Vilagarcía.*

*Esta obra consiste na canalización eléctrica do alumeado público nesta rúa.*
*Tempo estimado de execución: 2 días (04/07/05).*
*Departamento solicitante: Electromecánicos.*

- *Reparación do pavimento da rúa Príncipe e rúas achegadas.*

*Esta reparación consiste no levantamento das losetas de pedra rotas ou despegadas e a súa nova colocación.*
*Tempo estimado de execución: 1 mes (04/07/05).*
*Departamento solicitante: Vías e Obras.*

- *Instalación de varanda na praia do Serral.*

*Esta obra consiste na fabricación dunha baranda e a construcción dun pequeno muro de formigón/bloque sobre o que se instalará a devandita baranda.*
*Tempo estimado de execución: 2 semanas (11/07/05).*
*Departamento solicitante: Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.*

- *Construcción de rampa de acceso ao Centro Comercial de Coia.*

*A construcción desta longa rampa na zona axardinada servirá de acceso a este Centro Comercial dende a rúa Coruña.*
*Tempo estimado de execución: 5 semanas (18/07/05).*
*Departamento solicitante: Montes, Parques e Xardíns.*

- *Limpeza e reacondicionamento do sendeiro panorámico de Vigo (GR53).*

*Para conservar a súa clasificación procederase á limpeza e reacondicionamento deste longo sendeiro panorámico.*
*Tempo estimado de execución: 20/06 – 15/07/05. (Comezouse xa en xuño, por indicación da propia concelleira Dª Lucía Molares).*
*Departamento solicitante: Medio Ambiente, Sanidade e Consumo.*

**27(841).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E CAIXA GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUNHA ASISTENCIA TÉCNICA NO SERVIZO DE ASESORAMENTO A EMPRENDEDORES DA CONCELLERÍA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO. EXPTE. 3273/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servicio de Desenvolvemento Local e Emprego, do 04.07.05, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, o interventor xeral e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre Caixa Galicia e o Concello de Vigo, para a realización dunha asistencia técnica no Servizo de asesoramento a emprendedores da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego.

2º.-Facultar á Concelleira da área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Dna Lucía Molares Pérez, para a súa sinatura.

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Dª___________________, en calidade de ____________________, que comparece en nome e representación do Excmo. CONCELLO DE VIGO, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n.*

*Doutra parte, D. José Luis Álvarez Naveiro, en calidade de Director Xeral Adxunto de Relacións Institucionais, que comparece en nome e representación da CAIXA DE AFORROS DE GALICIA, (en adiante CAIXA GALICIA), actuando no ámbito da súa Obra Benéfico-Social, con enderezo na cidade da Coruña, nos números 30-32 da Rúa Nova.*

*No concepto no que interveñen, ambas partes recoñécense, mutua e reciprocamente, a capacidade legal necesaria e representación bastante para asinar o presente convenio de colaboración e, ao efecto,*

*EXPOÑEN*

*I.- Que o CONCELLO DE VIGO ten entre os seus fins institucionais o desenvolvemento socio-económico do municipio, para o que realiza, entre outras, actividades conducentes ao fomento do emprego, con especial énfase en aqueles colectivos con maiores dificultades para acceder ao mercado de traballo, e que para esto ofrece servizos de asesoramento de autoemprego e de apoio á creación de empresas a través do Servizo de Asesoramento a Emprendedores da Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego.*

*II.- Que CAIXA GALICIA, de acordo co disposto no ordenamento xurídico, realiza a actividade correspondente ao ámbito da súa Obra Benéfico-Social, que é inherente á súa mesma natureza, por medio de obras benéfico-sociais concretas, propias ou en colaboración, entre as que se atopa a obra propia denominada "Socialia", un de cuxos obxectivos é fomentar a cohesión social a través do apoio a institucións ou entidades que realicen accións dirixidas á consecución de fins susceptibles de seren encadrados nos destinos indicados á Obra Benéfico-Social no Decreto Lexislativo 1/2005, de 10 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido das Leis 7/1985, de 17 de xullo e 4/1996 de Caixas de Aforros de Galicia, do 31 de maio, e no Decreto do Consello da Xunta de Galicia 361/1999, de 17 de setembro e, actualmente, tamén no convenio asinado o 11 de xaneiro de 2005 coa Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.*

*III.- Que o CONCELLO DE VIGO e CAIXA GALICIA, actuando no ámbito da súa Obra Benéfico–Social, asinaron un convenio de colaboración para o Programa Piloto de Microcréditos con data de 30 de novembro de 2004 e con vixencia ata o 31 de decembro de 2005, co obxecto de facilitar a financiación de proxectos viables de autoemprego promovidos por persoas pertencentes a colectivos vulnerables con dificultades de acceso ao financiamento bancario por carecer de garantías ou avais.*

*IV.- Que o procedemento de tramitación das solicitudes de microcréditos se desenvolve de acordo co convenio citado no expositivo anterior e que contempla na súa cláusula terceira, entre outras, as seguintes actuacións que lle corresponden ao CONCELLO DE VIGO:*

- *Actuar de interlocutor entre CAIXA GALICIA e o solicitante durante a tramitación e resolución da solicitude.*
- *Certificar a pertenza do solicitante aos colectivos incluídos entre os potenciais beneficiarios do Programa Piloto de Microcréditos.*
- *Levar a cabo a análise de viabilidade de proxectos, prestando especial atención ao plan de negocio, o estudo do impacto local do proxecto na área na que vai ter lugar e se o medio ambiente é favorable para o desenvolvemento do proxecto.*
- *Enviar os proxectos viables, baixo os seus criterios, a CAIXA GALICIA.*
- *Proporcionar asesoramento e asistencia técnica aos Beneficiarios Finais.*
- *Elaborar informes de seguimento para presentalos a CAIXA GALICIA.*

*V.- Que o CONCELLO DE VIGO, tendo en conta o procedemento de tramitación das solicitudes de microcrédito e as actuacións que comporta, así como o volume de demandas de información, orientación e asesoramento de autoemprego que atende, solicita a CAIXA GALICIA unha axuda económica para realizar unha asistencia técnica que reforce a súa estructura operativa no Servizo de Asesoramento a Emprendedores para prestar asesoramento a potenciais solicitantes de microcréditos, desenvolvendo as actuacións referidas no expositivo IV e ademáis realizar as seguintes accións relacionadas:*

- *Información e difusión do Programa Piloto de Microcréditos de CAIXA GALICIA, con ocasión da celebración do Ano Internacional do Microcrédito 2005.*
- *Formación en cuestións relativas á creación de empresas e á xestión empresarial dirixidas aos potenciais solicitantes de microcréditos.*

*VI.- Que a Comisión Delegada da Obra Social de Caixa Galicia na súa sesión de 17 de marzo de 2005, acordou a dotación máxima de ata 15.000 € para a realización dunha asistencia técnica por parte do CONCELLO DE VIGO co fin de prestar asesoramento a potenciais solicitantes de microcréditos e desenvolver as actuacións referidas nos expositivos IV e V.*

*VII.- Que neste contexto de colaboración entre institucións para avanzar na inserción sociolaboral de colectivos con especiais dificultades, ambos comparecentes, na condición en que respectivamente comparecen, suscriben o presente convenio de colaboración de acordo ás seguintes*

*CLAÚSULAS*

*I.- CAIXA GALICIA, actuando no ámbito da súa Obra Benéfico-Social, colaborará coa aportación dunha cantidade máxima en metálico de ata 15.000 € para a realización da asistencia técnica referida no expositivo V. O pago efectuarase por CAIXA GALICIA ao CONCELLO DE VIGO mediante ingreso único, debendo o Concello de Vigo facilitar copia cotexada do contrato de traballo que finalmente se realice tras o correspondente proceso selectivo, como xustificación da súa aplicación.*

*II.- O CONCELLO DE VIGO porá en marcha o proceso de selección para a contratación dun profesional, durante un período de seis meses, que faga efectiva a asistencia técnica referida no expositivo V, para reforzar a súa estructura operativa no Servizo de Asesoramento a Emprendedores. Garantirá que esta contratación se dedique efectivamente ás actuacións descritas nos expositivos IV e V para as cales se desenvolve o presente convenio. Requerirá para o seu desempeño a un profesional con competencia suficiente para realizar asesoramentos de autoemprego, elaborar plans de empresa e analizar a viabilidade de proxectos empresariais de acordo co seguinte perfil:*

- *Licenciatura ou Diplomatura Universitaria en Económicas, Empresariais, Dereito, Graduado Social ou Relacións Laborais.*
- *Acreditar un mínimo de un ano de experiencia no asesoramento a proxectos de autoemprego e/ou no desenvolvemento de programas de apoio á creación de empresas.*

*III.- O CONCELLO DE VIGO realizará a contratación atendendo ao estipulado no Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, para técnicos e xestores, na modalidade de "obra ou servizo de duración determinada".*

*IV.- A contratación que se realice por parte do CONCELLO DE VIGO no marco do presente convenio en ningún caso xerará vinculación laboral algunha con CAIXA GALICIA.*

*V.-* *O CONCELLO DE VIGO presentará a CAIXA GALICIA un informe ao finalizar o período de execución da asistencia técnica, detallando o número de usuarios atendidos, solicitudes de microcréditos tramitadas e empresas que teñan sido financiadas a través do Programa Piloto de Microcréditos.*

*VI.-* *Constituirase unha comisión mixta de seguimento composta por dous representantes do CONCELLO DE VIGO e outros dous de CAIXA GALICIA, que levarán a cabo a coordinación e avaliación das accións obxecto do presente convenio.*

*VII.-* *O presente convenio de colaboración terá vixencia desde a data da súa sinatura, indicada no encabezamento, ata a data na que remate o período de execución da asistencia técnica, a cal se realizará cunha duración de seis meses de acordo coa cláusula II do presente convenio. A contratación que realizará o CONCELLO DE VIGO para facer efectiva a asistencia técnica deberá de producirse no prazo máximo de tres meses desde a data de sinatura do presente convenio. Todo esto sen prexuízo das obrigas que se deriven para ambas partes do Convenio suscrito con data de 30 de novembro de 2004 para o Programa Piloto de Microcréditos.*

*VIII.-* *Serán causas de resolución do presente convenio o incumprimento de algunha das estipulacións contidas nas cláusulas do mesmo.*

*IX.-* *Todas as cuestións que se susciten entre as partes contratantes a tenor do presente convenio de colaboración, así como a súa formación e validez, rexeranse integramente polo Ordenamento Xurídico Español. As partes de mútuo acordo renuncian de forma expresa ao foro xudicial que poidera corresponderlles e sometense á xurisdicción dos Xulgados ou Tribunais de Vigo. Así o conveñen e asinan as partes comparecentes en dous orixinais, no lugar e data indicados no encabezamento.*

**28(842).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE COMISIÓNS DE FESTAS DE NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA PARA A ORGANIZACIÓN DA “FESTA DA SARDIÑA”, O DÍA 30 DE XULLO DE 2005. EXPTE. 1552/335**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 27.06.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Administración Especial de Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 24.06.05, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e o Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Comisións de Festas de Nosa Señora das Neves da Guía para a organización da “Festa da Sardiña", que se celebrará na Carballeira da Guía, o día 30 de xullo.

2º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 7.800.-euros, a favor da Asociación de Comisións de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, CIF G-36731404, en concepto do estipulado no

convenio, con cargo á partida 451.2.226.08.05, do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO- ASOCIACIÓN DE COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA, PARA A ORGANIZACIÓN DA "FESTA DA SARDIÑA"*

*Vigo, o xxxxxx de xxxxxxxxxx de dous mil cinco.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n, no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. JOSÉ GONDA FARIA, PRESIDENTE e en representación da ASOCIACIÓN DE COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DE A GUÍA, CIF G-36731404, con domicilio en Vigo, rúa Alonso Ojeda, 14, no sucesivo A ENTIDADE.*

*MANIFESTAN*

*1. Que O CONCELLO está a organizar o programa de actividades e espectáculos das "Festas do Cristo da Victoria 2005", que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese de apoiar as festas gastronómicas de ensalzamento de productos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón.*

*2. Que A ENTIDADE organizou nos últimos anos a "Festa da Sardiña", na carballeira de A Guía, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns.*

*3. Que O CONCELLO está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a tódolos sectores culturais.*

*4. Que dende o ano 96 se asinaron convenios de colaboración entre ámbalas entidades pra desenvolver esta mesma actividade, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ámbalas partes.*

*Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización e a realización da "FESTA DA SARDIÑA", o vindeiro día 30 de xullo, na carballeira da Guía, dentro da programación das "Festas do Cristo da Victoria 2005", que organiza a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.*

*SEGUNDA.- Os compromisos que asume O CONCELLO con respecto á ENTIDADE son os seguintes:*

1. *Achegar a cantidade de 7.800.-euros, con cargo á partida 451.2.226.08.05, do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio vixente exercicio.*
2. *Colaborar coa organización da festa en xestións como a presencia da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.*

3. *Achegar un total de 500 carteis con motivo da festa, que entregará A ENTIDADE para a súa distribución, cunha natelación mínima de dez días.*
4. *Incluír esta actividade na campaña de publicidade que O CONCELLO realice con motivo do programa das "Festas do Cristo da Victoria 2005".*
5. *Achegar unha Banda Popular de Música con cargo ó convenio asinado polo Concello coa Federación de Bandas Populares de Música de Vigo.*

*TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:*

1. *Asumir todo o concernente á organización da "FESTA DA SARDIÑA", achegando toda a infraestructura e equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa presentado.*
2. *Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.*
3. *Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización desta actividade.*
4. *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, e comprobar con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correcións técnicas que resulten necesarias.*
5. *Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.*

6. *Presentarlle ó Concello a memoria do programa da actividade obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: datos globais de participación, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados. Os gastos se acreditarán mediante facturas e demáis documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurífico mercantil ou eficacia administrativa e máis un informe xeral de incidencias.*

*CUARTA.- O custo total da realización desta actividade, segundo o presuposto presentado pola ENTIDADE e que figura no anexo II do presente convenio, ascende a un importe total de 9.511.-euros, que se financiarán coa achega da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural e a recaudación pola venda dos productos.*

*QUINTA.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servicios ou productos ofertados alí poderán traer consigo unha aportación económica por parte dos usuarios: billetes, entradas,...*

*Por este motivo, A ENTIDADE propondrá a O CONCELLO os prezos para cada unha das actividades, servicios ou productos, para obte-la conformidade da Concellería de Festas e Animación Cultural. A ENTIDADE deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ó público.*

*Para tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figura-los conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A ENTIDADE proporalle ó CONCELLO os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.*

*SEXTA.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (7.800.-euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 0072.0462.88.0000100503, domiciliada no Banco Pastor e da que é titular A ENTIDADE. Para liquida-lo pagamento, A ENTIDADE presentará solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 6, dentro dos 15 días seguintes á súa*

*finalización. O pagamento realizarase previa certificación do responsable técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.*

*SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a presencia do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural durante o desenvolvemento desta actividade, así como en base ás memorias e documentación que presente A ENTIDADE.*

*OITAVA.- A información sobre a actividade, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e A ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*NOVENA.- O CONCELLO non asume ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.*

*DÉCIMA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2005. Así mesmo, non será prorrogable.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultada para resolve-las posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un so efecto o presente convenio na data que se indica.*

**29(843).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO" PARA A ORGANIZACIÓN DA "X FESTA DO MEXILLÓN", O VINDEIRO DÍA 17 DE XULLO DE 2005. EXPTE. 1553/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.06.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Administración Especial de Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 24.06.05, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e o Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF- G - 36704666, para a organización *"X FESTA DO MEXILLÓN"*, que terá lugar o vindeiro día 17 de xullo no Parque de Castrelos, dentro da programación das *"Festas do Cristo da Victoria 2005"* con cargo á partida 451.2.226.08.05, do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.

2º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 14.000.-euros, a favor da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF- G - 36704666, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0020 1 6 0040023628 para a organización *"X FESTA DO MEXILLÓN"*, que terá lugar o vindeiro día 17 de xullo, na Parque de Castrelos, dentro da programación das *"Festas do Cristo da Victoria 2005"*

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO- FEDERACION DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA ORGANIZACIÓN DA "X FESTA DO MEXILLÓN"*

*Vigo, o xxxxxx de xxxxxxxxxx de dous mil cinco.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n, no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", CIF-G - 36704666, con enderezo en Vigo na praza Galegos Ilustres, CP 36203, e en representación desta.*

*MANIFESTAN*

*1. Que O CONCELLO está a organizar o programa de actividades e espectáculos das "Festas do Cristo da Victoria 2005", que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese de apoiar as festas gastronómicas de ensalzamento de productos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón.*

*2. Que A ENTIDADE organizou nos últimos anos a " Festa do Mexillón", no Parque de Castrelos con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns.*

*3. Que O CONCELLO está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a tódolos sectores culturais.*

*4. Que dende o ano 96 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ámbalas entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ámbalas partes.*

*Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización e a realización da "X FESTA DO MEXILLÓN", o vindeiro día 17 de xullo, na Parque de Castrelos, dentro da programación das "Festas do Cristo da Victoria 2005", que organiza a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.*

*SEGUNDA.- Os compromisos que asume O CONCELLO con respecto á ENTIDADE son os seguintes:*

1. *Achegar a cantidade de 14.000.-euros, con cargo á partida 451.2.226.08.05, do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.*
2. *Colaborar coa organización da festa en xestións como a presencia da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.*
3. *Achegar un total de 500 carteis con motivo da festa, que entregará A ENTIDADE para a súa distribución, cunha natelación mínima de dez días.*
4. *Incluír esta actividade na campaña de publicidade que O CONCELLO realice con motivo do programa das "Festas do Cristo da Victoria 2005".*

*TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:*

1. *Asumir todo o concernente á organización da ""X FESTA DO MEXILLÓN", achegando toda a infraestructura e equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa presentado.*
2. *Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.*
3. *Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización desta actividade.*
4. *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, e comprobar con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correcións técnicas que resulten necesarias.*
7. *Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.*
8. *Presentarlle ó Concello a memoria do programa da actividade obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como*
   *mínimo os seguintes datos: datos globais de participación, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados. Os gastos se acreditarán mediante facturas e demáis documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurífico mercantil ou eficacia administrativa e máis un informe xeral de incidencias.*

*CUARTA.- O custo total da realización desta actividade, segundo o presuposto presentado pola ENTIDADE, ascende a un importe total de 16.300-euros.*

*QUINTA.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servicios ou productos ofertados alí poderán traer consigo unha aportación económica por parte dos usuarios: billetes, entradas,...*

*Por este motivo, A ENTIDADE propondrá a O CONCELLO os prezos para cada unha das actividades, servicios ou productos, para obte-la conformidade da Concellería de Festas e Animación Cultural. A ENTIDADE deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ó público.*

*Para tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figura-los conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A ENTIDADE proporalle ó CONCELLO os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.*

*SEXTA.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (14.000.-euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0020 1 6 0040023628 e da que é titular A ENTIDADE. Para liquida-lo pagamento, A ENTIDADE presentará solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 6, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización. O pagamento realizarase previa certificación do responsable técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.*

*SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a presencia do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural durante o desenvolvemento desta actividade, así como en base ás memorias e documentación que presente A ENTIDADE.*

*OITAVA.- A información sobre a actividade, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e A ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*NOVENA.- O CONCELLO non asume ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.*

*DÉCIMA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2005. Así mesmo, non será prorrogable.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultada para resolve-las posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un so efecto o presente convenio na data que se indica.*

**30(844).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES PARA A ORGANIZACIÓN DO "XII REVOLTALLO DE MÚSICA EMERXENTE E A FESTA DO POLBO" NO MONTE DOS POZOS DURANTE O MES DE AGOSTO DE 2005. EXPTE. 1551/335**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.06.05 e de acordo co informe-proposta da técnica de Administración Especial de Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 24.06.05, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e o Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valadares para a coorganización de actividades socioculturais durante o 2005.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o convenio.

2

3 3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 15.000.-euros, a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valadares, CIF G-36805158, mediante transferencia bancaria á conta corrente núm 2080 0082 48 0040007435, domiciliada na entidade Caixanova, en concepto do estipulado no convenio, con cargo partida 451.2.226.08.05 do programa presupostario de Festas e Animación Cultural para o vixente exercicio.

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO-CVC DE VALADARES PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS*

*Vigo, o de de dous mil cinco.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DA ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS , e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.*

*Doutra parte, D. ELISARDO DACOSTA TORRES, PRESIDENTE e en representación do CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES, CIF G-36805158, con domicilio na cidade de Vigo, Estrada xeral de Valadares, 233; no sucesivo A ENTIDADE.*

*MANIFESTAN*

*1. Que O CONCELLO organiza o programa de actividades e espectáculos das "Festas do Cristo da Victoria 2005", que se celebran nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar e desenvolver a oferta cultural que se lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de ensalzamento de productos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como o noso folclore e cultura popular.*

*2. Que A ENTIDADE organizou nos últimos anos a "Festa do Polbo" , no monte dos Pozos de Valadares, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, e está en condicións de organizar a presente edición, así como o XII Revoltallo.*

*3. Que O CONCELLO está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais*

*4. Que dende o ano 1996 se asinaron convenios de colaboración entre ámbalas entidades para desenvolver esta mesma actividade, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ámbalas partes.*

*Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes*

*CLÁUSULAS*

*PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a coorganización de actividades socioculturais, concretamente o "XII Revoltallo" e a "Festa do polbo" no monte dos Pozos, según o programa presentado.*

*SEGUNDA.- Os compromisos que asume O CONCELLO con respecto á ENTIDADE son os seguintes:*

1. *Achegar a cantidade de 15.000.-euros con cargo á partida 451.2.226.08.05 do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio, para a Festa do Polbo e o XII Revoltallo.*
2. *Colaborar na organización das actividades en xestións como presencia da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.*
3. *CONCELLO achegará un total de 500 carteis con motivo da "Festa do Polbo", que lle serán entregados á ENTIDADE para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.*
4. *Incluír a Festa do Polbo na campaña de publicidade que O CONCELLO realice con motivo do programa das "Festas do Cristo da Victoria 2005".*

*TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:*

1. *Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestructura e equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir os programas que figuran como anexo I.*
2. *Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os especificados como responsabilidade do CONCELLO na cláusula anterior.*
3. *Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización destas actividades.*
4. *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correcións técnicas que resulten necesarias.*
5. *Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.*
6. *Presentarlle ao Concello a memoria do programa das actividades obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: datos globais de participación, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados. Os gastos se acreditarán mediante facturas e demáis documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurífico mercantil ou eficacia administrativa e máis un informe xeral de incidencias.*

*CUARTA.- O custo total da realización destas actividades, segundo o orzamento presentado pola ENTIDADE e que figura no anexo II do presente convenio, ascende a un importe total de 28.517,50.-euros no caso do XII Revoltallo, e de 32.680.-euros, no caso da Festa do Polbo.*

*QUINTA.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ao público en xeral, e o seu acceso será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou productos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos/as usuarios: billetes, entradas,...*

*Por este motivo, A ENTIDADE proporalle ao CONCELLO os prezos para cada unha das actividades, servicios ou productos, para obter a conformidade das concellarías correspondentes. A ENTIDADE deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ao público.*

*Para tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A ENTIDADE proporalle ao CONCELLO os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.*

*SEXTA.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (15.000.-euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente núm 2080 0082 48 0040007435, domiciliada na entidade Caixanova e da que é titular A ENTIDADE. Para liquidar o pagamento, A ENTIDADE presentará solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 6, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización. O pagamento realizarase previa certificación dos responsables técnicos das Concellarías de Cultura e de Festas e Animación Sociocultural ao cumprimento do clausulado do presente convenio.*

*SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a presencia de persoal técnico do CONCELLO durante o desenvolvemento destas actividades, así como en base ás memorias e documentación que presente A ENTIDADE.*

*OITAVA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e A ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do CONCELLO e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

*NOVENA.- O CONCELLO non asume ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.*

*DÉCIMA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2005. Así mesmo, non será prorrogable.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- O concelleiro da Área de Asuntos Sociais queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

*E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican*

**31(845).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E VINTECINCO CORAIS DA CIDADE PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE CONCERTOS "VIGO, UN MAR DE CORAIS". EXPTE. 1546/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 27.06.05, e de acordo co informe-proposta da técnica de Administración Especial de Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 22.06.05, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e a Interventora Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que de seguido se transcribe, para a organización do programa VIGO, UN MAR DE CORAIS.

2º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto, por un importe total de 16.800 € (dezaseis oitocentos euros), en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.2.227.06.02 (actividades culturais diversas) do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio, a razón de 672-€ para cada unha das seguintes entidades:

* SCRD "HELIOS" DE BEMBRIVE, CIF G-36663428
* ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA "ANDURIÑA", CIF G-36898708
* AVCR "SAN MAMEDE" DE ZAMÁNS, CIF G-36691855
* AVCUC "EMILIO CRESPO" DE SAN PAIO DE NAVIA, CIF G-36648608
* CORAL MARÍA AUXILIADORA, CIF G-36723716
* CCR RUEIRO, CIF G-36626802

* CORAL POLIFÓNICA OLÍVICA, CIF G-36838431
* SCD “ATLÁNTIDA" DE MATAMÁ, CIF G-36620854
* AVV DE CABRAL, CIF G-36651073
* CORAL POLIFÓNICA “VAL DO FRAGOSO”, CIF G-36841989
* SCRD NAUTILIUS, CIF G-36631703
* ASOCIACIÓN MASA CORAL “PERLA DO ATLÁNTICO”, CIF G-36899979
* CCAR DE VALLADARES, CIF G-36617082
* AVV-CSCR DE BEADE, CIF G-36632081
* A.G. LIRA DE SAN MIGUEL DE OIA, CIF G-36638419
* AGRUPACIÓN GALICIA SOCIAL, CIF G-36828481
* CORAL SANTA CLARA, CIF G-36714665
* UVCD de CANDEÁN, CIF G-36863348
* ORGANIZACIÓN NACIONAL DE CEGOS ESPAÑOIS, CIF Q-2866004-A
* CORO CLÁSICO DE VIGO, CIF G-36680460.
* CORAL POLIFÓNICA MARÍA MADRE DEL BUEN PASTOR, CIF G-36816874
* RC NÁUTICO DE VIGO, G-36617752.
* ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA Y CONSUMO “AGARIMO”, CIF G-36821817.
* ASOCIACIÓN MÁXIMO GORKI, CIF G-36759017
* COLEXIO DE AVOGADOS DE VIGO, CIF Q-3663003-F

*PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA 2005 “VIGO, UN MAR DE CORAIS”.*

*Vigo, o de xuño de dous mil cinco.*

*R E U N I D O S*

*Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n, CP 36202; en adiante O CONCELLO.*

*Doutra parte:*
*D. JOAQUIN CARVAJAL BAÑOS, NIF 09582515-W, presidente da entidade CORO CLÁSICO DE VIGO, CIF G-36680460, con domicilio social en Vigo, rúa Venezuela, núm 11, actuando en representación desta.*

*Dª. CARMEN RODAL GONZÁLEZ, NIF 76833497-L, presidenta da entidade CORAL POLIFONICA MARIA MADRE DEL BUEN PASTOR, CIF G-36816874, con domicilio social en Vigo, rúa Vazquez Varela, núm 15, actuando en representación desta.*

*D. BENJAMÍN GONZÁLEZ LÍAS, NIF 36011386-X, presidente da AVCU-CSCR DE BEADE, CIF G-36632081, con domicilio social en Vigo, rúa Coutadas-Beade, núm 98, actuando en representación desta.*

*D. MANUEL LÓPEZ HERBÓN, NIF 36008557-X, presidente da entidade CORAL MARÍA AUXILIADORA, CIF G-36723716, con domicilio social en Vigo, rúa Venezuela, núm 9, actuando en representación desta.*

*D. MANUEL FRADE CASTRO, NIF 35817633-D, presidente da entidade DO REAL CLUB NAUTICO, CIF G-36612752, con domicilio social en Vigo, rúa Elduayen, núm 2, actuando en representación desta.*

*D. VICTOR JOSE FONTAN LOJO NIF 35892634-F, presidente da entidade CORAL SANTA CLARA, CIF G-36714665, con domicilio social en Vigo, rúa Ramón Nieto, núm 403, actuando en representación desta.*

*D. OSCAR DOMINGUEZ GONZALEZ, NIF 36048600-X, presidente da entidade UVCD DE CANDEAN, CIF G-36863348, con domicilio social en Vigo, rúa Devesa, núm 25, actuando en representación desta.*

*D. GABINO GOBERNA COSTAS, NIF 35875894-B, presidente da entidade ASOC. MASA CORAL PERLA DEL ATLÁNTICO, CIF G-36899979, con domicilio social en Vigo, rúa San Paio-Alcabre, núm 45, actuando en representación desta.*

*D. MARCELINO BARREIRO FERNANDEZ, NIF 36022585-P, presidente da entidade SCRD HELIOS, CIF G-36633428, con domicilio social en Vigo, rúa Torreiro, núm s/n, actuando en representación desta.*

*D. ANGEL ALFONSO BASTOS, NIF 35988170-R, presidente da entidade AGRUP. MUSICAL LIRA DE SAN MIGUEL DE OIA, CIF G-36638419, con domicilio social en Vigo, rúa Currás, núm 34, actuando en representación desta.*

*D. LUIS MARTINEZ SALGADO, NIF 35858241-E, presidente da entidade AGRUP. CULTURAL GALICIA SOCIAL, CIF G-36828481, con domicilio social en Vigo, rúa Pza. América, núm 3, actuando en representación desta.*

*D. LUIS CALVO CUESTA, NIF 12689677, presidente da entidade CCAR RUEIRO DEL CRISTO DE LA VICTORIA DE COIA, CIF G-36626802, con domicilio social en Vigo, rúa Bayona, núm s/n, actuando en representación desta.*

*D. FERNANDO DAVILA BARROS, NIF 36009725-M, presidente da entidade CORAL POLIFONICA OLIVICA, CIF G-36838431, con domicilio social en Vigo, rúa Ecuador, núm 17, actuando en representación desta.*

*D. MODESTO RODRIGUEZ RODRIGUEZ, NIF 76887859, presidente da entidade AVCR SAN MAMEDE DE ZAMANES, CIF G-36691855, con domicilio social en Vigo, rúa Cidanes, núm 3, actuando en representación desta.*

*Dª. ROSA V. GALLEGO DOMÍNGUEZ, NIF 34531048-K, presidente da entidade ASOC. DE AMAS DE CASA Y CONSUMO AGARIMO, CIF G-36821817, con domicilio social en Vigo, rúa Venezuela, núm 11, actuando en representación desta.*
*D. LUIS RODRIGUEZ PEREZ, NIF 35940822-X, presidente da entidade AVV DE CABRAL, CIF G-36651073, con domicilio social en Vigo, rúa Santa Mariña Casal Cabral, núm 95, actuando en representación desta.*

*Dª. MARIA BEGOÑA LAGO RODRIGUEZ, NIF 36043489-M, presidente da entidade CORAL POLIFONICA VAL DO FRAGOSO, CIF G-36841989, con domicilio social en Vigo, rúa Val Miñor, núm 1, actuando en representación desta.*

*D. ANGEL COSTAS FERNANDEZ, NIF 35975875-B, presidente da entidade SCD ATLANTIDA DE MATAMA, CIF G-36620854, con domicilio social en Vigo, rúa Canteiros, núm 53, actuando en representación desta.*

*D. EMILIO PEREZ PEREZ, NIF 35935099-Z, presidente da entidade ASOC. CORAL POLIFONICA ANDURIÑA, CIF G-36898708, con domicilio social en Vigo, rúa Canido Playa, núm 163, actuando en representación desta.*

*D. SATURNINO CARREIRA MALLO, NIF 36028032, presidente da entidade AVCUeC EMILIO CRESPO, CIF G-36648608, con domicilio social en Vigo, rúa Bravo, núm 6, actuando en representación desta.*

*D. ALVARO GONZALEZ MAGARIÑOS, NIF 35982264-Y, presidente da entidade ASOC. MAXIMO GORKI DE SOLIDARIEDADE ENTRE OS POBOS, CIF G-36759017, con domicilio social en Vigo, rúa República Argentina, núm 17, actuando en representación desta.*

*Dª. ELISA CASTRO ALONSO, NIF 36033033-Z , presidente da entidade SCRD NAUTILIUS, CIF G-36631703, con domicilio social en Vigo, rúa Iglesia-Comesaña, núm 11, actuando en representación desta.*

*D. ELISARDO DACOSTA TORRES, NIF 35979654, presidente da entidade CCAR DE VALLADARES, CIF G-36617082, con domicilio social en Vigo, rúa ctra. Xeral de Valladares, núm 233, actuando en representación desta.*

*D. ALFONSO ÁLVAREZ GANDARA , NIF 35887139-D, presidente da entidade COLEXIO DE AVOGADOS DE VIGO, CIF Q-3663003-f, con domicilio social en Vigo, rúa Lalín, núm 4, actuando en representación desta.*

*D. VICENTE GARCIA CALABUIG, NIF 74345011-H presidente da entidade ONCE (ORGANIZACIÓN NACIONAL DE CIEGOS), CIF Q-2866004-A, con domicilio social en Madrid, rúa Prado, núm 24, actuando en representación desta.*

*M A N I F E S T A N*

*1. Que a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural vén realizando un importante labor de descentralización da programación cultural polos numerosos barrios da nosa cidade, baseada no apoio, difusión e potenciación das artes escénicas e musicais, e que se concreta na organización de ciclos permanentes coas bandas de música, compañías de teatro de adultos e de teatro infantil.*

*2. Que a citada concellaría organizou o pasado ano un ciclo de actuacións de agrupacións de música coral da nosa cidade por distintos barrios e está interesada en repetir esta experiencia tras o éxito acadado.*

*3. Que as entidades relacionadas están interesadas, pola súa banda, en participar neste ciclo durante o exercicio 2005 e así llo solicitou ao Concello de Vigo.*

*Dado o interese do exposto, o Concello de Vigo e as citadas entidades establecen a súa relación para o exercicio 2005 mediante o presente convenio de colaboración, que será rexido polas seguintes*

*C L Á U S U L A S*

*PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é o apoio, potenciación e promoción dende o Concello de Vigo das masas corais da nosa cidade, a través da programación dun ciclo*

*estable de actuacións polos barrios vigueses, denominado "VIGO, UN MAR DE CORAIS".*

*SEGUNDA.- O importe total deste convenio, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a DEZASEIS MIL OITOCENTOS (16.800) €, aplicable á partida 451.2.227.06.02 (actividades culturais diversas) do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio, e cun importe individual para cada coral de SEISCENTOS SETENTA E DOUS EUROS (672) €. Nesta contía, enténdense incluídos todo os gastos que se deriven das actuacións.*

*TERCEIRA.- Os concertos con cargo a este convenio irán destinados ao público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se realicen. Os lugares concretos de actuación serán decididos pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, tendo en conta as seguintes necesidades técnicas:*

- *Escenario adecuado e suficiente para a actuación da coral.*
- *Estrutura para a disposición dos membros da coral en tres niveis.*
- *Cadeiras para o público.*
- *Local a modo de camerinos para cambio de vestiario.*

*CUARTA.- As obrigas que asumen as corais respecto do Concello son as seguintes:*

1. *Realizar TRES actuacións, unha delas de carácter gratuíto que decidirá o Concello.*

2. *A Concellaría de Festas e Animación Sociocultural comunicaralle a cada coral os lugares, datas e horas das actuacións:*

   - *se a data indicada estivese dispoñible, quedará automaticamente comprometida co Concello para a súa realización.*
   - *se a data estivese comprometida previamente, deberá acreditar o compromiso na citada concellaría nun prazo de dous días hábiles dende o recibo da comunicación; en caso contrario entenderase que se acepta a súa realización.*

*Toda actuación que se realice sen a autorización previa da Concellaría de Festas non será aboada con cargo a este convenio.*

*De mutuo acordo entre o Concello de Vigo e as entidades asinantes, desígnase a Enrique Lorenzo Vila, como coordinador desta programación, coa función principal de servir de conexión entrambas partes: determinar as datas e horarios dispoñibles de cada coral, solicitar posibles cambios, comunicar incidencias...*

*QUINTA.- Aquelas entidades que propoñan a realización de concertos e que sexan finalmente programados pola Concellaría de Festas e Animación Sociocultural, deberán asumir os seguintes compromisos:*

- *Distribuír o material gráfico que se envíe dende o Concello, se é o caso, para difundir o concerto e incluír o logotipo do Concello de Vigo naquel que edite a propia entidade.*
- *Xestionar e aboar o importe correspondente aos dereitos de autor derivados da actuación da coral.*
- *Cubrir a "certificación de actuación", da que se inclúe modelo no anexo do convenio, con indicación das posibles incidencias acontecidas durante o desenvolvemento do concerto programado.*

*SEXTA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Festas e Animación Sociocultual, son as seguintes:*

1. *Programar as datas, lugares e horarios dos concertos con cargo a este convenio.*

2. *Comunicarlles ás corais os lugares, datas e horas das actuacións, cunha antelación mínima de 15 días naturais. Debido a esto, poderanse desestimar aquelas propostas de realización de concertos que non sexan presentadas no Rexistro Xeral cunha antelación mínima de 20 días á data solicitada.*

3. *Editar o material gráfico, se é o caso, e realizar a difusión aos medios de comunicación de informacións acerca das actuacións programadas.*

4. *Velar para que as condicións das actuacións sexan as máis apropiadas e consensuadas coa propia coral, dignificando os espazos, lugares, escenarios, etc. Quedan expresamente prohibidas as actuacións ao aire libre.*

*SÉTIMA.- O mecanismo de seguemento deste convenio realizarase con base nas "certificacións de actuación", asinadas pola entidade correspondente, e da presencia do persoal técnico da Concellaría de Festas durante os concertos.*

*OITAVA.- O pagamento do importe estipulado na cláusula segunda tramitarase unha vez realizadas as actuacións e tras a presentación, a través do Rexistro Xeral, da factura acompañada das certificacións de actuación correspondentes, sempre antes do día 20 de decembro; o pagamento realizarase mediante transferencia ás respectivas contas bancarias das entidades asinantes*

*NOVENA.- A cancelación do presente convenio con algunha das entidades poderá producirse unilateralmente por parte do Concello de Vigo, por algún destes motivos:*

1. *Unha incomparecencia inxustificada a un concerto.*
2. *Por impuntualidade non xustificada en tres ocasións.*

*DÉCIMA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2005. Así mesmo, non será prorrogable.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- O Concello de Vigo non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*DECIMO SEGUNDA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.*

*E en proba de conformidade asinan o presente convenio por triplicado e a un só efecto, na data e lugar indicados.*

**32(846).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA O PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSIÓN "PARA O DEUS BEROBREO" QUE SE REALIZARÁ NO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN, DURANTE OS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2005. EXPTE 1703/337.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do concelleiro da Area de Asuntos Sociais, do 23.06.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Poñer á venda 150 catálogos, dos 1000 editados co gallo da exposición "Para o deus Berobreo" a un prezo unitario de venda ao público de 10 €.- IVE engadido, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello, obrigas con patrocinador da exposición (Caixagalicia) e de intercambio do museo.

**33(847).- PRODUCTIVIDADE AO PERSOAL MUNICIPAL CON MOTIVO DAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS DO DÍA 19 DE XUÑO DE 2005. EXPTE. 234/234.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da xefa de Estatística e coordinadora electoral, do 24.06.05, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

*Con data 26 de abril deste ano, publicouse no Diario Oficial de Galicia, o Decreto de Convocatoria para as Eleccións ao Parlamento de Galicia.*

*Dita convocatoria, obrigou ao concello a realizar unha serie de tarefas, as cales fixéronse polos empregados municipais fora da xornada habitual de traballo. En concreto, estas tarefas foron:*

*As desempeñadas polo persoal da Policía Local nas notificacións aos membros elixidos nas mesas electorais de Vigo.*

*As desempeñadas polo persoal do Parque Central de Servicios Municipal, que consistiron en preparar e construir novas carteleiras de propaganda electoral e instalalas e retiralas nos lugares fixados a tal fin. Reparar as cabinas e urnas deterioradas. Preparar, repartir e instalar nos colexios electorais, urnas, papeletas, sobres, cadeiras, mesas e cabinas de votacións. Montar e desmontar algúns colexios electorais o dia anterior ás votacións para impedir a paralización da súa actividade normal, Reparación de accesos e deficencias eléctricas, limpeza a retirada do material destes colexios, e moitas delas a primeiras horas do dia seguinte á votación, para ter a súa actividade normal. Endemáis, estes empregados estiveron toda a xornada electoral, para resolver calqueira incidencia que poidera presentarse.*

*As horas adicadas fora da xornada habitual de traballo, veñen refrendadas pola Xerencia do Parque Central de Servicios e pola Secretaria da Xunta Electoral de Zona de Vigo.*

*Polo tanto, e co cargo a partida de productividade do vixente Presuposto Municipal, fáise a seguinte PROPOSTA:*

*Sexa aboada a cantidade de 24.679,61€ ao persoal da Policía Local segundo cadro anexo no que consta as horas realizadas por cada funcionario, e as súas respectivas cantidades, as cales fixáronse dacordo co valor da hora establecida no Acordo Regulador das condicións de traballo do Concello.*

*Sexa aboada a cantidade 5.639,20€ ao persoal do Parque Central de Servicios Municipal, segundo cadro anexo.*

Consta no expediente informe do técnico de Intervención Xeral, do 5.07.05, conformado polo interventor xeral, que acredita a existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar.

<u>Acordo</u>

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

Sexa aboada a cantidade de 24.679,61€ ao persoal da Policía Local segundo o cadro anexo no expediente, no que consta as horas realizadas por cada funcionario, e as súas respectivas cantidades, as cales fixáronse dacordo co valor da hora establecida no Acordo Regulador das condicións de traballo do Concello.

Sexa aboada a cantidade 5.639,20€ ao persoal do Parque Central de Servicios Municipal, segundo cadro anexo no expediente.

**34(848).-RECEPCIÓN PARCIAL DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DA U.E. II-01 GÁNDARA.. EXPTE. 3945/401**.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Administración Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 24.06.05, a Xunta de Goberno local acorda:

*FEITOS*

*1º.- En data 08/02/1996 o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación da UE II-01 Gándara (expte. 3927/401). No día 16/04/1999 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización dese polígono, redactado polo enxeñeiro de Camiños D. Alberto Moreno Garcia, e visado na núa última versión no 18/02/1999 (expte. 3495/401).*

*2º.- No 17/06/2005 o enxeñeiro xefe da oficina municipal de Vías e Obras emitíu o seguinte Informe:*

*"Con fecha 22 de noviembre de 2001, la Junta de Compensación de la " U.E. II-01 Gándara " solicitaba la recepción de las obras de Urbanización, adjuntando:*

- *Acta de entrega de la Junta de Compensación de las obras conformada por la Dirección Técnica.*
- *Informe de la Dirección Técnica.*
- *Copia de documento notarial de formalización de cesiones al Ayuntamiento.*
- *Aprobación definitiva del proyecto de compensación.*

*En la inspección de las obras realizada entonces, fueron detectadas deficiencias de diversa índole que imposibilitaron la recepción de las mismas. Fue notificada la Junta de Compensación de dichas deficiencias así como otras adicionales que aparecieron en el transcurso del tiempo. Con fecha 12 de enero de 2005 fue presentado en el Registro de la Gerencia Municipal de Urbanismo, escrito de F. J. Víctor Vila Davila como presidente de la Junta de Compensación, en el que manifiesta haber corregido las deficiencias comentadas. En dicho escrito se hace mención a la imposibilidad del ajardinamiento de la zona verde que se identifica en los planos definitivos como US, colindante con la parcela de resultado $B_2$ y que básicamente servirán a los futuros propietarios del inmueble que sobre la misma se edifique. Manifiesta que el propietario de la parcela de origen , a pesar de haberse adherido a la Junta de Compensación y habiéndose otorgado como finca de remplazo la B2 y habiéndose indemnizado por el valor de la construcción , continúa ocupándola. Manifiesta que la parcela en la que se localiza la zona verde, ha sido cedida al Ayuntamiento así como el derecho de superficie sobre el resto de parcela de cesión Municipal. Las parcelas no urbanizadas son las que en el " Anexo al Proyecto de Compensación correspondientes a la U.E. II-01 Gándara" se describen entre las de cesión al Ayuntamiento como:*

*Parcela 2.2 de 132,00 $m^2$*
*Parcela 2.3 de 391,00 $m^2$*
*Parcela 4.3 de 487,00 $m^2$*

*La parcela 4.3 ha sido urbanizada en el entorno de la parcela A faltando la parte colindante con la parcela $B_2$. En el mencionado escrito y en su punto 4º a fin de justificar la recepción parcial del ámbito ya urbanizado, se dice*

*que dicho ámbito constituye una unidad funcional directamente utilizable. A criterio de quien suscribe, efectivamente la zona pendiente de urbanizar no afecta al paso de vehículos o peatones al estar prácticamente en su totalidad en la zona circundante del edificio $B_2$ , aún sin construir, estando totalmente urbanizada la calle A del proyecto, no resulta tampoco ser zona de paso a parte alguna del ámbito de la urbanización al estar localizada en uno de sus vértices.*

*Se adjuntan informes favorables de :*

*Telefónica de fecha 11/02/05*
*"R" de fecha 22/02/05*
*Parques y Jardines de fecha 24/02/05*
*Movilidad y Seguridad de fecha 08/06/05*
*Aqualia de fecha 15/06/05*
*Electro-mecánicos de fecha 23/05/05*
*Vías y Obras de fecha 08/06/05*

*Por lo expuesto, la zona urbanizada se ajusta sensiblemente a lo contemplado en el proyecto de urbanización estando en condiciones aceptables de servicio"*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

*O art. 110.5 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) dispón que: "A recepción polo concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexerase polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas".*

*O art. 147.1 RDLex. 2/2000, do 16 de xuño, aprobatorio do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas preceptúa que:*

*"1.- No tempo de recepción das obras trala súa terminación e ós efectos establecidos no artigo 110.2, concurrirá un facultativo designado pola Administración, representante désta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo (...). 2.- Se as obras atópanse en bo estado e axustadas ás prescripcións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e o representante désta daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comenzando entón o prazo de garantía (...) 3.- O prazo de garantía (...) non poderá ser inferior a un ano".*

*Neste suposto, o Informe-Proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras do 17/06/2005, sumada á solicitude de recepción das obras, pode considerarse equivalente á acta de recepción das obras.*

*Por outra banda, debe tamén considerarse que o art. 123.2 LOUGA, obriga a executa-lo planeamento "por polígonos completos". Polo tanto, como norma xeral, a recepción das obras de urbanización nas actuacións sistemáticas debe referirse ó polígono completo, unha vez rematadas na súa totalidade. Non obstante, no art. 180.2 do Regulamento de Xestión Urbanística prevese como excepción a posibilidade dunha recepción parcial cando "a área xa urbanizada constitúa unha unidade funcional directamente utilizable e se teña producido respecto da mesma a recepción definitiva por parte da Xunta de Compensación". Neste caso concreto resulta factible a recepción parcial das obras de urbanización, por canto ademáis de representar máis do 80% da superficie total do ámbito, constitúen unha unidade funcional directamente utilizable e independente da pequena parte do polígono aínda non urbanizada. Así o considerou o enxeñeiro xefe de Vías e Obras no seu Informe do 17/06/2005 citado.*

*Rexerán os prazos de garantía e responsabilidade por vicios ocultos establecidos na normativa de contratación citada e nos demais preceptos que resulten de aplicación.*

*Por outra banda, a propiedade do ámbito deberá asumi-lo mantemento das novas zonas verdes cedidas ó Concello, tal e como preceptúa o Aptdo. 3.2.3.5.b) 'in fine' PXOU-93 (páx. 28 BOP nº 133, do 14/07/93). Para tal fin deberán constituírse en entidade urbanística de conservación (art. 110.6 LOUGA).*

*É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.*

*En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a fin de que adopte o seguinte A C O R D O:*

*PRIMEIRO: Aproba-la recepción parcial das obras de urbanización da UE II-01 Gándara, que abranguen a totalidade do polígono coa excepción das parcelas resultantes "B2", "2.2", "2.3" e "4.3" (expte. 3945/401).*

*SEGUNDO: Requirir ó propietario da parcela resultante "B2" a fin de que no prazo improrrogable de quince días dende a notificación deste Acordo permita acceder á Xunta de Compensación á súa finca para remata-las obras de urbanización, e no seu caso incóese o correspondente procedemento de desafiuzamento forzoso.*

*TERCEIRO: Requirir ós propietarios desa unidade de actuación, a fin de que no prazo máximo de tres meses se constitúan en entidade de urbanística de conservación.*

*CUARTO: Notifíquese este Acordo ós servicios municipais de Licencias, Vías e Obras, Patrimonio e Contratación, Estatística, Cultura, Limpeza, Parques e Xardíns, Electromecánicos e Aqualia. Notifíquese tamén o seu contido íntegro á Xunta de Compensación e ós propietarios do ámbito, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**35(849).-NOMEAMENTO DUNHA TÉCNICA DE ADMÓN. XERAL COMO FUNCIONARIA INTERINA PARA A SÚA ADSCRICIÓN Á XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 1216/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse cotna do informe-proposta do xefe de Servizos Centrais, do 06.07.05, conformado polo secretario da Xerencia e o concelleiro delegado de Urbanismo, que di o seguinte:

1) *Antecedentes e feitos:*

*Con data 25 de maio de 2005 a Alcaldesa do Concello de Vigo resolveu adscribir provisoriamente as Técnicas de Administración Xeral desta Xerencia, Marta Riobó Ibáñez e María José Loureiro Bada, ós postos de Directora de Área de Intervención Urbanística (código 420.01) e Adxunto Xefe do Servizo de Intervención Urbanística (código 420.02), respectivamente.*

*Como consecuencia destos nomeamentos queda vacante o posto 420.03 de "Técnico de Administración Xeral" no servizo de "Intervención Urbanística-Oficina Administrativa".*

*Tendo en conta que nos últimos dez meses deixaron de prestar servizo neste Organismo Autónomo tres Técnicos de Administración Xeral (Francisco González- Yebra Pimentel e Margarita Parajó Calvo trasladáronse á Asesoría Xurídica e Dolores Espiño Collazo á xefatura de Réxime Interior do Concello), a falta de "xurídicos" nesta Xerencia Municipal de Urbanismo está a xerar graves retrasos na tramitación de determinados expedientes, especialmente no área de disciplina urbanística. Estos retrasos poden xerar incumprimentos de prazos legais de resolución, prescripcións ou caducidades.*

*A tal efecto, esta Xerencia pretende o nomeamento como funcionario interino dun técnico de administración xeral para cubrir o posto 420.03 da R.P.T. do Concello. O sistema de selección será "tirar" da lista de aprobados da última oposición de Técnico de Administración Xeral (TAX) celebrada nesta Xerencia Municipal de Urbanismo.*

*A selección utilizando a maior puntuación obtida polos aspirantes da última oposición de TAX que non obtiveron praza, fundaméntase na axilidade do sistema tendo en conta a urxencia que require a dotación do posto.*

*A utilización da lista de aspirantes aprobados sin praza da última oposición de TAX convocada por este Organismo Autónomo, fundaméntase nos seguintes motivos:*

*1º) A lista de aprobados sin praza da última oposición de TAX convocada pola Administración Central deste Concello de Vigo está agotada (a única aspirante que superou os exercicios eliminatorios foi nomeada interinamente polo Concello e presta servizo na actualidade en "Patrimonio e Contratación").*

*2º) A última oposición de TAX celebrada no conxunto deste Concello de Vigo foi a convocada por este Organismo Autónomo: o nomeamento, como consecuencia do proceso selectivo, foi realizado o 23 de decembro de 2004 polo Consello desta Xerencia Municipal de Urbanismo (a oposición convocada pola Administración Xeral do Concello desenvolveuse e resolveuse no ano 2003).*

*3º) Tratándose de nomear interinamente a un TAX para que preste servizo na Xerencia Municipal de Urbanismo, reunirá máis "merito" e "capacidade" en materia urbanística si superou os exercicios eliminatorios dunha oposición na que o programa e os casos prácticos tiñan un gran contido urbanístico.*

2) *Fundamentos de dereito:*

*O artigo 27 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aprueba el Reglamento General de Ingreso del Personal al Servicio de la Administración General del Estado, de aplicación supletoria ás Entidades Locais (artigo 1.3), establece:*

*"1. El nombramiento del personal interino se efectuará, con arreglo a los principios de mérito y capacidad,… <u>El nombramiento deberá posibilitar la máxima agilidad en la selección</u>, en razón a la urgencia requerida para cubrir transitoriamente los puestos de trabajo en tanto se destinan a los mismos a funcionarios de carrera.*

*2. Los funcionarios interinos deberán reunir, en todo caso, los requesitos generales de titulación y las demás condiciones exigidas para participar en las pruebas de acceso a los correspondientes Cuerpos o Escalas como funcionarios de carrera."*

*A disposición adicional primeira, párrafo segundo, do Real Decreto 896/1991, de 7 de junio, "Funcionarios de la Administración Local. Reglas básicas y programas mínimos a que debe ajustarse el procedimiento de selección" dispón:*

*"El personal funcionario interino deberá reunir los requisitos generales de titulación y las demás condiciones exigidas para participar en las pruebas de acceso a las correspondientes Escalas, subescalas y clases como funcionarios de carrera. Se dará preferencia a aquellos aspirantes que hayan aprobado algún ejercicio en las pruebas de acceso de que se trate".*

*Por outra parte, o nomeamento de funcionarios interinos utilizando as listas de aprobados na última oposición para igual praza, ven sendo práctica habitual neste Concello de Vigo nos últimos anos e ven amparada pola Xurisprudencia (así por exemplo na Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 7ª, de 23 de setembro de 2002).*

*3) Proposta:*

*De conformidade coa acta do tribunal encargado da selección dun técnico de administración xeral de data ún de decembro de 2004, a aspirante que superou os tres exercicios eliminatorios con maior puntuación sin obter praza foi Dª Carla Candia Paz, con DNI 77.587.450G.*

*En consecuencia, proponse á Xunta do Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*"Nomear a Dª Carla Candia Paz, con DNI 77.587.450G, Técnico de Administración Xeral deste Concello de Vigo, como funcionario interino adscrito á Xerencia Municipal de Urbanismo, por ter superado, sin obter praza e coa maior puntuación, os exercicios eliminatorios da última oposición de Técnico de Administración Xeral".*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**36(850).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSO MATERIAL ELÉCTRICO PARA O SERVIZO DE ELECTROMECÁNICOS". EXPTE. 11186/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas para a adquisición de material eléctrico para a substitución do que se atopa deteriorado, asinado polo enxeñeiro industrial municipal, do 30.03.05, o informe xurídico do 23.06.05, o prego de cláusulas administrativas para dita contratación, do 27.06.05, asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e o asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, e de acordo co informe-proposta do 21.04.05, dos devanditos xefe Administrativo e asesor xurídico, conformado polo xefe do Servizo de Electromecánicos, o concelleiro delegado da Área de Servicios Xerais, e a Interventora Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas para o contrato de subministración de "Diverso material eléctrico para o servicio de Electromecánicos" elaborado polo servicio de Electromecánicos.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas elaborado pola Área de servicios Xerais para a contratación por procedemento aberto en forma de concurso da subministración de “Diverso material eléctrico para o servicio de Electromecánicos”.

3º.- Autorizar o gasto de 200.000,00 euros para a contratación do subministro de “Diverso material eléctrico para o servicio de Electromecánicos ” con cargo ás partidas 4324.611.00.01; 4324.611.00.03 ; 4324.611.00.04 ; 4324.611.00.05 e 4324.611.00.06 do presuposto 2005.

4º.- Convocar o concurso aberto para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**37(851).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE DIZ FORMOSO S.L. CONSTITUÍDA POLA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CUN VALADO DE OBRA NA RÚA CHILE ESQ. TRAV. ROMIL. EXPTE. 44721/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enseñeiro xefe de Vías e Obras, do 28.06.05, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

*Con data 07 de marzo de 2003, autorizouse a DIZ FORMOSO, S.L. con núm. de expdte. 37301-250, a ocupación da vía pública cun valado de obra de 20X1 metros e a retirado e posterior colocación de (6) bolardos, na r/ Chile esq. Trav. Romil para derruba e posterior construcción de edificio. Licencias núm. 45359/421 e 42906/421. Constituindo unha fianza de seis mil euros (6.000 €), con número de operación 200300011454 de data 07/03/2003, para respoder dos posibles desperfectos na vía pública.*

*Con data 27 de abril de 2005, con número de documento 50106388, indica que xa repuso os bolardos na vía pública e solicita a devolución da fianza.*

*Na inspección feita con data 28 de xuño de 2005, comprobouse que o valado foi retirado da vía pública, os bolardos repostos e o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que se PROPON:*

*Proceder á devolución da fianza de seis mil euros (6.000 €), a favor de DIZ FORMOSO, S.L*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**38(852).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUTOR FLEMING PARA O**

**DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 1366/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.06.05 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 30.05.05, conformado pola concelleira delegada de Xuventude e a interventora xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING por importe de 5.286 € (CINCO MIL DOUSCENTOS OITENTA E SEIS) EUROS para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.226.08.00.

2.- Que se libre a cantidade de 2.643 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (2.643 €) á finalización do mesmo.

3.- Facultar a D. Lucía Molares Pérez, como concelleira delegada da Área de Xuventude para a sinatura do presente convenio.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL, DR. FLEMING PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN XUVENIL DURANTE O MES DE XULLO DE 2005.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Dna. Corina Porro Martinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo ( C.I.F P-3605700-H ), con enderezo na Praza do Rei s/n.*

*Doutra parte, Dn.José Ramón Mosquera Torres con D.N.I. 36.109.666 B, como presidente da ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, C.I.F G-.G-36.663.618*

*Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .*

*EXPOÑEN:*

*O fomento do asociacionismo xuvenil é un dos exes de traballo da Concellería de Xuventude, co que se pretende potencia-la participación dos xoves, apoiando iniciativas das asociacións e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.*

*Así , entre os obxectivos a conquerir coa sinatura do presente convenio están:*

- *A dinamización do tecido asociativo.*
- *Favorece-la consolidación e autonomía das asociacións.*
- *Crear espacios de participación xuvenil*
- *Colaborar cos axentes soiais para conquerir unha política xuvenil global que dé resposta ós problemas e inquedanzas d@s xoves*
- *Fomenta-la participación e o asociacionismo xuvenil e favorece-la consolidación de iniciativas que den resposta á xuventude non asociada*
- *Canaliza- las propostas dos e das xoves hacia a Administración e hacia a propia sociedade.*
- *Sensibilizar á opinión pública sobre os problemas específicos da xuventude.*

* *Proporcionar os instrumentos que den resposta ás demandas dos e das xoves para o desenrrolo dos seus obxetivos tanto individuais como colectivos.*

*Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING no barrio, así como o programa de actividades a desenvolver ata o mes de agosto do presente ano , consideramos apropiado a sua inclusión como entidade colaboradora no desenvolvemento de actividades xuvenís cara ó verán para @s xoves vigueses.*

*A.- Que o Concello de Vigo, a través das Concellería de Xuventude ,e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa que figura no ANEXOII do presente convenio.*

*B.- Que a Asociación Veciñal dr. Fleming , recoñece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera á citada asociación, como entidade óptima para a súa colaboración na execución dos proxectos presentados .*

*C- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude viguesa.*

*CONVEÑEN*

*1.- A organización e desenvolvemento do programa que se incorpora a este convenio como ANEXO I dacordo coa memoria económica que se achega.*

*2 .- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 5.286 € (CINCO MIL DOUSCENTOS OITENTA E SEIS)EUROS á Asociación Veciñal Dr. Fleming,con cargo á partida 4520.226.08.00, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 20800132190040014400 ,en dous prazos: 50% á sinatura do convenio e 50% restante ó remate do mesmo..*

*O persoal técnico da Concellería de Xuventude será o engcargada do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.*

*3.-A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias , así como a avaliación e a memoria económica da actividade, todo elo en disquete, formato word.*

*4.- A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, asume as seguintes obrigas:*
*a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.*
*b.- Presentar no Concello os informes e documentación esixida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .*
*c.- Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.*
*d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
*e.- Aboa-las taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .*
*f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financieiro que poida efectua-lo Concello.*

*5.- A entidade participante deberá amosar feacentemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.*

*7.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.*

*8.- O presente convenio terá duración  ata o 31 de xullo do 2005.*

*Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.*

*ANEXO I*
*As actividades a desenvolver  pola  ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING son as seguintes:*

- *Programa Verán de Lecer: consistente no desenvolvemento de actividades de ocupación do ocio e tempo libre, dirixido a  nenos e nenas de idades comprendidas entre 5 e 11 anos, que terá lugar de luns a venres en horario de 10:30 a 13:30 durante o mes de xullo, na sede da Asociación veciñal, rúa Zamora 80 e en diferentes espacios da cidade .*

**39(853).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CRAC DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL. EXPTE. 1338/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.05.06 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servicio de Xuventude, do 03.05.05, conformado pola concelleira delegada de Area e a Interventora Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO por importe de 20.000 € para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano 2005, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.04.

2º.- Que se libre a cantidade de 10.000 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (10.000 €) á finalización do mesmo.

3º.- Facultar a D. Lucía Molares Pérez, como Concelleria delegada da Área de   Xuventude para a sinatura do presente convenio".

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO RECREATIVO ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZAICÓN INFANTIL E XUVENIL*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Dña. Corina Porro Martinez , en representación do Excmo. Concello de Vigo ( C.I.F P-3605700-H ), con enderezo na Praza do Rei s/n.*

*Doutra parte, D.Angel Manuel Iglesias Lago, con D.N.I. 36.032.607, como presidente do Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, C.I.F. G-36.627.495.*

*Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .*
*EXPOÑEN*

*Que a Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potencia-la participación, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.*

*Que unha das liñas de acción empregadas para cumpri-los obxectivos citados é a potenciación de espacios lúdicos para nen@s onde se poida combinar tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a traverso do xogo.*

*Que a Concellería de Xuventude vén levando a cabo nos últimos anos actividades lúdicas e de educación non formal para xoves e nen@s en diversas parroquias da cidade.*

*Que o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo a está interesado en fomentar e potencia-la participación de tódolos tramos de idade, entre eles a d@s máis nov@s e, en especial, a d@s xoves debido ás característica sociais e estructurais da zona.*

*Que, ademáis, dita asociación conta coa cesión de espacios por parte do Colexio Tintureira,onde poder levar a cabo actividades lúdicas e de educación non formal.*

*ACORDAN*

*I.- Desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL ata o mes de decembro de 2005, concretado nunha Ludoteca, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.*

*II.- Este programa será levado a cabo nasinstalacións do Colexio Tintureira de Coruxo , dende o 1 de xaneiro ata o 31 de de decembro do ano 2005*

*III.- Para o desenvolvemento destas actividades, o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo presentará un PROXECTO onde se recollerán, entre outros, os contidos incorporados no ANEXO I.*

*IV.- Corresponderá ó CONCELLO DE VIGO, a traverso da Concellería de Xuventude:*

*A) Abonar a cantidade de 20.000 € (VINTE MIL ) EUROS ó Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0027 0000005814 de CAIXANOVA. Dita cantidade será aboada en dous prazos: un correspondente ó 50% do importe total á sinatura do presente convenio e outro do 50% restante á finalización do mesmo.*

*B) Garantir a prestación adecuada das actividades. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.*

*V.- O Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, asume as seguintes obrigas:*

*A) Desenvolver as actividades na forma, lugar e tempo, conforme ó previsto neste convenio.*

*B) As actividades desenvolveranse, nas instalacións do Colexio Tintureira de Coruxo. Excepcionalmente, poderanse usar outras dependencias, municipais ou non, no termo municipal de Vigo, de ser así acordado polo Concello de Vigo, atendendo ás necesidades do servicio, independentemente do número de nenas/os resultantes.*

*C) Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas*

*D) Cumpri-lo horario de prestación do Servicio que será: de 16:30 a 20:00 horas de luns a venres nos meses de curso escolar.urante o mes de xullo abrirase polas mañás de 10 a 13 horas.*

*E) Dispor do persoal apropiado para o desenvolvemento das finalidades do servicio. Dito persoal será dun mínimo de dúas persoas que desenvolverán o seu labor na Ludoteca. Deberase acreditar que este persoal ten rematado, como mínimo, o Bacharelato ou Formación Profesional de segundo grao, así mesmo como estar en posesión dunha titulación oficial en Tempo Libre (director ou monitor de Tempo Libre homologado pola Comunidade Autónoma de Galicia) e constatar experencia no eido da animación infantil e xuvenil, mediante currículum.*

*F) No persoal encargado das actividades observarase un comportamento axeitado e axustado ás finalidades de aquel e teráse en conta as idades e circunstancias persoais, familiares e sociais da poboación usuaria de ditos servicios.*

*G) O Programa realizarase con igualdade de trato e sen discriminación d@s usuarios.*

*H) Dispor do material funxible necesario para o desenvolvemento das actividades.*

*I) Presentar memoria descriptiva do desenvolvemento do programa, mensualmente, con datos sobre número de socios, participantes, características, as actividades desenvolvidas, os materiais empregados, empréstitos, incidencias, etc, así como a avaliación tanto dos participantes como das actividades, e a memoria económica ....., todo elo en disquete, formato word. Isto todo de cara a un coñecimento detallado do servicio por parte do Concello de Vigo.*

*J) Presentar proxectos mensuais de actividades que complementen o labor desenvolvido, debendo contar co visto e prace do persoal municipal para a súa posta en funcionamento.*

*K Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades, así como aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demáis gastos derivados das actividades.*

*L) 1.- O Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo será o encargado de dispor dos medios necesarios para a publicidade e das actividades nos mesmos. Dita publicidade deberá ser supervisada polo persoal municipal, previamente a calquera publicitación, debendo contar co visto e prace do mesmo, e sendo atendidas as indicacións que este puidera facer sobre aquela.*

*2.- Como norma xeral, en toda publicidade impresa deberá aparecer e de xeito destacado, Concellería de Xuventude, Concello de Vigo.*

*3.- A imaxe, logotipo, carteis, etc..., non poderán ser usados pola Asociación veciñal, sen autorización expresa e por escrito do Concello de Vigo, a traverso da xefatura de servicio de xuventude.*

*LL) Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades que se convenian.*

*M) Asistir e participar nas reunións ás que sexa convocado polo servicio de xuventude , calquera que sexa o lugar e hora sempre que se lle comunique cunha antelación suficiente de 24 hs.*

*N) Poñer en coñecimento do persoal técnico municipal, as charlas, conferencias, ponencias ou similares que se vaian desenvolver, sendo aquel o encargado de da-lo visto e prace á realización das mesmas. Isto sempre e cando se desenvolvan como complementoda actividade. No caso de que a experiencia e/ou desenvolvimento destas actividades, vaian ser presentados en Congresos, encontros ou similares precisará do visto e prace do Concello de Vigo, así como da participación dun representante municipal, cando supoña a presentación en modo de ponencia, conferencia ou similar.*

*Ñ) Admitir monitores en prácticas que o Concello destine, acordándose conxuntamente entre o persoal técnico e os técnicos municipais, o labor a desenvolver por aqueles, o período de tempo, etc.*

*O) Adquirir, repoñer, reparar ou sustituir, xogos, xoguetes, discos, e todos aqueles elementos de uso público.*

*VI.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo resérvase o dereito de interpretación do mesmo.*

*Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar.*

*ANEXO I*

*I. FINALIDADES DOS SERVICIOS.-*

*As finalidades do servicio a prestar concrétanse entre outras conexas, complementarias e interrelacionadas, nas seguintes específicas:*

*A) <u>LUDOTECA</u>*

*1.- Ofrece-los servicios, actividades e recursos para que @s nen@s, e a traverso do xogo e xoguete, desenvolvan a súa personalidade.*

*2.- Propicia-la práctica do xogo en grupo e con compañeir@s de idades similares.*

*3.- Fomenta-la cooperación e participación social d@s nen@s, aumenta-la comunicación e mellora-lo nivel de relación.*

*4.- Estimula-la creatividade a traverso da expresión oral, plástica, etc.*

*5.- Facilitar ós/ás nenos/as os xogos, libros e xoguetes que eles/as mesmos/as elixan en función dos seus gustos e aptitudes.*

6.- *Fomenta-los hábitos de:*

*- Hixiene, convivencia.*
*- Orde (utilizar ficheiros, fichas, recolle-los xogos e xoguetes).*

7.- *Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos manipulativos (bonecos, títeres, xoguetes técnicos).*

8.- *Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos motrices (xogos deportivos, de montaxe).*

9.- *Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos sensoriais (xogos de sociedade, de intercomunicación, técnicas musicais).*

10.- *Fomenta-lo coñecemento e uso de xogos tradicionais, enmarcados na historia da zona na que @s nen@s viven.*

11.- *Fomenta-la capacidade de pensamento lóxico e estratéxico, así como as de comprensión e atención.*

12.- *Fomenta-lo coñecemento e desenvolvemento da expresión corporal, verbal, musical.*

13.- *Fomenta-la capacidade de respeto (ás normas do xogo, no xogo con outr@s).*

14.- *Fomenta-lo deseño de xoguetes sinxelos, en particular, aqueles enmarcados na tradición da comunidade onde se ubica o espacio lúdico.*

15.- *Control e estudio dos materiais e reaccións d@s nen@s ante o xogo.*

16.- *Realizar actividades de animación a traverso do xogo.*

17.- *Desenvolver actividades de ambientación e extraordinarias que complementen á actividade lúdica.*

18.- *Realizar actividades de recuperación de xogos e xoguetes, enmarcadas na tradición da comunidade na que se encadra a ludoteca, facendo ós/ás nenos/as conscientes do valor que teñen como patrimonio común.*

19.- *Deseñar orientacións para os pais e nais, en orde á adquisición de xoguetes para @s seus fill@s.*

20.- *Fomenta-la capacidade de xogo dos pais e nais cos/coas seus/súas fillos/as e a integración dos/as mesmos/as no proceso formativo do xogo.*

21.- *Desenvolver actividades de integración dos pais, nais e adultos, no xogo d@s cativ@s.*

22.- *Busca-la integración e participación d@ nen@ na súa comunidade a traverso do xogo.*

*II. CONDICIÓNS DE EXECUCIÓN DO SERVICIO.-*

*O contratista comprometerase a:*

*A) Desenvolve-las actividades de cada un dos servicios que serán, de xeito xenérico:*

*1.- <u>LUDOTECA</u>*

*- Empréstito de xogos e xoguetes na sala de xogos, e de empréstito de xogos e xoguetes para o exterior.*

*- Desenvolvemento de obradoiros, e actividades de animación en torno ó xogo e xoguete.*

*- Realización de exposicións, charlas, táboas redondas con pais/nais e educadores/as, en torno ó mundo do xogo e do xoguete.*

*- Realización de actividades de xeito extraordinario, de acordo co marcado no apartado I, finalidades.*

*- Realizar sesións ou actividades formativas para @s monitores en prácticas que o Concello destine nese servicio.*

*- Elaboración, cumprimentación e actualización das fichas de usuari@s e de empréstito de xogos e xoguetes da Ludoteca*

**40(854).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CRAC DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE CAMPAMENTOS URBÁNS DURANTE ESTE VERÁN. EXPTE. 1375/336**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.07.05 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servicio de Xuventude, do 14.06.05, conformado pola concelleira delegada de Area e coa conformidade do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que se achega, entre o Concello de Vigo e CENTRO RECREATIVO, ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO por importe de 4.000 € (CATRO MIL ) EUROS para o desenvolvemento de actividades de Campamentos Urbanos durante o verán do presente ano, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.12.

2º.- Que se libre a cantidade de 2.000 € correspondentes ó 50% do total á sinatura deste convenio , e o 50% restante (2.000 €) á finalización do mesmo.

3º.- Facultar a D. Lucía Molares Pérez, como Concelleria delegada da Área de Xuventude para a sinatura do presente convenio.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO RECREATIVO ARTÍSTICO E CULTURAL DE CORUXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE CAMPAMENTOS DE VERÁN DO ANO 2005.*

*Na Casa do Concello a .....*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, Dña. Corina Porro Martinez , en representación do Excmo. Concello de Vigo ( C.I.F P-3605700-H ), con enderezo na Praza do Rei s/n.*

*Doutra parte, D.Angel Manuel Iglesias Lago, con D.N.I. 36.032.607, como presidente do Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, C.I.F. G-36.627.495.*

*Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .*

*EXPOÑEN:*

*O fomento do asociacionismo xuvenil é un dos exes de traballo da Concellería de Xuventude, co que se pretende potencia-la participación dos xoves, apoiando iniciativas das asociacións e das entidades prestadoras de servicios á xuventude.*

*Así , entre os obxectivos a conquerir coa sinatura do presente convenio están:*

- *A dinamización do tecido asociativo.*
- *Favorece-la consolidación e autonomía das asociacións.*
- *Crear espacios de participación xuvenil*
    - *Colaborar cos axentes soiais para conquerir unha política xuvenil global que dé resposta ós problemas e inquedanzas d@s xoves*
    - *Fomenta-la participación e o asociacionismo xuvenil e favorece-la consolidación de iniciativas que den resposta á xuventude non asociada*
    - *Canaliza- las propostas dos e das xoves hacia a Administración e hacia a propia sociedade.*
    - *Sensibilizar á opinión pública sobre os problemas específicos da xuventude.*
    - *Proporcionar os instrumentos que den resposta ás demandas dos e das xoves para o desenrrolo dos seus obxetivos tanto individuais como colectivos.*

*Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a o CENTRO CULTURAL DE CORUXO no barrio, así como o programa de actividades a desenvolver ata o mes de agosto do presente ano , consideramos apropiado a sua inclusión como entidade colaboradora no desenvolvemento de actividades xuvenís cara ó verán para @s xoves vigueses.*

*A.- Que o Concello de Vigo, a través das Concellería de Xuventude ,e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa que figura no ANEXOII do presente convenio.*

*B.- Que o CENTRO CULTURAL DE CORUXO, recoñece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera á citada asociación, como entidade óptima para a súa colaboración na execución dos proxectos presentados .*

*C- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á infancia e xuventude viguesa.*

*D- Que a Concellería de Xuventude vén levando a cabo nos últimos anos actividades lúdicas e de educación non formal para xoves e nen@s en diversas parroquias da cidade.*

*E- Que o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo a está interesado en fomentar e potencia-la participación de tódolos tramos de idade, entre eles a d@s máis nov@s e, en especial, a d@s xoves debido ás característica sociais e estructurais da zona.*

*ACORDAN*

*I.- Desenvolver un PROGRAMA DE CAMPAMENTO URBANO EN CORUXO, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.*

*II.- Este programa será levado a cabo nas instalacións do Colexio Tintureira e Carrasqueira de Coruxo , así como nos espacios naturais de praias e montes da parroquia , durante os meses de verán do ano 2005*

*III.- Para o desenvolvemento destas actividades, o Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo presenta un PROXECTO onde se recollen, entre outros, os contidos obxectivos e actividades a desenvolver incorporados no ANEXO I.*

*IV.- Corresponderá ó CONCELLO DE VIGO, a traverso da Concellería de Xuventude:*

*A) Abonar a cantidade de 4.000 € (CATRO MIL ) EUROS ó Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 2080 0027 0000005814 de CAIXANOVA. Dita cantidade será aboada en dous prazos: un correspondente ó 50% do importe total á sinatura do presente convenio e outro do 50% restante á finalización do mesmo.*

*B) Garantir a prestación adecuada das actividades. Para elo, o persoal técnico da Concellería de Xuventude será o encargado do seguimento da execución do convenio , así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.*

*V.- O Centro Recreativo, Artístico e Cultural de Coruxo, asume as seguintes obrigas:*

*C) Desenvolver as actividades na forma, lugar e tempo, conforme ó previsto neste convenio.*

*D) .Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.*

*C). Dispor do material funxible necesario para o desenvolvemento das actividades.*

*D). Dispor dun seguro de responsabilidade civil que cubra a actividade a desnvolver.*

*E). Dispor dos permisos necesarios para o desenvolvemento das actividades.*

*F). Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización das actividades que se convenian.*

*G).Aboa-las taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .*
*H). O sometemento ás actuacións de comprobación e control financieiro que poida efectua-lo Concello.*

*I)- deberá amosar feacentemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.*

*VI ). No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo resérvase o dereito de interpretación do mesmo.*

*Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar.*

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

**41(855).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE REPARACIÓN E IMPERMEABILIZACIÓN DA PRAZA ALBA PLENA NA AVDA. CAMELIAS. EXPTE. 71/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o proxecto redactado polo aparellador municipal, Sr. Carrera Mouriño, o prego de condicións técnicas asinado por dito aparellador con data 9.05.05, o informe do titular da Asesoría Xurídica do 24.06.05, o prego de cláusulas administrativas do 27.06.05 asinado polo xefe Administrativo de Vías e Obras e polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, e de acordo co informe-proposta do devandito xefe administrativo de Vías e Obras, do 19.05.05, conformado polo asesor xurídico da Área de Servizos Xerais, o enxeñeiro xefe de Vías e Obras, o concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de “ Reparación e impermeabilización da Praza Alba Plena na Avda. Camelias ” redactado polo Aparellador municipal D. Miguel Angel Carrera Mouriño.

2º.- Aprobar o prego de prescripcións técnicas para o contrato das obras do “ Reparación e impermeabilización da Praza Alba Plena na Avda. Camelias ”.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de Servicios Xerais para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso das obras do proxecto de “ Reparación e impermeabilización da Praza Alba Plena na Avda. Camelias ”.

4º.- Autorizar o gasto para a contratación das obras do do “Reparación e impermeabilización da Praza Alba Plena na Avda. Camelias ” con cargo á partida 511.0.210.00.00 do presuposto 2005 e por un importe máximo de 166.900,03 €

5º.- Abrir o procedemento licitatorio, convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**42(856).- DISPONIBILIDADE HORARIA DA POLICÍA LOCAL CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2005. EXPTE. 15884/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de recursos humanos do Servizo de Persoal, de 8.07.05, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de productividade dos membros do Corpo da Policía Local que a continuación se relacionan, correspondente o mes de xuño do presente ano, atendendo o seu especial rendemento, dedicación e iniciativa dos traballadores que, voluntariamente, acolléronse a un réxime de dispoñibilidade horaria consistente na realización de 10 xornadas de libre disposición que se realizaran dende o mes de xuño o mes de decembro de 2005, segundo as seguintes contías, e que supon un total de 67.996,38, con cargo a partida 1210.1500000 “Productividade”:

| CATEGORIA | Nº PERSOAL | NOMBRE | IMPORTE MES XUÑO |
|---|---|---|---|
| SUBOFICIAL | 18320 | CARBALLO ACUÑA, ALBERTO | 388,50 |
| SUBOFICIAL | 77815 | CARBALLO ACUÑA, FRANCISCO JAVIER | 388,50 |
| SUBOFICIAL | 76470 | FREIRE ESTEVEZ, ALBERTO | 388,50 |
| SUBOFICIAL | 13712 | MARTINEZ MUÑOZ, FRANCISCO | 388,50 |
| SARXENTO | 15906 | ALVAREZ DOMINGUEZ, JOSE MARIA | 374,42 |
| SARXENTO | 16975 | BOSQUE ZAPATA, JOSE MANUEL DEL | 374,42 |
| SARXENTO | 14284 | BOUZAS NOVAS, JOSE | 374,42 |
| SARXENTO | 15728 | HERRERA OYA, EMILIO RAFAEL | 374,42 |
| SARXENTO | 12523 | LàPEZ ALVAREZ, JAVIER | 374,42 |
| SARXENTO | 18299 | MONTEMUIÑO SANTOS, JOSE CARLOS | 374,42 |
| SARXENTO | 21108 | PITILLAS TORRµ, FRANCISCO JAVIER | 374,42 |
| SARXENTO | 14367 | REGUERA RIVERO, MANUEL AGUSTÖN | 374,42 |
| SARXENTO | 16952 | SAAVEDRA GONZALEZ, RAFAEL | 374,42 |
| CABO | 18282 | AGUADO TABOADA, MANUEL FERNANDO | 301,42 |
| CABO | 14887 | CAMPOS SUEIRO, CAMILO | 301,42 |
| CABO | 14203 | ESTEVEZ ALBELA, JOSE MANUEL | 301,42 |
| CABO | 22289 | LEIROS ORGE, CARLOS | 301,42 |
| CABO | 22384 | LOPEZ REY, GERARDO JOSE | 301,42 |
| CABO | 14321 | MARON LORENZO, JUAN ANTONIO | 301,42 |
| CABO | 14806 | MOO GARCIA, JOSE MANUEL | 301,42 |
| CABO | 14278 | MORQUILLAS RODRIGUEZ, VICTOR MIGUEL | 301,42 |

| CATEGORIA | Nº PERSOAL | NOMBRE | IMPORTE MES XUÑO |
|---|---|---|---|
| CABO | 17130 | NEIRA HENCHE, FRANCISCO JAVIER | 301,42 |
| CABO | 18276 | PEREZ CARRERA, CARLOS MARTIN | 301,42 |
| CABO | 77020 | RIO DIZ, PABLO DEL | 301,42 |
| CABO | 17147 | ROLO SILVA, JOSE LUIS | 301,42 |
| CABO | 18170 | VAZQUEZ VARELA, JOSE MANUEL | 301,42 |
| CABO | 14261 | VIDAL TRIGO, ANTONIO | 301,42 |
| CABO | 21031 | VILLAR SALGUEIRO, JAIME | 301,42 |
| AXENTE | 78129 | ABALDE CASANOVA, IVµN | 291,30 |
| AXENTE | 78743 | AIRABELLA MARRA, FRANCISCO JOSE | 291,30 |
| AXENTE | 79107 | ALONSO COU¥AGO, CSAR | 291,30 |
| AXENTE | 79364 | ALONSO DUARTE, DAVID | 291,30 |
| AXENTE | 23047 | ALONSO IGLESIAS, MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 22310 | ALONSO IGLESIAS, MARIANO | 291,30 |
| AXENTE | 14255 | ALONSO MOREIRA, JOSE LUIS | 291,30 |
| AXENTE | 12440 | ALONSO PIÑEIRO, JUAN | 291,30 |
| AXENTE | 12434 | ALONSO PICHEL, FAUSTINO | 291,30 |
| AXENTE | 18218 | ALONSO RODRIGUEZ, JUAN PABLO | 291,30 |
| AXENTE | 22480 | ALONSO VILA, ANGEL LUIS | 291,30 |
| AXENTE | 9018 | ALVAREZ BERMUDEZ, JULIO CESAR | 291,30 |
| AXENTE | 21090 | ALVAREZ DOMINGUEZ, MARIA JOS | 291,30 |
| AXENTE | 76473 | ALVAREZ FERREIRA, FRANCISCO JAVIER | 291,30 |
| AXENTE | 78744 | ALVAREZ GARCIA, JAVIER | 291,30 |
| AXENTE | 15875 | ALVAREZ LOUREIRO, ALEJANDRO | 291,30 |
| AXENTE | 12411 | ALVAREZ VAZQUEZ, JESUS | 291,30 |
| AXENTE | 79103 | ANTEPAZO BRUN, PABLO | 291,30 |
| AXENTE | 23886 | ARAUJO SANCHEZ, ANGELES M¦ | 291,30 |
| AXENTE | 78745 | ARGIBAY CUSI, DIEGO | 291,30 |
| AXENTE | 21456 | AVENDA¥O OTERO, BIENVENIDO | 291,30 |
| AXENTE | 10441 | BARBEITO REINO, MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 12948 | BARREIRO RODRIGUEZ, MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 79373 | BASTOS BASOA, ESTEBAN | 291,30 |
| AXENTE | 17029 | BASTOS GARCIA, JOSE MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 21143 | BASTOS PUENTES, JOSE MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 76481 | BECO¥A IGLESIAS, LAUREANO | 291,30 |
| AXENTE | 12144 | BELLO ROCA, JOSE MARIA | 291,30 |
| AXENTE | 79381 | BERGES MARTINEZ, PABLO | 291,30 |
| AXENTE | 12664 | BERNARDEZ PEREZ, SERAFIN | 291,30 |
| AXENTE | 16886 | BLAS FONDOS, JOSE LUIS | 291,30 |
| AXENTE | 17176 | BORRAJO RODRIGUEZ, ADOLFO | 291,30 |
| AXENTE | 79109 | BUGALLO CORRALES, JOS ELÖAS | 291,30 |
| AXENTE | 8964 | CABEZUDO CABEZUDO, ANGEL C. | 291,30 |
| AXENTE | 79119 | CALVO ESTVEZ, DAVID | 291,30 |
| AXENTE | 78747 | CAMPOS CEREIJO, DAVID | 291,30 |
| AXENTE | 79375 | CAMPOS FERNANDEZ, ENRIQUE | 291,30 |
| AXENTE | 10493 | CARBALLO RODRIGUEZ, MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 18224 | CARDOSO REGUEIRA, MIGUEL ANGEL | 291,30 |
| AXENTE | 78748 | CASAL CASAS, ANGEL | 291,30 |
| AXENTE | 23060 | CASAS ALDEREGUIA, JOSE M¦ | 291,30 |
| AXENTE | 77035 | CASTANEDO EXPOSITO, FRANCISCO | 291,30 |

| CATEGORIA | Nº PERSOAL | NOMBRE | IMPORTE MES XUÑO |
|---|---|---|---|
| AXENTE | 79374 | CASTRO LOPEZ, JOSE ANTONIO | 291,30 |
| AXENTE | 14373 | CAYETANO NAVARRO, ALVARO MIGUEL | 291,30 |
| AXENTE | 21120 | CHAMORRO GONZALEZ, JOSE M. | 291,30 |
| AXENTE | 77019 | CHANTADA ABOLLO, RAMON | 291,30 |
| AXENTE | 77041 | CID GONZALEZ, RAMON | 291,30 |
| AXENTE | 10553 | COMESA¥A CABEZAS, ALFONSO | 291,30 |
| AXENTE | 14172 | CONCHA SAGARRA, LUIS ANTONIO | 291,30 |
| AXENTE | 22250 | CONDE VAZQUEZ, MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 79377 | CORRAL MOLDES, RUBEN | 291,30 |
| AXENTE | 77025 | CORTES BAUTISTA, JOSE MIGUEL | 291,30 |
| AXENTE | 12115 | CORZON MOURELLE, ALFONSO | 291,30 |
| AXENTE | 22243 | COSTAS ARAN, JUAN | 291,30 |
| AXENTE | 76475 | COSTAS PEREZ, DAVID | 291,30 |
| AXENTE | 22272 | COUSI¥O SENDIN, JOSE MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 18454 | COUSI¥O SENDIN, RAMON | 291,30 |
| AXENTE | 78749 | COVELO COSTAS, JUAN MIGUEL | 291,30 |
| AXENTE | 77037 | DAVILA ALVAREZ, ALFREDO | 291,30 |
| AXENTE | 77018 | DIEGUEZ RAPOSEIRAS, JORGE GILBERTO | 291,30 |
| AXENTE | 18448 | DIOS COSTAS, MIGUEL ANGEL DE | 291,30 |
| AXENTE | 77026 | DOMINGUEZ ALONSO, FRANCISCO | 291,30 |
| AXENTE | 14812 | DOMINGUEZ COSTAS, SEVERINO | 291,30 |
| AXENTE | 78751 | EIREOS MOREIRA, ESTANISLAO | 291,30 |
| AXENTE | 79113 | EIREOS MOREIRA, LUCAS | 291,30 |
| AXENTE | 12658 | ESTEVEZ SEOANE, JOSE | 291,30 |
| AXENTE | 79115 | FERNµNDEZ GONZµLEZ, DAVID | 291,30 |
| AXENTE | 10501 | FERNANDEZ BUCETA, JOSE | 291,30 |
| AXENTE | 10560 | FERNANDEZ CONDE, PERFECTO | 291,30 |
| AXENTE | 18419 | FERNANDEZ IGLESIAS, ROBERTO | 291,30 |
| AXENTE | 77028 | FERNANDEZ LOPEZ, DAVID | 291,30 |
| AXENTE | 17182 | FERNANDEZ LORENZO, CARLOS | 291,30 |
| AXENTE | 23969 | FERNANDEZ OSORIO, FRANCISCO JAVIER | 291,30 |
| AXENTE | 10470 | FERNANDEZ PEREIRAS, JOSE LUIS | 291,30 |
| AXENTE | 15912 | FERNANDEZ PIN, MARIA JESUS | 291,30 |
| AXENTE | 16969 | FERNANDEZ SOTELO, JUAN RAMON | 291,30 |
| AXENTE | 16946 | FILGUEIRA CORREA, FRANCISCO JOSE | 291,30 |
| AXENTE | 22326 | FONTAN BALBUENA, CAMILO | 291,30 |
| AXENTE | 14226 | FUENTE VILLANUEVA, JOSE A. DE LA | 291,30 |
| AXENTE | 12871 | FUENTES FERNANDEZ, JESUS | 291,30 |
| AXENTE | 79382 | FUERTES SANCHEZ, JESUS | 291,30 |
| AXENTE | 79351 | GALLEGO LORENZO, OSCAR | 291,30 |
| AXENTE | 12552 | GARCIA GONZALEZ, JOSE LUIS | 291,30 |
| AXENTE | 10346 | GARCIA LOPEZ, SIRO | 291,30 |
| AXENTE | 10613 | GARCIA LORENZO, EUGENIO | 291,30 |
| AXENTE | 76478 | GARCIA VEIRO, JOSE ARMANDO | 291,30 |
| AXENTE | 79104 | GARDàN VµZQUEZ, RUBN JOS | 291,30 |
| AXENTE | 18158 | GARRIDO RODRIGUEZ, JOSE | 291,30 |
| AXENTE | 18164 | GIL GREGORIO, JUAN ANTONIO | 291,30 |
| AXENTE | 78754 | GOMEZ OTERO, ANTONIO MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 77000 | GOMEZ SALGADO, JOSEFA | 291,30 |

| CATEGORIA | Nº PERSOAL | NOMBRE | IMPORTE MES XUÑO |
|---|---|---|---|
| AXENTE | 79110 | GONZµLEZ VµZQUEZ, JORGE | 291,30 |
| AXENTE | 23082 | GONZALEZ ARIAS, ANTONIO | 291,30 |
| AXENTE | 21025 | GONZALEZ GARCIA, KATIA MARIA | 291,30 |
| AXENTE | 16834 | GONZALEZ GARCIA, MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 14150 | GONZALEZ GARRIDO, ANTONIO | 291,30 |
| AXENTE | 10300 | GONZALEZ MOLDES, AGAPITO | 291,30 |
| AXENTE | 14835 | GONZALEZ RODRIGUEZ, MIGUEL JOSE | 291,30 |
| AXENTE | 79372 | GONZALEZ VAZQUEZ, OSCAR | 291,30 |
| AXENTE | 16923 | GUEDELLA GOMEZ, FRANCISCO | 291,30 |
| AXENTE | 10116 | GUISANDE ESTEVEZ, ROGELIO | 291,30 |
| AXENTE | 17064 | HERMIDA ARAUJO, ADOLFO | 291,30 |
| AXENTE | 12279 | HUERTAS PEREZ, FRANCISCO | 291,30 |
| AXENTE | 16892 | IGLESIAS COSTAS, FRANCISCO | 291,30 |
| AXENTE | 10547 | IGLESIAS LORENZO, JESUS | 291,30 |
| AXENTE | 10040 | IGLESIAS PEREIRA, JOSE LUIS | 291,30 |
| AXENTE | 12641 | JIMENEZ ALVARADO, JAVIER | 291,30 |
| AXENTE | 23099 | JORGE GARCIA, JAVIER | 291,30 |
| AXENTE | 78756 | JUNCAL LAGOA, MIGUEL ANGEL | 291,30 |
| AXENTE | 77030 | LAGE NIETO, JOSE RAMON | 291,30 |
| AXENTE | 78757 | LEMOS ABREU, JOSE MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 78758 | LEMOS MARTINEZ, JESUS | 291,30 |
| AXENTE | 18371 | LOIRA SOTELO, MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 78759 | LOPEZ REIS, DIEGO | 291,30 |
| AXENTE | 16828 | LOPEZ VAZQUEZ, ISIDRO | 291,30 |
| AXENTE | 78760 | LORENZO ALONSO, ROBERTO | 291,30 |
| AXENTE | 23107 | LORENZO CAMPO, M¦ ISABEL | 291,30 |
| AXENTE | 78762 | MALLO ESTEVEZ, JOSE CARLOS | 291,30 |
| AXENTE | 23113 | MARTINEZ AREA, MANUEL BERNARDO | 291,30 |
| AXENTE | 22266 | MARTINEZ PAMPILLON, PERGENTINO | 291,30 |
| AXENTE | 77039 | MARTINEZ PARDO, SANTIAGO JESUS | 291,30 |
| AXENTE | 17199 | MENDEZ PAZ, RICARDO A. | 291,30 |
| AXENTE | 79357 | MENDEZ VAZQUEZ, EDUARDO | 291,30 |
| AXENTE | 77043 | MOLINA MAGDALENA, FERNANDO | 291,30 |
| AXENTE | 23120 | MOREIRA PEREIRA, ARACELI | 291,30 |
| AXENTE | 17124 | MOREIRA VALI¥O, RAFAEL | 291,30 |
| AXENTE | 15935 | MOSQUERA FERNANDEZ, ELVIRA | 291,30 |
| AXENTE | 12629 | MOURI¥O AMIL, JOSE MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 8770 | NEGREIRA FLORIANI, FRANCISCO | 291,30 |
| AXENTE | 9053 | OGANDO GARCIA, ALFONSO | 291,30 |
| AXENTE | 16751 | OGANDO PAREDES, FRANCISCO JAVIER | 291,30 |
| AXENTE | 22556 | OTERO PINO, M¦ CRISTINA | 291,30 |
| AXENTE | 78763 | OTERO SOTELO, MARCOS | 291,30 |
| AXENTE | 17093 | OTERO VALVERDE, MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 12227 | PARADA LOPEZ, JOSE | 291,30 |
| AXENTE | 18336 | PARGA BLANCO, RICARDO SANTOS | 291,30 |
| AXENTE | 79376 | PE¥A SOLI¥O, AITOR | 291,30 |
| AXENTE | 79380 | PERALES RODRIGUEZ, ENRIQUE | 291,30 |
| AXENTE | 18187 | PEREIRO SIMON, FERNANDO | 291,30 |
| AXENTE | 15830 | PEREZ EIROA, CONCEPCION E. | 291,30 |

| CATEGORIA | Nº PERSOAL | NOMBRE | IMPORTE MES XUÑO |
|---|---|---|---|
| AXENTE | 78765 | PEREZ LANDESA, MANUEL F. | 291,30 |
| AXENTE | 78766 | PEREZ MOSQUERA, GABRIEL | 291,30 |
| AXENTE | 78767 | PEREZ RODRIGUEZ, ROBERTO | 291,30 |
| AXENTE | 78768 | PEREZ VAZQUEZ, CARLOS | 291,30 |
| AXENTE | 79362 | PESADO FERNANDEZ, PABLO | 291,30 |
| AXENTE | 76474 | PI¥EIRO GOMEZ, JOSEFA | 291,30 |
| AXENTE | 14189 | PI¥EIRO PEREZ, ISIDRO | 291,30 |
| AXENTE | 76477 | PORTO JUSTO, FRANCISCO JOSE | 291,30 |
| AXENTE | 17006 | PRIETO CASAL, CEFERINO | 291,30 |
| AXENTE | 23604 | PROL BRION, JORGE | 291,30 |
| AXENTE | 78284 | QUINTEIRO VARELA, PABLO | 291,30 |
| AXENTE | 10464 | RELLO MARTINEZ, EMILIO | 291,30 |
| AXENTE | 78131 | RIO DIZ, DANIEL DEL | 291,30 |
| AXENTE | 16840 | RIVERA ALEN, RAMON | 291,30 |
| AXENTE | 15852 | RIVERA COU¥AGO, FELIX | 291,30 |
| AXENTE | 15846 | RIVERA LOPEZ, DEOLINDA | 291,30 |
| AXENTE | 78769 | RODRIGUEZ CAEIRO, JAVIER | 291,30 |
| AXENTE | 78770 | RODRIGUEZ CARPINTERO, ELÖAS ISRAEL | 291,30 |
| AXENTE | 23610 | RODRIGUEZ CEBRAL, SILVIA | 291,30 |
| AXENTE | 14500 | RODRIGUEZ CHAMORRO, MARGARITA | 291,30 |
| AXENTE | 21410 | RODRIGUEZ GONZALEZ, ADOLFO | 291,30 |
| AXENTE | 18201 | RODRIGUEZ RODRIGUEZ, JOSE | 291,30 |
| AXENTE | 78771 | RODRIGUEZ RODRIGUEZ, JOSE MIGUEL | 291,30 |
| AXENTE | 12285 | RODRIGUEZ TRONCOSO, FRANCISCO | 291,30 |
| AXENTE | 12530 | RODRIGUEZ VAZQUEZ, JAVIER | 291,30 |
| AXENTE | 79105 | RODRÖGUEZ SµNCHEZ, JOS | 291,30 |
| AXENTE | 79117 | RODRÖGUEZ VILLAR, àSCAR | 291,30 |
| AXENTE | 79350 | ROJO ALONSO, MARCOS | 291,30 |
| AXENTE | 12457 | ROJO MORON, JOSE LUIS | 291,30 |
| AXENTE | 79118 | SµNCHEZ FRANCO, DIEGO | 291,30 |
| AXENTE | 77040 | SAAVEDRA GONZALEZ, NARCISO | 291,30 |
| AXENTE | 77042 | SALGADO GONZALEZ, JUAN CARLOS | 291,30 |
| AXENTE | 23171 | SALGADO GONZALEZ, M¦ TERESA | 291,30 |
| AXENTE | 21077 | SANCHEZ SOUTO, DIEGO | 291,30 |
| AXENTE | 78287 | SANCHEZ VAZQUEZ, OSCAR MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 78772 | SANTOS REFOJOS, DAVID | 291,30 |
| AXENTE | 78134 | SORDO GARCÖA, MARÖA TERESA | 291,30 |
| AXENTE | 79353 | SOUTO LOPEZ, IGOR | 291,30 |
| AXENTE | 78283 | SUµREZ PI¥EIRO, DAVID | 291,30 |
| AXENTE | 12374 | SUAREZ CARBAJO, ADOLFO | 291,30 |
| AXENTE | 12612 | TABOADA PARDO, CELSO | 291,30 |
| AXENTE | 10607 | TORRE GENTIL, PAULINO DE LA | 291,30 |
| AXENTE | 79358 | TOUCEDO GARRIDO, ENRIQUE | 291,30 |
| AXENTE | 77038 | TRONCOSO DOMINGUEZ, JOSE MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 21568 | TRONCOSO PADIN, JUAN JOSE | 291,30 |
| AXENTE | 79114 | VµZQUEZ ARIAS, ROBERTO | 291,30 |
| AXENTE | 78285 | VµZQUEZ FERNµNDEZ, MARCO | 291,30 |
| AXENTE | 79352 | VAZQUEZ DOMINGUEZ, JUAN DIEGO | 291,30 |
| AXENTE | 14210 | VAZQUEZ MARIN, ANTONIO | 291,30 |

| CATEGORIA | Nº PERSOAL | NOMBRE | IMPORTE MES XUÑO |
|---|---|---|---|
| AXENTE | 12405 | VAZQUEZ MARTINEZ, JUAN MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 21572 | VEIGA JORGE, JOSE JESUS | 291,30 |
| AXENTE | 18359 | VELOSO PEREZ, MODESTO | 291,30 |
| AXENTE | 79378 | VERDE VIEITEZ, JOS MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 76476 | VICENTE FERREIRA, JOSE IGNACIO | 291,30 |
| AXENTE | 12173 | VIEITEZ VIEITEZ, MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 18193 | VIGO QUIROS, EMILIO | 291,30 |
| AXENTE | 77689 | VILA CAMPOS, FRANCISCO JOS | 291,30 |
| AXENTE | 79379 | VILLA AGULLA, FERNANDO | 291,30 |
| AXENTE | 6787 | VILLANUEVA COSANO, MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 77027 | VILLAR MIGUELEZ, MANUEL | 291,30 |
| AXENTE | 23975 | VIVERO MIJARES, JUAN GUILLERMO | 291,30 |
| | | TOTAL | 67.996,38 |

Segundo: As referidas cantidades aboaranse na nómina do mes de xullo e non orixinaran ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos.

**43(857).- PROXECTO "OBRADOIRO DE EMPREGO VIGOZOO III": APROBACIÓN E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 3280/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 7.07.05, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*O Concello de Vigo aprobou en xaneiro de 2004 o Plan Municipal de Emprego 2004-2007, como marco de referencia das distintas actuacións que a administración local desenvolve no ámbito da promoción do emprego e da actividade económica. Dentro do conxunto de programas que configuran este Plan, están os programas de formación-emprego e, dentro destes, os obradoiros de emprego. Semellantes ás escolas obradoiro, pero de un ano de duración e dirixidos a desempregados maiores de 25 anos, os obradoiros de emprego están regulados pola Xunta de Galicia mediante a Orde do 31 de xaneiro de 2005 pola que se desenvolve o Decreto 171/1999, do 27 de maio, e se establecen as bases reguladoras da concesión de axudas e subvencións ao programa de obradoiros de emprego e se procede á súa convocatoria para 2005. No seu artigo 17.3 establécese que o prazo para a presentación de solicitudes rematará o 15 de xullo, polo que a correspondente tramitación municipal tense que facer con carácter de urxencia.*

*Con anterioridade, e en colaboración cos responsables do Organismo Autónomo Municipal Vigozoo, a Concellería de Desenvolvemento Local e Emprego xestionou, durante o ano 2002, o proxecto denominado "Obradoiro de emprego Vigozoo", e entre o 2004 e o 2005, o proxecto "Obradoiro de emprego Vigozoo II", cuns resultados moi satisfactorios relativos tanto á formación e mellora das condicións de ocupabilidade dos seus traballadores beneficiarios como ás melloras ostensibles no estado xeral das instalacións do zoolóxico e na calidade de vida dos animais que nelas habitan.*

*Nembargantes, os traballos realizados durante estes dous periodos paliaron só en parte o problema do deficiente estado no que se atopaba o zoo (único equipamento deste tipo en todo o noroeste peninsular) e, claramente, non solucionaron o problema da taxa de paro de cidadáns maiores de 25 anos que soporta a cidade de Vigo (en maio de 2005, nas oficinas do Servizo Público de Emprego en Vigo estaban rexistrados 20.000 desempregados maiores de 25 anos, que equivalen ao 88,17% do total da cidade). Ambas necesidades levaron a este Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, a dar continuidade ao traballo realizado, polo que se redactou, coa colaboración da Unidade de Promoción e Desenvolvemento da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, o presente proxecto "Obradoiro de Emprego Vigozoo III" e se tramita a súa correspondente aprobación polos órganos municipais competentes. Previamente, o Organismo autónomo municipal Parque das Ciencias Vigo Zoo, redactou e aprobou o proxecto técnico de actuacións e obras a desenvolver (achégase no expediente Decreto de 07/07/05 da Presidencia do citado organismo autónomo municipal que resolve a súa aprobación).*

*O proxecto consiste nun obradoiro de emprego de 48 traballadores repartidos nas especialidades de "Carpintería", "Construcción", "Fontanería-electricidade" e "Educación ambiental". Os obxectivos que se pretenden coa posta en marcha deste proxecto son varios e ambiciosos, como se recolle no proxecto técnico que se inclúe no expediente, pero pódense sintetizar en dous fundamentais:*

- *por unha banda, ofrecer formación e experiencia laboral aos desempregados participantes, en profesións con expectativas de inserción laboral.*
- *pola outra, continuar coa mellora daqueles aspectos máis deficitarios das instalacións municipais do zoo, tanto na súa imaxe como no seu funcionamento (ver anexo).*

*A duración do proxecto "Obradoiro de emprego Vigozoo III" está establecida en 12 meses e a data prevista de inicio en decembro de 2005. As instalacións necesarias para o desenvolvemento do proxecto estarán emprazadas nas diferentes edificacións existentes no ámbito do zoo.*

*A subvención económica solicitada á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia representa un total de 871.534,54 €, cifra resultante dos cálculos efectuados seguindo as directrices establecidas na citada normativa que regula o Programa de obradoiros de emprego e que permitirán soportar os custos salariais de todas as contratacións a realizar, así como os gastos de medios didácticos e materiais funxibles necesarios para o desenvolvemento do proxecto. A aportación municipal para facer fronte aos investimentos non imputables á subvención da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (mobiliario, maquinaria, equipos, materiais para a obra, etc) será a seguinte:*

- *Por unha banda, os talleres xa posúen a maquinaria necesaria para o desenvolvemento das súas actividades. De calquera xeito, está previsto que nos orzamentos municipais para 2006 existan partidas en contía suficiente para acometer novas necesidades de investimento (mobiliario, maquinaria e equipos informáticos) en programas de emprego.*
- *Por outra banda, os materiais das obras a realizar serían asumidos polo Organismo Autónomo Local "Vigozoo", cuestión xa contemplada no seu anteproxecto de presupostos para o ano 2006.*

*Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co proxecto que se inclúe no expediente, faise a seguinte PROPOSTA:*

1. *Aprobar o proxecto denominado "Obradoiro de Emprego Vigozoo III", elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, en base ao proxecto técnico de actuación realizado polo Organismo Autónomo Local "Vigozoo".*

2. *Solicitar á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na normativa que regula o Programa de Obradoiros de Emprego.*
3. *Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle corresponderán no desenvolvemento do proxecto, de seren aprobado, tanto mediante a dotación nos presupostos municipais do ano 2006 das correspondentes partidas para maquinaria, mobiliario e equipos informáticos dos programas de emprego, como para a aportación dos materiais necesarios para a obra por parte do Organismo Autónomo.*

*ANEXO*
*RESUMO DAS PRINCIPAIS OBRAS-ACTUACIÓNS PREVISTAS*
*OBRADOIRO DE EMPREGO VIGOZOO III*

*Segundo o establecido no correspondente proxecto técnico realizado e aprobado polo Organismo autónomo municipal Parque das Ciencias VIGO ZOO, resúmense a continuación, por tipo de actuación, as principais obras e actuacións previstas para ser executadas polo persoal participante no Obradoiro de emprego "Vigozoo III". Unha maior descripción e concreción dos diferentes aspectos que as conforman, pódese atopar no proxecto técnico que acompaña ao expediente.*

*ACONDICIONAMENTO DO ZOO DE VIGO*
*Especialidades de Carpintería, Construcción e Fontanería-electricidade:*

*O Obradoiro de Emprego Vigozoo III pretende continuar os traballos de anteriores iniciativas para o acondicionamento e adecuación do Parque Zoolóxico de Vigo, co obxectivo de favorecer os percorridos peonís e eliminar barreiras arquitectónicas, mellorar a sinalización e acondicionar os recintos dos animais. As obras proxectadas comprenden a execución do taller de instalacións, a cubrición con tella de varios recintos, a execución de camiños, a rehabilitación das charcas dos paxaros, a execución de valados, a sinalización exterior en madeira, o revestimento dunha pasarela en madeira, a execución do mobiliario, portas e ventás do edificio do aulario, a iluminación dos sendeiros, a mellora das acometidas de auga ás charcas e bebedoiros repartidos polo recinto, así como aos baños do aulario que se está executando neste momento. Tarefas que serán desenvoltas polo alumnado das especialidades de Construción, Carpintería e Fontanería- electricidade.*

*SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL ZOO DE VIGO*
*Especialidade de Educación ambiental*

*Complementariamente, o alumnado da especialidade de Educación ambiental realizará as seguintes actuacións: xestión do departamento de educación ambiental do Zoo de Vigo, que implica a realización de diferentes programas, actividades e visitas dirixidas ó público, a elaboración de materiais e recursos que faciliten o coñecemento do Zoo e a sensibilización medioambiental, así como outras tarefas precisas para a viabilidade do departamento e a proxección cara ó exterior do Zoo, tarefas que serán desenvoltas polo alumnado da especialidade de Educación ambiental.*

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego Vigozoo III”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, en base ao proxecto técnico de actuación realizado polo Organismo Autónomo Local “Vigozoo”.

2º.- Solicitar á Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na normativa que regula o Programa de Obradoiros de Emprego.

3º.- Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle corresponderán no desenvolvemento do proxecto, de seren aprobado, tanto mediante a dotación nos presupostos municipais do ano 2006 das correspondentes partidas para maquinaria, mobiliario e equipos informáticos dos programas de emprego, como para a aportación dos materiais necesarios para a obra por parte do Organismo Autónomo.

**44(858).- CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE MARIZA, SASHA, LA CHICANA DENTRO DO VI FESTIVAL INTERNACIONAL “PARA VIGO ME VOY”. EXPTE. 1567/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 4.07.05, conformado polo concelleiro de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, de acordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto dos artistas MARIZA, SASHA E LA CHICANA, dentro do *VI Festival Internacional “Para Vigo me voy”*, o día 30 de xullo, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 67.350.-€, (ive incluido) con cargo á partida 451.2.226.08.05, (festas de Vigo) do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa MEDIARTE E COMUNICACIÓN DE GALICIA S.L., CIF B-36787364.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

4º.- Autorizar a entrada gratuita do concerto con motivo da clausura do festival, con acceso libre o recinto ata completar o aforo.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE MARIZA, SASHA, LA CHICANA*

*Vigo, o XXXXX de xxxxxxxxx de DOUS MIL CINCOCENTOS*

*Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D. BIBIANO MORÓN GIMÉNEZ, NIF 33.199699-G, ADMINISTRADOR e que actúa en nome da empresa MEDIARTE Y COMUNICACIÓN DE GALICIA S.L., con CIF B-36787364, con domicilio na rúa Churruca, 3 baixo interior, da cidade de Vigo, CP 36209; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes*

<u>*CLÁUSULAS*</u>

<u>*OBXECTO DO CONTRATO*</u>

*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación dos artistas MARIZA, SASHA, LA CHICANA no sucesivo O ARTISTA, o día 30 (TRINTA) de xullo de 2005, ás 23,00 horas no recinto denominado Auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos, situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 160 minutos. Esta actuación enmárcase dentro da programación do VI Festival Internacional "Para Vigo me voy", marca rexistrada pola AXENCIA*

*A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA, dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.*

<u>*VALIDEZ*</u>

*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en toda as súas follas, incluídas as do ANEXO.*

<u>*RETRIBUCIÓN E GASTOS*</u>

*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 58.060 € máis ive que fai un total de 67.350 € en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.*

*O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a favor da AXENCIA, a BIBIANO MORÓN GIMÉNEZ, NIF 33.199699-G, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega da factura conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.*

*CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.*

<u>*PERMISOS*</u>

*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.*

<u>*AFORO E VENDA DE ENTRADAS*</u>

*SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 5.000.- espectadores; ademais existe outra zona de acceso gratuíto de aforo "indefinido" e non controlado. O concerto será gratuito con entrada libre ata completar o aforo con motivo da clausura do festival.*

*IMAXEN DO ARTISTA*

*SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou producto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de productos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, trala comunicación por escrito ao CONCELLO.*

*OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.*

*O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.*

*O CONCELLO instalará dúas pantallas de reproducción de vídeo a ambos lados do escenario para retransmitir en directo toda a actuación do ARTISTA, o que coñece e acepta a AXENCIA.*

*NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.*

*PUBLICIDADE*

*DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio institucional desa actuación, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.*

*A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.*

*PATROCINIOS*

*DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades , o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estructuras de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO, para o que se obterá o consentimento expricito do artista.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.*

*SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO*

*DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.*

*DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.*

*DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.*

*DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estructuras e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.*

## *INSTALACIÓNS*

*DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 8,00 horas do día anterior á actuación ata seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.*

*DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá o CONCELLO.*

## *SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN*

*VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.*

*VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.*

*VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.*

## *INCUMPRIMENTOS*

*VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á AXENCIA a rescindir o contrato.*

*VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidese*

*corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

## *ANEXO TÉCNICO*

### *1. SON E ILUMINACIÓN.*

*A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.*

*Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto cun aforo de 20.000 persoas na grada, O CONCELLO instalará un reforzo de sonido de 16.000 watios de potencia, en catro torres de "delay" situadas na liña de graderío.*

### *2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.*

*2.1. ESCENARIO.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, o escenario existente no recinto de actuación e que reune as seguintes características:*

*Dimensións.- 20 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m. O escenario estará cuberto no teito.*

*Capacidade de carga.- 500 kg/m2.*

*Accesos.- O escenario estará provisto dunha saolida escaleira que comunique coa zona traseira de escenario ("backstage").*

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

*Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de peso soportado pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg; en caso de querer volar os equipos de son, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido.*

*2.2. PLATAFORMAS DE SON.*

*O CONCELLO instalará as estructuras necesarias para os equipos de son.*

*2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)*

*Dimensións.- Así mesmo, a 25 m do escenario haberá unha plataforma de 8 m de fronte, 4 m de fondo e dous niveis, situados a 2 m e 5 m do chan*

*Situación.- A 25 m do punto central da embocadura do escenario.*

*Capacidade de carga.- 1.000 Kg/m2.*

*2.4. OUTROS.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto.A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.*

### *3. VALADO.*

*O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:*

*ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.*

*EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.-*
*MERCADOTECNIA.-*

*O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.*

*4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA as instalacións eléctricas existentes no recinto de actuación e reunirán as seguintes características: 380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco según normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.*

*Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.*

*As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.*

*5. CAMERINOS.*

*O CONCELLO proverá ao ARTISTA dos seguintes camerinos para uso exclusivo do artista ou persoal de producción acreditado polo Concello, illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este:*

*Individuais: 3*
*Colectivos: 2*
*Oficina de producción: 1*
*Capacidade total necesaria: 40 persoas.*

*Os camerinos estarán limpos, e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, 40 toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.*

*Ninguén alleo ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.*

*6. "CATERIN".*

*O CONCELLO deberá subministrar no camerino do ARTISTA, dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "caterin":*

*MARIZA*
*Á chegada dos tecnicos 12h 00 (4 persoas)*

*1 caixa de auga mineral sen gas (botellas pequenas) frías*
*Á chegada dos músicos 16h00 (6 persoas)*

*1 caixa de auga mineral sen gas ( botellas pequeñas) frías*
*12 coca-colas frías*
*12 cervezas frías*
*Zumos de frutas variados.*
*Un termo con café caliente + 1 Termo con auga quente + Te + Leite + Azúcar + Tazas e cucharillas*
*Pan do día e mantequilla..*
*Fruta variada, xamón serrano e de York, queixos variados, frutos secos, alguns sandwich diversos.*
*Algo de comida quente, por exemplo, unha tortilla de patacas.*
*Calquera suxerencia gastronómica autóctona ben acollida.*

*SASHA*
*Á chlegada dos tecnicos (4 persoas)*
*1 Caixa de auga sen gas (botellas pequenas) frías*
*Á chegada dos músicos (6 persoas)*
*1 caixa de auga mineral sen gas ( botellas pequeñas) frías*
*12 coca-colas frías*
*12 cervezas frías*
*Zumos de frutas variados.*
*Un termo con café caliente + 1 Termo con auga caliente + Te + leite + Azúcar + Tazas e cucharillas*
*Pan do día e mantequilla..*
*Fruta variada, xamón serrano e de York, queixos variados, frutos secos, alguns sandwich diversos.*

*Algo de comida quente, por exemplo, unha tortilla de patacas.*
*Calquera suxerencia gastronómica autóctona ben acollida.*

*LA CHICANA*
*catering: completo, con fruta e verdura, bebidas variadas, bocadillos u outro tipo de comida con hidratos de carbono e*
*proteinas, chocolate o dulces para 8 persoas*

- *Técnicos:*

*Auga para 14 persoas*

*7. VEHÍCULOS.*

*Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.*

*O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro dos vehículos que participen na producción do espectáculo e esten acreditados polo Concello.*

*O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario (“backstage”) e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.*

*8. MERCADOTECNIA.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.*

*9. PERSOAL DE PRODUCIÓN.*

*9.1. RESPONSABLE DE PRODUCIÓN.*

*O CONCELLO designará a unha persoa como máximo responsable da producción. A AXENCIA designará a unha persoa como único interlocutor válido para cuestión de producción e organización relacionadas co evento.*

*O CONCELLO coñecerá por adiantado a identidade do/a interculotor da AXENCIA. A AXENCIA estará presente no lugar da actuación a hora que se acorde. Durante o tempo de vixencia do contrato, o interlocutor da AXENCIA estará permanentemente localizabe. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa da AXENCIA relacionada coa producción.*

*No presuposto indicado na cláusula terceira inclúese a dirección técnica e coordinación artística, polo que toda a relación co ARTISTA e os seus representantes ou técnicos antes, durante e despois da actuación será responsabilidade deste persoal creditado da AXENCIA; por este motivo, unha vez finalizados os ensaios e antes do comezo da actuación, nos aledaños dos camerinos e do escenario tan só haberá o persoal de producción que resulte imprescindible.*

*9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de CATORCE persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 8,00 horas do día da actuación,. e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga. 4 persoas a chegada dos técnicas do artista para descarga do backline,4 persoas o finalizar o concerto para cargar backline.*

*9.3. ELECTRICISTA.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizable.*

*9.4. MANTEMENTO.*

*O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.*

*9.5. OUTRO PERSOAL.*

*Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto: despacho de entradas, porteiros, runners, persoal de limpeza, persoal encargado do catering…*

*10. SEGURIDADE.*

*O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.*

*O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo.*

*Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal acreditado da AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visible unha acreditación.*

*Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 20 persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:*

*1 director do servizo de orde.*
*4 membros DETRÁS DO ESCENARIO.*
*8 membros DIANTE DO ESCENARIO.*
*2 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.*
*3 membros NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.*
*2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)*

*O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC*

*O CONCELLO terá unha persoa responsable do servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.*

*O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.*

*11. ACTUACIÓN E ENSAIO.*

*11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.*

*Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.*

*11.2. ENSAIO TÉCNICO.*

*O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará no día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.*

*11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).*

*A actuación comezará con estricta puntualidade.*

*A apertura de portas ao público producirase ás 21,00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA.*

*12. PUBLICIDADE.*

*A AXENCIA porá a disposición de O CONCELLO, o seguinte material publicitario de O ARTISTA:*
*CARTEIS.-*
*DOSSIER ARTÍSTICO.-*
*FOTOGRAFIAS*

*A distribución da cartelería do ARTISTA será por conta do CONCELLO.*

*13. LOCAL DE ACTUACIÓN.*

*O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.*

*Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

**45(859).- CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CAFÉ TACUBA E HABANA BLUES DENTRO DO VI FESTIVAL INTERNACIONAL "PARA VIGO ME VOY". EXPTE. 1565/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 4.07.05, conformado polo concelleiro de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto dos artistas CAFÉ TACUBA E HABANA BLUES, dentro do VI Festival Internacional "Para Vigo me voy", o día 29 de xullo, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 56.400.-€, (iva incluido) con cargo á partida 451.2.226.08.05, (festas de Vigo) do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa MEDIARTE E COMUNICACIÓN DE GALICIA S.L., CIF B-36787364.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

4º.- Aprobar un prezo público de 6.-€, sen asento, para cada unha das 4.000 entradas que se porán á venda para o concerto.

PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓNDE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE *CAFÉ TACUBA E HABANA BLUES*

*Vigo, o XXXXX de xxxxxxxxx de DOUS MIL CINCOCENTOS*

*Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D. BIBIANO MORÓN GIMÉNEZ, NIF 33.199699-G, ADMINISTRADOR e que actúa en nome da empresa MEDIARTE Y COMUNICACIÓN DE GALICIA S.L., con CIF B-36787364, con domicilio na rúa Churruca, 3 baixo interior, da cidade de Vigo, CP 36209; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes*

## *CLÁUSULAS*

### *OBXECTO DO CONTRATO*

*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación dos artistas CAFÉ TACUBA E HABANA BLUES no sucesivo O ARTISTA, o día 29 (vintenove) de xullo de 2005, ás 23,00 horas no recinto denominado Auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos, situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 160 minutos. Esta actuación enmárcase dentro da programación do VI Festival Internacional "Para Vigo me voy", marca rexistrada pola AXENCIA*

*A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA, dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.*

### *VALIDEZ*

*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en toda as súas follas, incluídas as do ANEXO.*

### *RETRIBUCIÓN E GASTOS*

*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 48.620.-€ máis ive, o que fai un total de 56.400 -€, en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.*

*O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a favor da AXENCIA, a BIBIANO MORÓN GIMÉNEZ, NIF 33.199699-G, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega da factura conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.*

*CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.*

### *PERMISOS*

*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.*

### *AFORO E VENDA DE ENTRADAS*

*SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 5.000.- espectadores; ademais existe outra zona de acceso gratuíto de aforo "indefinido" e non controlado. O CONCELLO editará e porá á venda un total de 4.000.- entradas,*

*ao prezo único de 6.-€, sen asento, cada unha e será o beneficiario da total recaudación. Así mesmo, editará 500 invitacións, das que facilitará 35 á AXENCIA.*

*IMAXEN DO ARTISTA*

*SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou producto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de productos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, trala comunicación por escrito ao CONCELLO.*

*OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.*

*O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.*

*O CONCELLO instalará dúas pantallas de reproducción de vídeo a ambos lados do escenario para retransmitir en directo toda a actuación do ARTISTA, o que coñece e acepta a AXENCIA.*

*NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.*

*PUBLICIDADE*

*DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio institucional desa actuación, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.*

*A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.*

*PATROCINIOS*

*DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades , o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estructuras de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO, para o que se obterá o consentimento exprícito do artista.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.*

*SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO*

*DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.*

*DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.*

*DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.*

*DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estructuras e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.*

*INSTALACIÓNS*

*DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 8,00 horas do día anterior á actuación ata seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.*

*DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá o CONCELLO.*

*SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN*

*VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.*

*VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.*

*VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.*

*INCUMPRIMENTOS*

*VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á AXENCIA a rescindir o contrato.*

*VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidese*

*corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

*ANEXO TÉCNICO*

*1. SON E ILUMINACIÓN.*

*A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.*

*Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto cun aforo de 20.000 persoas na grada, O CONCELLO instalará un reforzo de sonido de 16.000 watios de potencia, en catro torres de "delay" situadas na liña de graderío.*

*2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.*

*2.1. ESCENARIO.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, o escenario existente no recinto de actuación e que reune as seguintes características:*

*Dimensións.- 20 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m. O escenario estará cuberto no teito.*

*Capacidade de carga.- 500 kg/m2.*

*Accesos.- O escenario estará provisto dunha saolida escaleira que comunique coa zona traseira de escenario ("backstage").*

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

*Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de peso soportado pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg; en caso de querer volar os equipos de son, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido.*

*2.2. PLATAFORMAS DE SON.*

*O CONCELLO instalará as estructuras necesarias para os equipos de son.*

*2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)*

*Dimensións.- Así mesmo, a 25 m do escenario haberá unha plataforma de 8 m de fronte, 4 m de fondo e dous niveis, situados a 2 m e 5 m do chan*

*Situación.- A 25 m do punto central da embocadura do escenario.*

*Capacidade de carga.- 1.000 Kg/m2.*

*2.4. OUTROS.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto.A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.*

*3. VALADO.*

*O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:*

*ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.*

*EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.-*
*MERCADOTECNIA.-*

*O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.*

*4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA as instalacións eléctricas existentes no recinto de actuación e reunirán as seguintes características: 380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco según normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.*

*Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.*

*As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.*

*5. CAMERINOS.*

*O CONCELLO proverá ao ARTISTA dos seguintes camerinos para uso exclusivo do artista ou persoal de producción acreditado polo Concello, illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este:*

*Individuais: 3*
*Colectivos: 2*
*Oficina de producción: 1*
*Capacidade total necesaria: 30 persoas.*

*Os camerinos estarán limpos, e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, 30 toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.*

*Ninguén alleo ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.*

*6. "CATERIN".*

*O CONCELLO deberá subministrar no camerino do ARTISTA, dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "caterin":*

*HABANA BLUES:*

*Sándwich variados, alguns vexetales para 10 persoas, empanadillas, frutos secos, tortilla de patacas, galletas, barritas de chocolate, un bote de miel + limones, fruta variada, 2 ensaladas, café, leite, cola –cao, refrescos, agua en abundancia, cervezas frias, nevera, cubiteras, vasos, xelos, platos, panos de mesa e manteles.*

*CAFÉ TACUBA*
*Á hora da proba de sonido: 24 botellas de auga de medio litro, 20 gatorades de medio litro, 20 vasos e una cubitera con xelo*

*CONCIERTO: 24 botella de auga de medio litro, 24 cervezas, 24 refrescos, 20 gatorades de medio litro, 15 red bull, 10 zumos variados, 1 cafetera eléctrica, te verde, 1 cesta de frutas, 1 táboa de queixos e embutidos (pan blanco), 1 cesta de cachuetas, patacas, nuez da india, 1 hielera con hielo, 3 ventiladores, vasos e menaxe variado*

*TÉCNICOS*
*auga e refrescos para 14 persoas.*

*7. VEHÍCULOS.*

*Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.*

*O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro dos vehículos que participen na producción do espectáculo e que esten acreditados polo Concello.*

*O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.*

*8. MERCADOTECNIA.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.*

*9. PERSOAL DE PRODUCIÓN.*

*9.1. RESPONSABLE DE PRODUCIÓN.*

*O CONCELLO designará a unha persoa como máximo responsable da producción. A AXENCIA designará a unha persoa como único interlocutor válido para cuestión de producción e organización relacionadas co evento.*

*O CONCELLO coñecerá por adiantado a identidade do/a interculotor da AXENCIA. A AXENCIA estará presente no lugar da actuación a hora que se acorde. Durante o tempo de vixencia do contrato, o interlocutor da AXENCIA estará permanentemente localizabe. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa da AXENCIA relacionada coa producci´n.*

*No presuposto indicado na cláusula terceira inclúese a dirección técnica e coordinación artística, polo que toda a relación co ARTISTA e os seus representantes ou técnicos antes, durante e despois da actuación será responsabilidade deste persoal acreditado da AXENCIA; por este motivo, unha vez finalizados os ensaios e antes do comezo da actuación, nos aledaños dos camerinos e do escenario tan só haberá o persoal de producción que resulte imprescindible.*

*9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de 4 persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 8,00 horas do día da actuación,. e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga, 4 persoas o finalizar o concerto para cargar backline.*

*9.3. ELECTRICISTA.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizable.*

*9.4. MANTEMENTO.*

*O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.*

*9.5. OUTRO PERSOAL.*

*Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto: despacho de entradas, porteiros, runners, persoal de limpeza, persoal encargado do catering…*

*10. SEGURIDADE.*

*O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.*

*O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo.*

*Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal acreditado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visible unha acreditación.*

*Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 20 persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:*

*1 director do servizo de orde.*
*4 membros DETRÁS DO ESCENARIO.*
*8 membros DIANTE DO ESCENARIO.*
*2 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.*
*3 membros NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.*

*2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)*

*O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC*

*O CONCELLO terá un responsable do servizo de orde que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.*

*O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.*

*11. ACTUACIÓN E ENSAIO.*

*11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.*

*Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.*

*11.2. ENSAIO TÉCNICO.*

*O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará no día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.*

*11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).*

*A actuación comezará con estricta puntualidade.*

*A apertura de portas ao público producirase ás 21,00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA.*

*12. PUBLICIDADE.*

*A AXENCIA porá a disposición de O CONCELLO, o seguinte material publicitario de O ARTISTA:*

*CARTEIS.-*

*DOSSIER ARTÍSTICO.-*

*FOTOGRAFIAS*

*A distribución da cartelería do ARTISTA será por conta do CONCELLO.*

*13. LOCAL DE ACTUACIÓN.*

*O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.*

*Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

**46(860).- CONTRATACIÓN DOS GRUPOS PARA O FESTIVAL XOVEVIGO 2005 DENTRO DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005. EXPTE. 1568/335**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 4.07.05, conformado polo concelleiro de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dos doce grupos participantes no FESTIVAL XOVEVIGO 2005 dentro das *Festas do Cristo da Victoria 2005* que terá lugar na Praza do Rei do 18 ó 23 de xullo as 22,30 horas .

2º. Autorizar un gasto por un importe total de 29.999,92-€, con cargo á partida 451.2.226.08.05, do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio, en concepto da contratación dos grupos que actuarán no FESTIVAL XOVEVIGO 2005 e que se aboará á empresa PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L., CIF B-36.743.755.

3º. Que o citado pagamento se realice a través da conta de FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE GRUPOS PARA O CICLO XOVEVIGO 2005*

*Vigo, o xxxx de xxxxxxxx de dous mil cinco.*

*Dunha parte D. IGNAZO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOZOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, C.I.F. P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza. do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D. ÁNGEL ALBINO ESCARIZ PÉREZ, XERENTE e que actúa en nome da empresa PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L., con CIF B-36743755, e con domicilio na rúa Policarpo Sanz, 22- 2º, da cidade de Vigo, CP 36202; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebra-lo presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes*

*CLÁUSULAS*

*OBXECTO DO CONTRATO*

*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación dos doce grupos que se relacionan no anexo, dentro do ciclo denominado XOVEVIGO 2005, no sucesivo O ARTISTA, entre os días 18 e 23 de xullo, ambos inclusive, ás 22,30 horas no recinto denominado praza do Rei, situado en Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 90 minutos.*

*VALIDEZ*

*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se atope en poder de A AXENCIA debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluidas as do ANEXO.*

*RETRIBUCIÓN E GASTOS*

*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 25.862.-€ máis o 16% de IVE, o que fai un total de 29.999,92.-€, en concepto da actuación de O ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humán necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.*

*O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria á conta da entidade Caixanova, núm 2080 0103 48 0040004394, nos cinco días hábiles seguintes á finalización do ciclo, previa presentación de factura con sujección ós requisitos que estabrece o Real Decreto 2402/1985, de 18 de decembro.*

*CUARTA.- Serán de conta de O CONCELLO tódolos gastos que se xeneren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pago de dereitos de autor, permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados, etc.*

*PERMISOS*

*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.*

*AFORO*

*SEXTA.- O lugar da actuación é zona de acceso gratuíto de aforo indefinido.*

*IMAXEN DO ARTISTA*

*SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por sí ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercancía ou producto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxen, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proveerá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus aledaños, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de productos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, previa comunicación por escrito ao CONCELLO.*

*OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de grabación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA.*

*NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistente en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ó espectáculo; polo que disporá dos pases necesarios ó lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.*

*PUBLICIDADE*

*DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada..*

*PATROCINIOS*

*DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades , o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto*

*de actuación e os seus aledaños, excepto no escenario e nas estructuras de sonido, co obxecto de evita-la asociación da imagen de O ARTISTA cos colaboradores de O CONCELLO.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA  resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional en torno ó concerto ou como apoio a este nas datas previas ó mesmo.*

*<u>SEGURIDADE  DO ESPECTÁCULO</u>*

*DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, sendo da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.*

*DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuizo das responsabilidades que se poideran atribuir á AXENCIA ou ó ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan según o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicable.*

*DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ó escenario, estructuras e equipos de sonido e luces, zona traseira do escenario (“backstage”) e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bó desenvolvemento do espectáculo.*

*DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO responde da pérdida ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino. A AXENCIA queda obrigada a declarar detalladamente ese material ó CONCELLO.*

*<u>INSTALACIÓNS</u>*

*DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO porá a disposición de A AXENCIA o recinto da actuación dende as 12'00 horas do día da actuación ata TRES horas despois do final da actuación do ARTISTA.*

*DÉCIMO OITAVA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de disponibilidade, según as obrigas e condicións definidas para asumir polo CONCELLO.*

*<u>SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN</u>*

*DÉCIMO NOVENA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, un ou varios dos espectáculos tiveran que suspenderse, A AXENCIA  percibirá a totalidade das súas retribucións.  A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade, e poderá decidirse unha nova data para a súa celebración.*

*VIXÉSIMA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.*

*VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada de O ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte de O CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato.*

*INCUMPRIMENTOS*

*VIXÉSIMO SEGUNDA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte de O CONCELLO do estabrecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará ó ARTISTA a rescindir o contrato.*

*VIXÉSIMO TERCEIRA.- As partes contratantes sométense ós Tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro Foro de Xurisdicción que poidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións poideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un so efecto, no lugar e data indicados.*

*ANEXO TÉCNICO DIARIO*

*1. SON E ILUMINACIÓN.*

*A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os elementos de escenario e equipos de son e iluminación necesarios.*

*2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.*

*2.1. ESCENARIO.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, un escenario que reunirá as seguintes características:*

*Dimensións mínimas.- 10 m. de fronte, 10 m. de fondo e unha altura dende o chan de 0'90 m. O escenario non está cuberto.*

*Capacidade de carga.- 500 kg./m2.*

*Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira e dunha rampa.*

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

*2.2. PLATAFORMAS DE SON.*

*O CONCELLO instalará dúas plataformas para o sistema de son coas seguintes características:*

*Dimensións.- 4 m. de fronte, 3 m. de fondo e 1'5 de alto.*

*Situación.- Adosadas a cada lado do escenario.*

*Capacidade de carga.- 750 kg./m2.*

*3. VALADO.*

*O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:*

*ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m. do mesmo e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo algún para o servizo de orden, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que neste área tivera que encontrarse debidamente autorizado.*

*EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.- disporá de valado perimetral.*

*4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.*

*As instalacións eléctricas para a celebración do espectáculo serán a cargo do CONCELLO e reunirán as seguintes características:*

*Potencia.- Unha toma de corrente nun cadro interruptor con diferencial e tódals proteccións regulamentarias, tres fases (380 voltios), neutro e toma de terra (en tomas embornadas), para unha potencia de 70.000 watios.*

*Situación.- A pé de escenario.*

*As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.*

*5. CAMERINOS.*

*O CONCELLO proveerá ó ARTISTA dun local a modo de camerino de uso exclusivo, aislado do público e próximo ó escenario. O camerino estará limpo e debidamente acondizonado e provisto dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, sillas, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.*

*Nadie alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá ós camerinos que estarán dispoñíbeles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato ós camerinos cando estos llo requiran.*

*6. "CATERIN".*

*O CONCELLO deberá subministrar no camerino do ARTISTA , dúas horas antes do comenzo da actuación, o seguinte "caterin": auga mineral, refrescos e bocadillos variados, fruta variada.*

*Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral ós técnicos:*

*20 litros ó comezo da montaxe*
*10 litros ó comezo das probas de sonido*
*20 litros ó comezo da desmontaxe.*

*7. PERSOAL DE PRODUCIÓN.*

*7.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCIÓN.*

*O CONCELLO desinará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de producción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.*

*A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizable. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.*

*7.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de DEZ persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo e ata que os técnicos o indiquen; o equipo volverá a estar disponible inmediatamente despois do final da actuación para a carga.*

*7.3. ELECTRICISTA.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente no mesmo á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de sonido e durante a actuación. O resto do tempo no que esté vixente o contrato estará permanentemente localizable.*

*7.4. MANTENEMENTO.*

*O CONCELLO ocuparase do mantenemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ó seu cargo do persoal e materiais adecuados.*

*7.5. OUTRO PERSOAL.*
*Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto.*

*<u>8. SEGURIDADE.</u>*

*O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orden que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ó escenario, camerinos, "backstage", equipos de sonido e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orden cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúan ao CONCELLO neste contrato.*

*O servizo de orden estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos representantes da AXENCIA e dos responsables do CONCELLO.*

*Dende trinta minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por OITO persoas identificables con acreditacións visibles e distribuido da seguinte maneira:*

*1 director do servizo de orden.*
*2 membros DETRÁS DO ESCENARIO.*
*2 membros DIANTE DO ESCENARIO.*
*2 membros NOS EQUIPOS DE SONIDO E ILUMINACIÓN.*
*1 membros NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.*

*O CONCELLO comunicaralle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orden, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.*

*O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores que correspondan segundo a legislación vixente en perfectas condicións.*

*<u>9. ACTUACIÓN E ENSAIO.</u>*

*9.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.*
*Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.*
*9.2. ENSAIO TÉCNICO.*

*O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estos ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.*

*9.3. HORARIOS.*
*A actuación comezará con estricta puntualidade.*

*<u>10. PUBLICIDADE.</u>*

*DOSSIER ARTÍSTICO.-*
*FOTOGRAFÍAS.-*

*EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.*

*A AXENCIA editará 1.200 carteis anunciadores deste ciclo e encargarase da súa distribución. O deseño desta cartelería deberá contar coa conformidade previa do CONCELLO.*

*11. LUGAR DE ACTUACIÓN.*

*O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do lugar e instalacións necesarios para a actuación que se describen neste documento.*

*Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un so efecto, no lugar e data indicados.*

*ANEXO II (PROGRAMACION)*

*XOVEVIGO 05*

| |
|---|
| *Lugar: Praza do Rei*<br>*Datas: 18 ao 23 de xullo*<br>*Hora: 22,30 horas* |

*LUNS, 18 de xullo*
- *DONATORE DI GROOVE (ACID – JAZZ)*
- *SPINA FECUNDA (METAL)*

*MARTES, 19 de xullo*
- *KOGITO (SKA)*
- *THE WHIP LOVERS (PUNK ROCK)*

*MERCORES, 20 de xullo*
- *MIRAGE (HARD ROCK)*
- *FALLEN SENTINEL ( BLACK GOTHIC METAL)*

*XOVES, 21 de xullo*
- *SAMUEL LEVI (CANTAUTOR)*
- *ARMADILLO ( SAMPLEDELIA)*

*VENRES, 22 de xullo*
- *B-PACK ( POP-ELECTRONICO)*
- *DR. HARAPOS (ROCK TRANSGRESIVO)*

*SABADO, 23 de xullo*
- *SALDOS ARIAS (PUNK ROCK)*
- *MOUSTIQUE (POP - ROCK BRITÁNICO)*

**47(861).- CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE DJAVAN E TIMBALADA VI DENTRO DO VI FESTIVAL INTERNACIONAL "PARA VIGO ME VOY". EXPTE. 1563/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 4.07.05, conformado polo concelleiro de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto dos artistas DJAVAN E TIMBALADA, dentro do *VI Festival Internacional "Para Vigo me voy"*, o día 28 de xullo, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 88.750.-€, (iva incluido) con cargo á partida 451.2.226.08.05, (festas de Vigo) do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa MEDIARTE E COMUNICACIÓN DE GALICIA S.L., CIF B-36787364.

3- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

4º.-Aprobar un prezo público de 6.-€, sen asento, para cada unha das 4.000 entradas que se porán á venda para o concerto.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE DJAVAN E TIMBALADA*

*Vigo, o XXXXX de xxxxxxxxx de DOUS MIL CINCOCENTOS*

*Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D. BIBIANO MORÓN GIMÉNEZ, NIF 33.199699-G, ADMINISTRADOR e que actúa en nome da empresa MEDIARTE Y COMUNICACIÓN DE GALICIA S.L., con CIF B-36787364, con domicilio na rúa Churruca, 3 baixo interior, da cidade de Vigo, CP 36209; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes*

*CLÁUSULAS*

*OBXECTO DO CONTRATO*

*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación dos artistas DJAVAN Y TIMBALADA no sucesivo O ARTISTA, o día 28 (vinteoito) de xullo de 2005, ás 23,00 horas no recinto denominado Auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos, situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 150 minutos. Esta actuación enmárcase dentro da programación do VI Festival Internacional "Para Vigo me voy", marca rexistrada pola AXENCIA*

*A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA, dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.*

*VALIDEZ*

*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en toda as súas follas, incluídas as do ANEXO.*

*RETRIBUCIÓN E GASTOS*

*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 76.508.-€ máis ive, o que fai un total de 88.750.-€, en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.*

*O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a favor da AXENCIA, a BIBIANO MORÓN GIMÉNEZ, NIF 33.199699-G, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega da factura conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.*

*CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.*

*PERMISOS*

*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.*

*AFORO E VENDA DE ENTRADAS*

*SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 5.000.- espectadores; ademais existe outra zona de acceso gratuíto de aforo "indefinido" e non controlado. O CONCELLO editará e porá á venda un total de 4.000.- entradas, ao prezo único de 6.-€, sen asento, cada unha e será o beneficiario da total recaudación. Así mesmo, editará 500 invitacións, das que facilitará 35 á AXENCIA.*

*IMAXEN DO ARTISTA*

*SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou producto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de productos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, trala comunicación por escrito ao CONCELLO.*

*OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.*

*O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.*

*O CONCELLO instalará dúas pantallas de reproducción de vídeo a ambos lados do escenario para retransmitir en directo toda a actuación do ARTISTA, o que coñece e acepta a AXENCIA.*

*NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.*

## *PUBLICIDADE*

*DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio institucional desa actuación, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.*

*A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.*

## *PATROCINIOS*

*DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades , o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estructuras de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO, para o que se obterá o consentimento exprícito do artista.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.*

## *SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO*

*DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.*

*DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.*

*DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.*

*DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estructuras e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.*

## *INSTALACIÓNS*

*DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 8,00 horas do día anterior á actuación ata seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.*

*DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá o CONCELLO.*

## *SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN*

*VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.*

*VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.*

*VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.*

## *INCUMPRIMENTOS*

*VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á AXENCIA a rescindir o contrato.*

*VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

## *ANEXO TÉCNICO*

### *1. SON E ILUMINACIÓN.*

*A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.*

*Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto cun aforo de 20.000 persoas na grada, O CONCELLO instalará un reforzo de sonido de 16.000 watios de potencia, en catro torres de "delay" situadas na liña de graderío.*

*2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.*

*2.1. ESCENARIO.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, o escenario existente no recinto de actuación e que reune as seguintes características:*

*Dimensións.- 20 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m. O escenario estará cuberto no teito.*

*Capacidade de carga.- 500 kg/m2.*

*Accesos.- O escenario estará provisto dunha saolida escaleira que comunique coa zona traseira de escenario ("backstage").*

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

*Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de peso soportado pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg; en caso de querer volar os equipos de son, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido.*

*2.2. PLATAFORMAS DE SON.*

*O CONCELLO instalará as estructuras necesarias para os equipos de son.*

*2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)*

*Dimensións.- Así mesmo, a 25 m do escenario haberá unha plataforma de 8 m de fronte, 4 m de fondo e dous niveis, situados a 2 m e 5 m do chan*

*Situación.- A 25 m do punto central da embocadura do escenario.*

*Capacidade de carga.- 1.000 Kg/m2.*

*2.4. OUTROS.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto.A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.*

*3. VALADO.*

*O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:*

*ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.*

*EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.-*

*MERCADOTECNIA.-*

*O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.*

*<u>4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.</u>*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA as instalacións eléctricas existentes no recinto de actuación e reunirán as seguintes características: 380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco según normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.*

*Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.*

*As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.*

*<u>5. CAMERINOS.</u>*

*O CONCELLO proverá ao ARTISTA dos seguintes camerinos para uso exclusivo do artista ou persoal de producción acreditado polo Concello, illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este:*

*Individuais: 6*
*Colectivos: 2*
*Oficina de producción:*
*Capacidade total necesaria: 60 persoas.*

*Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, 70 toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave. O camerino de Djavan terá unha táboa de prancha e unha prancha.*

*Ninguén alleo ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.*

*<u>6. "CATERIN".</u>*

*O CONCELLO deberá subministrar no camerino do ARTISTA, dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "caterin":*

*<u>Catering Timbalada:</u>*

*<u>Músicos</u>: 30 gatorades, 35 red bull, 25 garrafas de auga de coco, 25 iogures (dun-up), 5 caixas de agua mineral, 2 caixas de refrescos, 1 cesto de frutas (platanos, piñas, ciruelas, mazas, peras, mangos e naraxas, 40 barras de cereais, 2 bandexas de queixos, 2 bandexas de embutidos, 1 bandexa de chocolates surtidos, 1 caixa de isopor grande con xelo. Menaxe*

*<u>Cantantes:</u> 8 gatorades, 10 red bull, 10 garrafas de auga de coco, 6 iogures Dun-up, medio caixa de auga mineral, 1 cesta de frutas (platanos, piñas, ciruelas, mazas, peras, uvas, mangos), 8 barras de cereales, 1 bandexa de queixos, 1 bandexa de chocolates surtidos, 1 caixa de isopor grande con xelo, Menaxe.*

*Careting Djavan*

*4 bandeixas de sandwiches e snacks variados, 4 bandexas con frutas variadas, 4 bandexas de queixos variados, 3 bandexas de galletas e snacks variados, 80 batellas de agua mineral sen gas, 20 litros de zumos variados, 40 botes de Heineken, 80 botes de refrescos variados: cola, limón, en cantidad suficiente vasos de cristal, xelo, cucharillas, café, te, azúcar e servilletas.*

*Técnicos*

*Auga para 20 persoas.*

*7. VEHÍCULOS.*

*Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.*

*O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro dos vehículos que participen na producción do espectáculo.*

*O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.*

*8. MERCADOTECNIA.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.*

*9. PERSOAL DE PRODUCIÓN.*

*9.1. RESPONSABLE DE PRODUCIÓN.*

*O CONCELLO designará a unha persoa como máximo responsable da producción. A AXENCIA designará a unha persoa como único interlocutor válido para cuestión de producción e organización relacionadas co evento.*

*O CONCELLO coñecerá por adiantado a identidade do/a interculotor da AXENCIA. A AXENCIA estará presente no lugar da actuación a hora que se acorde. Durante o tempo de vixencia do contrato, o interlocutor da AXENCIA estará permanentemente localizabe. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa da AXENCIA relacionada coa producci´n.*

*No presuposto indicado na cláusula terceira inclúese a dirección técnica e coordinación artística, polo que toda a relación co ARTISTA e os seus representantes ou técnicos antes, durante e despois da actuación será responsabilidade deste persoal acreditado da AXENCIA; por este motivo, unha vez finalizados os ensaios e antes do comezo da actuación, nos aledaños dos camerinos e do escenario tan só haberá o persoal de producción que resulte imprescindible.*

*9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de SEIS persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 8,00 horas do día da actuación,. e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga. 6 persoas o finalizar o concerto para cargar backline.*

*9.3. ELECTRICISTA.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizable.*

*9.4. MANTEMENTO.*

*O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.*

*9.5. OUTRO PERSOAL.*

*Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto: despacho de entradas, porteiros, runners, persoal de limpeza, persoal encargado do catering…*

*<u>10. SEGURIDADE.</u>*

*O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.*

*O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo.*

*Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal o persoal acreditado relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visible unha acreditación.*

*Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 20 persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:*

*1 director do servizo de orde.*
*4 membros DETRÁS DO ESCENARIO.*
*8 membros DIANTE DO ESCENARIO.*
*2 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.*
*3 membros NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.*
*2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)*

*O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC*

*O CONCELLO terá un responsale do servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.*

*O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.*

*<u>11. ACTUACIÓN E ENSAIO.</u>*

*11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.*

*Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.*

*11.2. ENSAIO TÉCNICO.*

*O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará no día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.*

*11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).*

*A actuación comezará con estricta puntualidade.*

*A apertura de portas ao público producirase ás 21,00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA.*

*<u>12. PUBLICIDADE.</u>*

*A AXENCIA porá a disposición de O CONCELLO, o seguinte material publicitario de O ARTISTA:*

*CARTEIS.-*

*DOSSIER ARTÍSTICO.-*

*FOTOGRAFIAS.*

*A distribución da cartelería do ARTISTA será por conta do CONCELLO.*

*<u>13. LOCAL DE ACTUACIÓN.</u>*

*O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.*

*Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

**48(862).- CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DE AMARAL DENTRO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005. EXPTE. 1574/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 6.07.05, conformado polo concelleiro de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto

de AMARAL dentro do programa de concertos das Festas do Cristo da Victoria 2005, o día 20 de agosto, no auditorio ao aire libre de Castrelos as 23,00 horas.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 100.920.-€, (iva incluido) con cargo á partida 451.2.226.08.05, (festas de Vigo) do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa Simon Music S.L. CIF.: B-36866754.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

4º.- Aprobar un prezo único de 12 euros para cada unha das 4.000 entradas (sen asento) que se porán á venda para o concerto.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE AMARAL*

*Vigo, o XXXXX de XXXXXX de dous mil cinco*

*Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ QUINTANA, NIF 36092236-S, XERENTE e que actúa en nome da empresa SIMÖN MUSIC S.L., con CIF B-36866754, con domicilio na rúa Policarpo Sanz, 6- 4º, da cidade de Vigo, CP 36202; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes*

*CLÁUSULAS*

*OBXECTO DO CONTRATO*

*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do artista AMARAL , no sucesivo O ARTISTA, o día 20 (vinte) de agosto de 2005, ás 23,00 horas no recinto denominado Auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos, situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 90 minutos.*

*A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA, dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.*

*VALIDEZ*

*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en toda as súas follas, incluídas as do ANEXO.*

*RETRIBUCIÓN E GASTOS*

*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 87.000.-€ máis ive, o que fai un total de 100.920.-€, en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.*

*O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a favor da AXENCIA, a D FRANCICO JAVIER GONZÁLEZ QUINTANA, NIF 36092236-S, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega da factura conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.*

*CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.*

*PERMISOS*

*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.*

*AFORO E VENDA DE ENTRADAS*

*SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 5.000.- espectadores de pé; ademais existe outra zona de acceso gratuíto de aforo "indefinido" e non controlado. O CONCELLO porá á venda un total de 4.000.-entradas, ao prezo único de 12.-€, cada unha, sen asento, e será o beneficiario da total recaudación. Ademais, editará 600 invitacións das que entregará á AXENCIA 35.*

*IMAXEN DO ARTISTA*

*SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou producto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de productos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, trala comunicación por escrito ao CONCELLO.*

*OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.*

*O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.*

*O CONCELLO instalará dúas pantallas de reproducción de vídeo a ambos lados do escenario para retransmitir en directo toda a actuación do ARTISTA, o que coñece e acepta a AXENCIA.*

*NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.*

*PUBLICIDADE*

*DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desa*

*actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.*

*A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.*

*<u>PATROCINIOS</u>*

*DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades , o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estructuras de son, co obxecto de evitar a asociación da image do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.*

*<u>SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO</u>*

*DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.*

*DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.*

*DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.*

*DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estructuras e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.*

*<u>INSTALACIÓNS</u>*

*DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 8,00 horas do día anterior á actuación ata seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.*

*DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá o CONCELLO.*

*SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN*

*VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.*

*VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.*

*VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.*

*INCUMPRIMENTOS*

*VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á AXENCIA a rescindir o contrato.*

*VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

*ANEXO TÉCNICO*

*1. SON E ILUMINACIÓN.*

*A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.*

*Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto cun aforo de 20.000 persoas na grada, O CONCELLO instalará un reforzo de sonido de 16.000 watios de potencia, en catro torres de "delay" situadas na liña de graderío.*

*2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.*

*2.1. ESCENARIO.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, o escenario existente no recinto de actuación e que reune as seguintes características:*

*Dimensións.- 20 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m. O escenario estará cuberto no teito.*

*Capacidade de carga.- 500 kg/m2.*

*Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira de escenario ("backstage").*

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

*Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de peso soportado pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg; en caso de querer volar os equipos, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido. A cuberta está situada a 8 metros do chan do escenario.*

*2.2. PLATAFORMAS DE SON.*
*O CONCELLO instalará as estructuras necesarias para os equipos de son.*

*2.3. PLATAFORMAS PARA CONTROL (MIXER)*
*Número.- dúas, unha para son e outra para luces.*
*Dimensións.- 4 m de fronte, 3 m de fondo e 4 m x 2 m a 0,50 m de altura..*
*Situación.- A 25 m do punto central da embocadura do escenario.*
*Capacidade de carga.- 1.000 Kg/m2.*

*Para cañón de iluminación: torre de 2 m x 2 m, a 2 m do chan.*

*2.4. OUTROS.*
*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto.A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.*

*3. VALADO.*
*O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:*

*ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.*
*EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.- disporá de valado perimetral*
*MERCADOTECNIA.-*
*O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.*

*4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.*
*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA as instalacións eléctricas existentes no recinto de actuación e reunirán as seguintes características: 380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco según normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.*
*Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.*
*As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.*

*5. CAMERINOS.*
*O CONCELLO proverá ao ARTISTA dos seguintes camerinos: 1 individual para 2 artistas ; 1 colectivo para para seis músicos; 1 colectivo para 22 técnicos.*

*Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave. Neste sentido, proporcionaranse toallas grandes, recién lavadas e secas e pastilla de xabón.*

*Ninguén alleo ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.*

*Ademais proveerá de unha oficiña de produción no "backstage", con mobiliario.*

*6. "CATERIN".*

*O CONCELLO deberá subministrar ó catering seguinte:*

*Artistas: Artista: Auga mineral sen gas 0,33 l, refrescos frios de cola, limón, naranxa e tónica, acuarius, cervezas frías, iogur variado ( Actimel ), zumos de frutas, sandwiches variados ( algunos vexetales ), queixos, tortilla de patatas, Shusi variado para 2 personas, pan, fruta fresca de temporada, zumos,...*
*-Té, azúcar e auga caliente para su preparación-Miel-El menaje necesario: cubertería (de metal), vajilla (de loza e cristal)- 1 Nevera*
*Banda: Auga mineral sen gas 0,33 l, refrescos frios de cola, limón, naranja e tónica, cervezas frías, sandwiches variados ( algunos vexetales ), queixos, tortilla de patatas, pan, fruta fresca de temporada, zumos variados, shusi variado para 8 personas, 2 ensaladas, - 1 Nevera,*
*Técnicos:*
*Á chegada dos camions, ó comenzar a montaxe de equipos, desayuno para 22 persoas. Consistente en :*
*Zumos, café, leite, infusions, pastelería, fiambres, pan, ...*
*Na oficina de producción:*
*1ó 2 cámaras frigoríficas con:*
*8 caixas de 12 botellas de 1,5 l de auga mineral sen gas.*
*2 caixas de 24 botellas de 0,33 l de auga mineral sen gas*
*24 latas de red bull*
*2 caixas de 24 latas de refrescos de cola*
*2 caixas de 24 latas de refrescos de cola light*
*2 caixas de 24 latas de refrescos de naranja*
*2 caixas de 24 latas de refrescos de limón*
*2 caixas s de 24 latas de Nestea al limón sen azucar*
*30 Kg de Xelo*
*10 kg de fruta variada*
*Vasos de plástico*
*22 bocadillos e refrescos para o bus de técnicos.*

*Ademáis, subministrará aos técnicos auga mineral sen gas, antes, durante e despois das montaxes.*

*7. VEHÍCULOS.*

*Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.*

*O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de tres trailers, dos autobúses e tres furgonetas que participen na producción do espectáculo.*

*O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.*

*8. MERCADOTECNIA.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.*

*9. PERSOAL DE PRODUCIÓN.*

*9.1. RESPONSABLE DE PRODUCIÓN.*

*O CONCELLO designará a unha persoa como máximo responsable da producción. A AXENCIA designará a unha persoa como único interlocutor válido para cuestión de producción e organización relacionadas co evento.*

*O CONCELLO coñecerá por adiantado a identidade do/a interculotor da AXENCIA. A AXENCIA estará presente no lugar da actuación a hora que se acorde. Durante o tempo de vixencia do contrato, o interlocutor da AXENCIA estará permanentemente localizabe. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa da AXENCIA relacionada coa producción.*

*9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de VINTESEIS persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 8,00 horas do día da actuación, e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.*

*9.3. ELECTRICISTA.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizable.*

*9.4. MANTEMENTO.*

*CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.*

*9.5. OUTRO PERSOAL.*

*Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto: despacho de entradas, porteiros, runners…*

*10. SEGURIDADE.*

*O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.*

*O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsables do CONCELLO.*

*Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visible unha acreditación.*

*Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 20 persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:*

*1 director do servizo de orde.*
*2 membros DETRÁS DO ESCENARIO.*
*10 membros DIANTE DO ESCENARIO.*
*2 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.*
*4 membros NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.*
*2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)*
*2 membros: zona de minusválidos.*
*1 membro: cañons*

*O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC .*

*O CONCELLO comunicaralle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.*

*O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.*

*11. ACTUACIÓN E ENSAIO.*

*11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.*

*Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.*

*11.2. ENSAIO TÉCNICO.*

*O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.*

*11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).*

*A actuación comezará con estricta puntualidade.*

*A apertura de portas ao público producirase ás 21,00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA.*

*12. PUBLICIDADE.*

*A AXENCIA editará 2.000 carteis para a difusión deste concerto, que serán distribuidos polo CONCELLO, para o que llos entregará cunha antelación mínima de dez días e 50 dossiers.*

*13. LOCAL DE ACTUACIÓN.*

*O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.*

*Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un so efecto, no lugar e data indicados.*

**49(863).- CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE THE PRODIGY Y DELUXE DENTRO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005. EXPTE. 1573/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 6.07.05, conformado polo concelleiro de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto dos artistas THE PRODIGY e DELUXE (como teloneiro) dentro do programa de concertos das Festas do Cristo da Victoria 2005, o día 1 de agosto, no auditorio ao aire libre de Castrelos as 22,30 horas.

2º-. Autorizar un gasto por un importe total de 180.960.-€, (iva incluido) con cargo á partida 451.2.226.08.05, (festas de Vigo) do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa Simon Music S.L. CIF.: B-36866754.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

4º.- Aprobar un prezo público de 12 € (venta anticipada) e 15 € (venta taquilla), sen asento, para cada unha das 4.000 entradas que se porán á venda para o concerto.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE*

*THE PRODIGY e DELUXE (teloneiro)*

*Vigo, o XXXXX de XXXXXX de dous mil cinco.*

*Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D FRANCICO JAVIER GONZÁLEZ QUINTANA, NIF 36092236-S, XERENTE e que actúa en nome da empresa SIMON MUSIC S.L., con CIF B-36866754, con domicilio na rúa Policarpo Sanz, 6- 4º, da cidade de Vigo, CP 36202; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes*

*CLÁUSULAS*

*OBXECTO DO CONTRATO*

*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do grupo THE PRODIGY + DELUXE (teloneiro), no sucesivo O ARTISTA, o día 1 (un) de agosto de 2005, ás 22,30 horas no recinto denominado auditorio ao aire libre do parque de Castrelos, situado na cidade de Vigo. THE PRODIGY efectuará unha actuación cunha duración mínima de 90 minutos. DELUXE que actuará como teloneiro realizará unha actuación de 60 minutos.*

*A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA, dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.*

*VALIDEZ*

*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en toda as súas follas, incluídas as do ANEXO.*

*RETRIBUCIÓN E GASTOS*

*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 156.000-€ máis ive, o que fai un total de 180.960-€, en concepto da actuación do ARTISTA. Este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e human necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.*

*O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a favor da AXENCIA, a D FRANCICO JAVIER GONZÁLEZ QUINTANA, NIF 36092236-S, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega da factura conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.*

*CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.*

*PERMISOS*

*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.*

*AFORO E VENDA DE ENTRADAS*

*SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 5.000.- espectadores de pé; ademais existe outra zona de acceso gratuíto de aforo "indefinido" e non controlado. O CONCELLO porá á venda un total de 4.000.-entradas, ao prezo de 12.-€, anticipada e 15.-€ en taquilla, cada unha, sen asento, e será o beneficiario da total recaudación. Ademais, editará 600 invitacións das que entregará á AXENCIA 35.*

*IMAXEN DO ARTISTA*

*SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou producto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de productos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, trala comunicación por escrito ao CONCELLO.*

*OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.*

*O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.*

*O CONCELLO instalará dúas pantallas de reproducción de vídeo a ambos lados do escenario para retransmitir en directo toda a actuación do ARTISTA, o que coñece e acepta a AXENCIA.*

*NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.*

*PUBLICIDADE*

*DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desa actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.*

*A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.*

*PATROCINIOS*

*DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades , o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estructuras de son, co obxecto de evitar a asociación da image do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.*

*SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO*

*DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.*

*DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.*

*DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.*

*DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estructuras e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.*

*INSTALACIÓNS*

*DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 8,00 horas do día anterior á actuación ata seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.*

*DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá o CONCELLO.*

*SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN*

*VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.*

*VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.*

*VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.*

## *INCUMPRIMENTOS*

*VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á AXENCIA a rescindir o contrato.*

*VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

## *ANEXO TÉCNICO*

### *1. SON E ILUMINACIÓN.*

*A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.*

*Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto cun aforo de 20.000 persoas na grada, O CONCELLO instalará un reforzo de sonido de 16.000 watios de potencia, en catro torres de "delay" situadas na liña de graderío.*

### *2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.*

*2.1. ESCENARIO.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, o escenario existente no recinto de actuación e que reune as seguintes características:*

*Dimensións.- 20 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m. O escenario estará cuberto no teito.*

*Capacidade de carga.- 500 kg/m2.*

*Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira de escenario ("backstage").*

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

*Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de peso soportado pola cuberta é de aproximadamente 2.000 quilogramos; en caso de querer volar os equipos, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido. A cuberta está situada a 8 metros do chan do escenario.*

*2.2. PLATAFORMAS DE SON.*

*O CONCELLO instalará as estructuras necesarias para os equipos de son.*

*2.3. PLATAFORMAS PARA CONTROL (MIXER)*

*Número.- dúas, unha para son e outra para luces.*

*Dimensións.- 5 m de fronte, 4 m de fondo e 5 m x 3 m a 0,60 m de altura..*

*Situación.- A 25 m do punto central da embocadura do escenario.*

*Capacidade de carga.- 1.000 Kg/m2.*

*Para cañóns de iluminación: torre de 4 m x 2,5 m x 3 m de alto, con plataforma para os cañóns a 5 m de altura.*

*2.4. OUTROS.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto.A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade. Ademais, facilitaralle á AXENCIA 20 puntuais de obra, extensibles e dunha altura inferior a 1,80 m, para reforzar algunhas zonas concretas do escenario.*

## *3. VALADO.*

*O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:*

*ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.*

*EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.-*

*MERCADOTECNIA.-*

*O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.*

## *4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA as instalacións eléctricas existentes no recinto de actuación e reunirán as seguintes características: 380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco según normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.*

*Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.*

*As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.*

## *5. CAMERINOS.*

*O CONCELLO proverá ao ARTISTA 3 camerinos illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este, cunha capacidade total de 6 persoas*

*1 camerino para el equipo técnico de The Prodigy*

*1 camerino para o artista invitado.*

*Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave. Neste sentido, proporcionaranse 12 toallas grandes, 12 toallas de man, recién lavadas e secas e xabón.*

*Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA dúas oficiñas de produccíón, preto do escenario, con tres mesas de traballo e seis cadeiras, ademais dunha liña telefónica prevista de contador.*

*<u>6. "CATERIN".</u>*

*A AXENCIA subministrará ó “caterin” solicitado pola ARTISTA.*

*Ademais, subministrará aos técnicos auga mineral sen gas, antes, durante e despois das montaxes.*

*<u>7. VEHÍCULOS.</u>*

*Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.*

*O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro dos vehículos que participen na producción do espectáculo.*

*O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario (“backstage”) e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.*

*<u>8. MERCADOTECNIA.</u>*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.*

*<u>9. PERSOAL DE PRODUCIÓN.</u>*

*9.1. RESPONSABLE DE PRODUCIÓN.*

*O CONCELLO designará a unha persoa como máximo responsable da producción. A AXENCIA designará a unha persoa como único interlocutor válido para cuestión de producción e organización relacionadas co evento.*

*O CONCELLO coñecerá por adiantado a identidade do/a interculotor da AXENCIA. A AXENCIA estará presente no lugar da actuación a hora que se acorde. Durante o tempo de vixencia do contrato, o interlocutor da AXENCIA estará permanentemente localizabe. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa da AXENCIA relacionada coa producci´n.*

*9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de TRINTA persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 8,00 horas do día da actuación, e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.*

*9.3. ELECTRICISTA.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizable.*

*9.4. MANTEMENTO.*

*O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.*

*9.5. OUTRO PERSOAL.*

*Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto: despacho de entradas, porteiros, runners… Ademais, O CONCELLO deberá aportar 2 riggers.*

*10. SEGURIDADE.*

*O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.*

*O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsables do CONCELLO.*

*Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visible unha acreditación.*

*Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 27 persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:*

*1 director do servizo de orde.*
*2 membros DETRÁS DO ESCENARIO.*
*12 membros DIANTE DO ESCENARIO.*
*4 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.*
*4 membros NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.*
*4 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)*

*O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC .*

*O CONCELLO comunicaralle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.*

*O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.*

*<u>11. ACTUACIÓN E ENSAIO.</u>*

*11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.*

*Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.*

*11.2. ENSAIO TÉCNICO.*

*O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.*

*11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).*

*A actuación comezará con estricta puntualidade.*

*A apertura de portas ao público producirase ás 21,00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA.*

*<u>12. PUBLICIDADE.</u>*

*A AXENCIA editará 2.000 carteis para a difusión deste concerto, que serán distribuidos polo CONCELLO, para o que llos entregará cunha antelación mínima de quince días.*

*<u>13. LOCAL DE ACTUACIÓN.</u>*

*O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.*

*Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un so efecto, no lugar e data indicados.*

**50(864).- CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE BEBE, TÍO CALAMBRE, COMBO LINGA, DJ FONKI OMAR DO VI FESTIVAL INTERNACIONAL "PARA VIGO ME VOY". EXPTE. 1562/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 4.07.05, conformado polo concelleiro de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto

dos artistas BEBE, TIO CALAMBRE, COMBO LINGA, DJ FONKI OMAR, dentro do *VI Festival Internacional "Para Vigo me voy"*, o día 27 de xullo, no auditorio ao aire libre de Castrelos.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 59.500.-€, (iva engadido) con cargo á partida 451.2.226.08.05, (festas de Vigo) do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercico en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa MEDIARTE E COMUNICACIÓN DE GALICIA S.L., CIF B-36787364.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

4º.- Aprobar un prezo público de 6-€, sen asento, para cada unha das 4.000 entradas que se porán á venda para o concerto.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE BEBE, TIO CALAMBRES, COMBO LINGA E DJ FONKI OMAR*

*Vigo, o XXXXX de xxxxxxxxx de DOUS MIL CINCOCENTOS*

*Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D. BIBIANO MORÓN GIMÉNEZ, NIF 33.199699-G, ADMINISTRADOR e que actúa en nome da empresa MEDIARTE Y COMUNICACIÓN DE GALICIA S.L., con CIF B-36787364, con domicilio na rúa Churruca, 3 baixo interior, da cidade de Vigo, CP 36209; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes*

*CLÁUSULAS*

*OBXECTO DO CONTRATO*

*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación dos artistas BEBE, TIO CALAMBRES, COMBO LINGA E DJ FONKI OMAR no sucesivo O ARTISTA, o día 27 (vintesete) de xullo de 2005, ás 23,00 horas no recinto denominado Auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos, situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará unha actuación cunha duración mínima de 90 minutos. Esta actuación enmárcase dentro da programación do VI Festival Internacional "Para Vigo me voy", marca rexistrada pola AXENCIA*

*A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA, dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.*

*VALIDEZ*

*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en toda as súas follas, incluídas as do ANEXO.*

*RETRIBUCIÓN E GASTOS*

*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 51.293.-€ máis ive, o que fai un total de 59.500.-€, en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.*

*O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a favor da AXENCIA, a BIBIANO MORÓN GIMÉNEZ, NIF 33.199699-G, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega da factura conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.*

*CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.*

*PERMISOS*

*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.*

*AFORO E VENDA DE ENTRADAS*

*SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 5.000.- espectadores; ademais existe outra zona de acceso gratuíto de aforo "indefinido" e non controlado. O CONCELLO editará e porá á venda un total de 4.000.- entradas, ao prezo único de 6.-€, sen asento, cada unha e será o beneficiario da total recaudación. Así mesmo, editará 500 invitacións, das que facilitará 35 á AXENCIA.*

*IMAXEN DO ARTISTA*

*SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou producto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de productos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, trala comunicación por escrito ao CONCELLO.*

*OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.*

*O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.*

*O CONCELLO instalará dúas pantallas de reproducción de vídeo a ambos lados do escenario para retransmitir en directo toda a actuación do ARTISTA, o que coñece e acepta a AXENCIA.*

*NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.*

*PUBLICIDADE*

*DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio*

*institucional desa actuación, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.*

*A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.*

*PATROCINIOS*

*DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades , o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estructuras de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO, para o que se obterá o consentimento exprícito do artista.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.*

*SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO*

*DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.*

*DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.*

*DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.*

*DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estructuras e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.*

*INSTALACIÓNS*

*DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 8,00 horas do día anterior á actuación ata seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.*

*DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá o CONCELLO.*

*SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN*

*VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.*

*VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.*

*VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.*

*INCUMPRIMENTOS*

*VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á AXENCIA a rescindir o contrato.*

*VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

*ANEXO TÉCNICO*

*1. SON E ILUMINACIÓN.*

*A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.*

*Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto cun aforo de 20.000 persoas na grada, O CONCELLO instalará un reforzo de sonido de 16.000 watios de potencia, en catro torres de "delay" situadas na liña de graderío.*

*2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.*

*2.1. ESCENARIO.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, o escenario existente no recinto de actuación e que reune as seguintes características:*

*Dimensións.- 20 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m. O escenario estará cuberto no teito.*

*Capacidade de carga.- 750 kg/m2.*

*Accesos.- O escenario estará provisto dunha saolida escaleira que comunique coa zona traseira de escenario ("backstage").*

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

*Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de peso soportado pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg; en caso de querer volar os equipos de son, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido.*

*2.2. PLATAFORMAS DE SON.*
*O CONCELLO instalará as estructuras necesarias para os equipos de son.*

*2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)*
*Dimensións.- Así mesmo, a 25 m do escenario haberá unha plataforma de 8 m de fronte, 4 m de fondo e dous niveis, situados a 2 m e 5 m do chan*
*Situación.- A 25 m do punto central da embocadura do escenario.*
*Capacidade de carga.- 1.000 Kg/m2.*

*2.4. OUTROS.*
*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto.A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.*

*3. VALADO.*
*O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:*

*ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.*

*EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.-*
*MERCADOTECNIA.-*

*O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.*

*4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.*
*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA as instalacións eléctricas existentes no recinto de actuación e reunirán as seguintes características: 380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco según normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.*
*Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.*
*As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.*

*5. CAMERINOS.*

*O CONCELLO proverá ao ARTISTA dos seguintes camerinos, para uso exclusivo do artista au persoal de producción acreditado polo Concello, illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este:*

*Individuais: 3*

*Colectivos: 2*

*Oficina de producción: 1*

*Capacidade total necesaria: 30 persoas.*

*Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, 30 toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.*

*Ninguén alleo á ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.*

*6. "CATERIN".*

*O CONCELLO deberá subministrar no camerino do ARTISTA, dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "caterin":*

- *TÉCNICOS: Auga para 14 persoas.*
- *ARTISTAS: 60 litros de auga mineral sen gas e fruta fresca a partir das probas de son do artista, xelo en abundancia, vasos de cristal, sándwiches o bacadillo varios, refrescos (incluidos light9, cervezas con e sen alcohol, fruta fresca, frutos secos en cantidade suficiente para 30 persoas aprox., 2 horas antes da actuación. O carering terá que ser presentado en mesas con mantel, cubertos e panos de mesa.*

*7. VEHÍCULOS.*

*Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.*

*O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro dos vehículos que participen na producción do espectáculo e esten acreditados polo Concello*

*O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario ("backstage") e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.*

*8. MERCADOTECNIA.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.*

*9. PERSOAL DE PRODUCIÓN.*

*9.1. RESPONSABLE DE PRODUCIÓN.*

*O CONCELLO designará a unha persoa como máximo responsable da producción. A AXENCIA designará a unha persoa como único interlocutor válido para cuestión de producción e organización relacionadas co evento.*

*O CONCELLO coñecerá por adiantado a identidade do/a interculotor da AXENCIA. A AXENCIA estará presente no lugar da actuación a hora que se acorde. Durante o tempo de vixencia do contrato, o interlocutor da AXENCIA estará permanentemente localizabe. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa da AXENCIA relacionada coa producción.*

*No presuposto indicado na cláusula terceira inclúese a dirección técnica e coordinación artística, polo que toda a relación co ARTISTA e os seus representantes ou técnicos antes, durante e despois da actuación será responsabilidade deste persoal acreditado da AXENCIA; por este motivo, unha vez finalizados os ensaios e antes do comezo da actuación, nos aledaños dos camerinos e do escenario tan só haberá o persoal de producción que resulte imprescindible.*

*9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de CATORCE persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 8,00 horas do día da actuación,. e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga. 4 persoas a chegada dos técnicas do artista para descarga do backline,4 persoas o finalizar o concerto para cargar backline.*

*9.3. ELECTRICISTA.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizable.*

*9.4. MANTEMENTO.*

*O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.*

*9.5. OUTRO PERSOAL.*

*Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto: despacho de entradas, porteiros, runners, persoal de limpeza, persoal encargado do catering…*

*<u>10. SEGURIDADE.</u>*

*O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario (“backstage”), equipos son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.*

*O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo.*

*Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal acreditado da AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visible unha acreditación.*

*Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 20 persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:*

*1 director do servizo de orde.*
*4 membros DETRÁS DO ESCENARIO.*
*8 membros DIANTE DO ESCENARIO.*
*2 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.*
*3 membros NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.*
*2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)*

*O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC*

*O CONCELLO terá un responsable do servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.*

*O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.*

*11. ACTUACIÓN E ENSAIO.*

*11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.*
*Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.*
*11.2. ENSAIO TÉCNICO.*
*O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará no día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.*

*11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).*
*A actuación comezará con estricta puntualidade.*
*A apertura de portas ao público producirase ás 21,00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA.*

*12. PUBLICIDADE.*

*A AXENCIA porá a disposición de O CONCELLO, o seguinte material publicitario de O ARTISTA:*
*CARTEIS.-*
*DOSSIER ARTÍSTICO.-*
*FOTOGRAFIAS.-*
*A distribución da cartelería do ARTISTA será por conta do CONCELLO.*

*13. LOCAL DE ACTUACIÓN.*

*O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.*

*Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

**51(865).- CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE ROSENDO E PADRE JONY DENTRO DO PROGRAMA DE CONCERTOS DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2005. EXPTE. 1575/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, do 4.07.05, conformado polo concelleiro de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, dun concerto dos artistas ROSENDO e PADRE JONY (como teloneiro) dentro do programa de concertos das Festas do Cristo da Victoria 2005, o día 13 de agosto, no auditorio ao aire libre de Castrelos as 22,30 horas.

2º.- Autorizar un gasto por un importe total de 49.880.-€, (iva incluido) con cargo á partida 451.2.226.08.05, (festas de Vigo) do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará á empresa Simon Music S.L. CIF.: B-36866754.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

4º.- Aprobar un prezo único de 6 euros para cada unha das 4.000 entradas (sen asento) que se porán á venda para o concerto.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE ROSENDO e PADRE JONY (teloneiro)*

*Vigo, o XXXXX de XXXXXX de dous mil cinco*

*Dunha parte D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e como representante do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.*

*Doutra parte D FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ QUINTANA, NIF 36092236-S, XERENTE e que actúa en nome da empresa SIMON MUSIC S.L., con CIF B-36866754, con domicilio na rúa Policarpo Sanz, 6- 4º, da cidade de Vigo, CP 36202; no sucesivo A AXENCIA.*

*Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes*

*CLÁUSULAS*
*OBXECTO DO CONTRATO*

*PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación dos artistas ROSENDO e PADRE JONY (teloneiro) , no sucesivo O ARTISTA, o día 13 (trece) de agosto de 2005, ás 22,30 horas no recinto denominado Auditorio ao aire libre do Parque de Castrelos, situado na cidade de Vigo. ROSENDO efectuará unha actuación cunha duración mínima de 120 minutos e o PADRE JONY que actuará como teloneiro unha actuación de 60 minutos.*

*A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do ARTISTA, dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.*

*VALIDEZ*
*SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da AXENCIA debidamente asinado e selado en toda as súas follas, incluídas as do ANEXO.*

*RETRIBUCIÓN E GASTOS*
*TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 43.000.-€ máis ive, o que fai un total de 49.880.-€, en concepto da actuación do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.*

*O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a favor da AXENCIA, a D FRANCICO JAVIER GONZÁLEZ QUINTANA, NIF 36092236-S, momentos antes do comezo da actuación, co ARTISTA no recinto, tras a achega da factura conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.*

*CUARTA.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.*

*PERMISOS*
*QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.*

*AFORO E VENDA DE ENTRADAS*
*SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 5.000.- espectadores de pé; ademais existe outra zona de acceso gratuíto de aforo "indefinido" e non controlado. O CONCELLO porá á venda un total de 4.000.-entradas, ao prezo único de 6-€, cada unha, sen asento, e será o beneficiario da total recaudación. Ademais, editará 600 invitacións das que entregará á AXENCIA 35.*

*IMAXEN DO ARTISTA*
*SÉTIMA.-O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou producto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co*

*ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de productos relacionados co ARTISTA no lugar e data do concerto, trala comunicación por escrito ao CONCELLO.*

*OITAVA.- Para efectuar calquera retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.*

*O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertiralle ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.*

*O CONCELLO instalará dúas pantallas de reproducción de vídeo a ambos lados do escenario para retransmitir en directo toda a actuación do ARTISTA, o que coñece e acepta a AXENCIA.*

*NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.*

*PUBLICIDADE*

*DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desa actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.*

*A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.*

*PATROCINIOS*

*DÉCIMO PRIMEIRA.-O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades , o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estructuras de son, co obxecto de evitar a asociación da image do ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- O ARTISTA resérvase o dereito de acordar o patrocinio da súa xira con calquera marca ou firma comercial, e poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores.*

*SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO*

*DÉCIMO TERCEIRA.-O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.*

*DÉCIMO CUARTA.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.*

*DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.*

*DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estructuras e equipos de son e luces, zona traseira do escenario("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.*

*<u>INSTALACIÓNS</u>*

*DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as 8,00 horas do día anterior á actuación ata seis horas despois do final da actuación do ARTISTA.*

*DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá o CONCELLO.*

*<u>SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN</u>*

*VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o espectáculo tivese que se suspender, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.*

*VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidise suspender a actuación unilateralmente, O ARTISTA percibirá a totalidade das súas retribucións.*

*VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só en caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.*

*<u>INCUMPRIMENTOS</u>*

*VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultaralle á AXENCIA a rescindir o contrato.*

*VIXÉSIMO CUARTA.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdicción que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdicción que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.*

*<u>ANEXO TÉCNICO</u>*

*1. SON E ILUMINACIÓN.*

*A AXENCIA instalará para a actuación do ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.*

*Así mesmo, e debido ás características do lugar de actuación e por tratarse dun recinto cun aforo de 20.000 persoas na grada, O CONCELLO instalará un reforzo de sonido de 16.000 watios de potencia, en catro torres de "delay" situadas na liña de graderío.*

*2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.*

*2.1. ESCENARIO.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA, o escenario existente no recinto de actuación e que reune as seguintes características:*

*Dimensións.- 20 m de fronte, 14 m de fondo e unha altura dende o chan de 1'80 m. O escenario estará cuberto no teito.*

*Capacidade de carga.- 500 kg/m2.*

*Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira de escenario ("backstage").*

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

*Así mesmo, o recinto conta cun sistema de trusses. A capacidade máxima de peso soportado pola cuberta é de aproximadamente 2.000 kg; en caso de querer volar os equipos, deberán presentarse certificados de carga dos equipos correspondentes; en caso contrario, O CONCELLO non permitirá a utilización da cuberta para este cometido.*

*2.2. PLATAFORMAS DE SON.*

*O CONCELLO instalará as estructuras necesarias para os equipos de son.*

*2.3. PLATAFORMAS PARA CONTROL (MIXER)*

*Número.- dúas, unha para son e outra para luces.*

*Dimensións.- 4 m de fronte, 3 m de fondo e 4 m x 2 m a 0,50 m de altura..*

*Situación.- A 25 m do punto central da embocadura do escenario.*

*Capacidade de carga.- 1.000 Kg/m2.*

*Para cañón de iluminación: torre de 2 m x 2 m, a 2 m do chan.*

*2.4. OUTROS.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA unha carreta elevadora con conductor durante a xornada do concerto.A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.*

*3. VALADO.*

*O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:*

*ESCENARIO.- Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 m del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.*

*EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.- disporá de valado perimetral*

*MERCADOTECNIA.-*

*O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.*

*4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA as instalacións eléctricas existentes no recinto de actuación e reunirán as seguintes características: 380/220 voltios a pé de escenario, protexidos con cadro eléctrico estanco según normas en vigor e dando 0 o voltaxe entre neutro e terra.*

*Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.*

*As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.*

*5. CAMERINOS.*

*O CONCELLO proverá ao ARTISTA dos seguintes camerinos: 2 individuais, 2 colectivos.*

*Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave. Neste sentido, proporcionaranse toallas grandes, recién lavadas e secas e pastilla de xabón.*

*Ninguén alleo ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñibles e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do ARTISTA ata a fin da desmontaxe. O CONCELLO facilitaralle á ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.*

*Ademais proveerá de unha oficiña de produción no “backstage”, con mobiliario.*

*6. "CATERIN".*

*O CONCELLO deberá subministrar ó catering seguinte:*

*50 litros de auga sen gas e fruta fresca a partir da hora da descarga.*

*50 libros de auga mineral sen gas e fruta fresca a partir da hora das probas do artista.*

*Xelo en abundancia, vasos, 25 sandwiches o bocadillos variados, refrescos, cervezas e fruta fresca en cantidade suficiente para 15 persoas aproximadamente, 2 horas antes da actuación.*

*Ademáis, subministrará aos técnicos auga mineral sen gas, antes, durante e despois das montaxes.*

*7. VEHÍCULOS.*

*Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.*

*O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de un trailers de 18 metros, 5 furgonetas e 2 coches.*

*O vehículo do ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario (“backstage”) e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.*

*8. MERCADOTECNIA.*

*O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.*

*9. PERSOAL DE PRODUCIÓN.*

*9.1. RESPONSABLE DE PRODUCIÓN.*

*O CONCELLO designará a unha persoa como máximo responsable da producción. A AXENCIA designará a unha persoa como único interlocutor válido para cuestión de producción e organización relacionadas co evento.*

*O CONCELLO coñecerá por adiantado a identidade do/a interculotor da AXENCIA. A AXENCIA estará presente no lugar da actuación a hora que se acorde. Durante o tempo de vixencia do contrato, o interlocutor da AXENCIA estará permanentemente localizable. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa da AXENCIA relacionada coa producción.*

*9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.*

*O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de doce persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as 8,00 horas do día da actuación, e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediatamente despois do final da actuación para a carga.*

*9.3. ELECTRICISTA.*

*O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizable.*

*9.4. MANTEMENTO.*

*O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.*

*9.5. OUTRO PERSOAL.*

*Será a cargo do CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto: despacho de entradas, porteiros, runners…*

*10. SEGURIDADE.*

*O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario ("backstage"), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.*

*O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado a desmontaxe e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsables do CONCELLO.*

*Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visible unha acreditación.*

*Dende 30 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por 20 persoas identificables con acreditacións visibles e distribuído da seguinte maneira:*

*1 director do servizo de orde.*
*2 membros DETRÁS DO ESCENARIO.*
*10 membros DIANTE DO ESCENARIO.*
*2 membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.*
*4 membros NO "BACKSTAGE" e CAMERINOS.*

*2 membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA APARCADOIRO, MERCADOTECNIA,...)*
*2 membros: zona de minusválidos.*

*O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC .*

*O CONCELLO comunicaralle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.*

*O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.*

*11. ACTUACIÓN E ENSAIO.*

*11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.*
*Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.*

*11.2. ENSAIO TÉCNICO.*
*O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de 2 horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.*

*11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).*
*A actuación comezará con estricta puntualidade. A apertura de portas ao público producirase ás 21,00 horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do ARTISTA.*

*12. PUBLICIDADE.*
*A AXENCIA editará 1.500 carteis para a difusión deste concerto, que serán distribuidos polo CONCELLO, para o que llos entregará cunha antelación mínima de dez días e 50 dossiers.*

*13. LOCAL DE ACTUACIÓN.*
*O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.*

*Ambas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.*

*E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un so efecto, no lugar e data indicados.*

**52(866).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA

DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez